

Tempo exterior

Terceira etapa
Vol. XXII (I)
nº 43 / Xullo-December 2021
P.V.P. 10 euros

www.igadi.gal

REVISTA DE ANÁLISE E ESTUDOS INTERNACIONAIS

Política Exterior Feminista: perspectivas e desafíos para os seu estudo (II)

Editorial

Desmitificando as políticas exteriores feministas do mundo: o camiño axeitado cara a unha política exterior Arxentina cunha perspectiva de xénero e unha axenda feministas

Mariel R. Lucero

A muller no conflito do Sáhara Occidental

Yolanda Blanco Souto

Diplomacia e xustiza de xénero

Antonio Alejo

Uma abordagem Feminista da inclusión fragmentada do género em matéria de seguranga da União Europeia

María Francisca Gonçalves



As novas familias tras a separación ou divorcio: unha mirada desde o feminismo
Mónica López Viso

COVID-19 e traballadores transfronterizos. Eurocidadáns prexudicados no río Miño e acción local

Xavier Martínez Cobas

Anxela Fernández Callís

Chaves xeopolíticas trala ruptura Alxeria-Marrocos

David Alvarado

Crise en Europa. Unha análise dos casos de Crimea e Donbas

Daniel Prieto de Andrés

Libros

Tempo Exterior

Revista de análise e estudos internacionais

Nº 43 TERCEIRA ETAPA

xullo/décembro 2021

Índice

Editorial 5

MONOGRAFÍA

Desmitificando as políticas exteriores feministas do mundo: o camiño axeitado cara a unha política exterior Arxentina cunha perspectiva de xénero e unha axenda feministas

Mariel R. Lucero 7

A muller no conflito do Sáhara Occidental

Yolanda Blanco Souto 25

Diplomacia e xustiza de xénero

Antonio Alejo 41

Uma abordagem Feminista da inclusión fragmentada do género em matéria de seguranga da União Europeaia

María Francisca Gonçalves 55

MISCELÁNEA

As novas familias tras a separación ou divorcio: unha mirada desde o feminismo

Mónica López Viso 75

COVID-19 e traballadores transfronterizos. Eurocidadáns prexudicados no río Miño e acción local

Xavier Martínez Cobas

Anxela Fernández Callís 87

Chaves xeopolíticas trala ruptura Alxeria-Marrocos

David Alvarado 107

NOTAS DE INVESTIGACIÓN

Crise en Europa. Unha análise dos casos de Crimea e Donbas

Daniel Prieto de Andrés 121

LIBROS 139

Director IGADI: Daniel González Palau.

Fundador e Presidente de Honra do IGADI: Xulio Ríos.

Director Tempo Exterior: Celso Cancela Outeda (Universidade de Vigo).

Consello de Redacción: Alejo, Antonio (Grupo Armela, Universidade de Santiago de Compostela); Diéguez Cequiél, Uxío-Breogán (Cátedra de Memoria Histórica, Universidade da Coruña); Fernández, Belén (Grupo ESOMI, Universidade da Coruña); Galanes, Iolanda (Grupo BiFeGa, Universidade de Vigo); López López, Paulo Carlos (Universidade de Santiago de Compostela); López Mira, Alvaro Xosé (Grupo Observatorio da Gobernanza, Universidade de Vigo); Sande, Diego (Grupo ICEDE, Universidade de Santiago de Compostela); Villarino, Carmen (Grupo Galabra, Universidade de Santiago de Compostela).

Secretaría Editorial: Paula Lamoso González (Grupo Observatorio da Gobernanza, Univ. de Vigo).

Consello Científico: Antunes, Ricardo (Universidade Estadual de Campinas); Bouzas, Ramón (Universidade de Santiago de Compostela), Burbano De Lara, Felipe (FLACSO Ecuador); Caramés, Antía (Universidade da Coruña); Concheiro, Luciano (UAM México); Cornejo, Romer (Colegio de México); Cruz Beja Orrico Horta, Ana Paula (Universidade Aberta de Lisboa); Larson, Jared (Humboldt University); García, Rafael (Universidad Pablo de Olavide); García Segura, Caterina (Universitat Pompeu Fabra); González Laxe, Fernando (Universidade da Coruña), Ismara León De la Rosa, Raquel (Universidad de Puebla), Khader, Bichara (Lovaina University); Lhun, Zhu (Academia de Ciencias Sociais da China, Sección Iberoamérica); Lobo-Fernandes, Luís Filipe (Universidade do Minho); Lois, Rubén (Universidade de Santiago de Compostela); Mathews, Robert (New York University); Oviedo, Eduardo Daniel (Universidad Nacional de Rosario-Argentina); Pereira Muro, Carmen (Texas Tech University); Peruzzotti, Enrique (Universidad Torcuato di Tella); Rivera Ortiz, Ángel Israel (Universidad de Puerto Rico); Ruíz Seisdedos, Susana (Universidad de Jaén); Stavridis, Stelios (Universidad de Zaragoza); Tavares da Silva, Jorge (Universidade de Aveiro); Teijo, Carlos (Universidade de Santiago de Compostela).

Revisión Lingüística: Abraham Díaz López, Adrián Levices, Ainoa Antelo, Beatriz Fariñas, Bruno Pita, Candela Gómez, Carolina Díaz, Cristina Marey, Emilio Pérez, José-Luis Morais, Iria Taibo, Vanessa Conde.

Coordinación científica do número: Paula Lamoso González e Antonio Alejo.

Ilustración de portada: Extracto do monumento a Rosalía de Castro no Porto, do escultor Barata Feyo (Wikipedia, Manuel V. Botelho).

Maquetación e programación edición electrónica: BREO.gal

Edición electrónica: <http://www.igadi.gal/te>

Impresión: Andavira.

Depósito Legal: VG654-1997

ISSN: 1579-6582

ISBN: 9781579658243

Edita: IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional)
Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40, 36003 Pontevedra Tel. +34 600309066.

Correo electrónico: info@igadi.gal



Tempo Exterior é unha publicación semestral elaborada polo IGADI que analiza conflitos e problemas internacionais de certa actualidade. Refundada en 2000, Tempo Exterior abarca todas as tendencias ou correntes do pensamento e conta coa colaboración de especialistas de recoñecido prestixio de destacadas institucións de Galicia e do exterior. Está incluída no LATINDEX, folio 18629, no ISOC-Ciencias Sociales y Humanidades, no índice de Difusión e Calidade Editorial (DICE) de Revistas Españolas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, e en DIALNET.



Esta revista disponibiliza o acceso libre inmediato ao seu contido baixo os principios de apoiar o maior intercambio libre e independente de coñecemento global e visibilizar a Galicia e os estudos internacionais galegos na sociedade internacional.

Versión electrónica do Tempo Exterior nº43 nas linguas orixinais dos artigos recibidos. Podes atopar a versión electrónica en galego na web do IGADI ou subscribirte para que chegue a túa casa, biblioteca, lugar de traballo...



As opinións dos artigos publicados non reflicten necesariamente as do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional e son responsabilidade dos autores

O IGADI, aos efectos previstos no artigo 32.1, párrafo segundo do vixente TRLPI, opónse expresamente a que calquera das páxinas de Tempo exterior, ou partes delas, sexan utilizadas para a realización de resúmenes de prensa. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación da totalidade ou parte das páxinas desta revista soamente poderá ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista na lei. Dirixíxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org), se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta publicación.

Editorial

Seguindo a tendencia que se está a dar nos últimos anos na defensa da dimensión de xénero no ámbito internacional, durante a segunda década do século XXI xurdiu unha das perspectivas máis innovadoras na execución da política exterior: a política exterior feminista. Aínda que a aplicación da perspectiva de xénero ao estudo das Relacións Internacionais non é nova, e mesmo é moi disputada, a Política Exterior Feminista está no inicio do seu desenvolvemento teórico. Por iso, a relevancia e a pertinencia da publicación desta monografía, que dividimos en dous volumes, ten como principal obxectivo contribuír a avanzar no desenvolvemento do estudo da Política Exterior feminista tanto dende a perspectiva teórica como empírica.

Os diferentes traballos reunidos abordan o seu obxecto de estudo dende diferentes perspectivas teóricas e analíticas, aportando unha gran riqueza tanto no que se refire ao propio desenvolvemento da materia, como nas súas conclusións. Metodoloxicamente tamén atopamos diferentes enfoques, particularmente: estudos de casos e estudos comparativos con diferentes niveis de profundidade e crítica.

O segundo volume da monografía, que corresponde ao número 43 da revista *Tempo Exterior*, está formado por 4 artigos que analizan diferentes ángulos da política exterior desde unha perspectiva feminista.

No primeiro dos traballos, Mariel R. Lucero divide a súa contribución en dúas partes. Por unha banda, analiza o papel da muller no panorama internacional, fundamentalmente a partir da pandemia global e, nunha segunda parte, analiza criticamente o concepto de política exterior feminista a través de varios casos prácticos co obxectivo de propor unha alternativa a esta: política exterior de xénero cunha axenda feminista. Por último, aplica este último concepto ao caso da Arxentina. Posteriormente, Yolanda Blanco Souto analiza o papel das mulleres saharauis no conflito do Sahara Occidental. En particular, se se pode falar dun status diferenciado das mulleres musulmás saharauis fronte ao resto das mulleres árabe-musulmás. En terceiro lugar, Antonio Alejo, a partir dos estudos existentes sobre a relación entre xénero e diplomacia, reflexiona, a partir do concepto de xustiza de xénero, sobre como os homes poden contribuír a eliminar a desigualdade neste ámbito. Por último, María Francisca Goncálves examina a “Axenda Muller, Paz e Seguridade” da UE desde unha perspectiva feminista. En concreto, analiza se a UE non se guía pola masculinidade hexemónica na elaboración da política de seguridade e se a aplicación dunha política exterior europea feminista podería ser a solución.

Paula Lamoso González e Antonio Alejo



Concello de Pontevedra

No Concello de Pontevedra mudamos a nosa imaxe para facela máis próxima, máis achegada, sen esquecer os piares da nosa identidade como cidade: a pedra e a auga.

A nova marca municipal está feita na Galiza, para ela, desde Pontevedra, facer medrar o orgullo da cidade e o seu recoñecemento fóra e dentro destas fronteiras.

Desmitificando as políticas exteriores feministas do mundo: o camiño axeitado cara a unha política exterior Argentina cunha perspectiva de xénero e unha axenda feministas

Mariel R. Lucero⁽¹⁾

CERIMA-FCPyS-UNCUYO/UCH

RESUMO: O presente artigo reflexiona sobre o rol das mulleres na política internacional. Debate e expón novos conceptos e fenómenos que xorden nas relacións internacionais, como os de política exterior feminista. En primeira instancia, este traballo esboza o panorama da situación das mulleres no contexto de pandemia actual e na esfera internacional e rexional desde un enfoque multinivel. En segundo lugar, ofrece unha visión crítica do concepto de política exterior feminista e analiza diversos estudos de caso, para retomar unha conceptualización alternativa: a política exterior de xénero cunha axenda feminista. Finalmente, aplícase e proxéctase este concepto no caso da Argentina.

Palabras chave: política exterior feminista, política exterior cunha perspectiva de xénero, axenda feminista, perspectiva feminista nas relacións internacionais, Argentina

RESUMEN: El presente artículo reflexiona sobre el rol de las mujeres en la política internacional, debate y plantea nuevos conceptos y fenómenos que surgen en las Relaciones Internacionales como es el de política exterior feminista. En primera instancia, este trabajo esboza someramente el panorama sobre la situación de las mujeres en el contexto de pandemia actual, en la esfera internacional y regional, desde el multinivel. En un segundo momento, aborda críticamente el concepto de política exterior feminista, y analiza algunos casos de estudio, para retomar una conceptualización alternativa como es la política exterior de género con agenda feminista. Finalmente, se realiza el ejercicio de aplicar y proyectar este concepto para el caso de Argentina.

Palabras claves: política exterior feminista, política exterior con perspectiva de género, agenda feminista, perspectiva feminista en Relaciones Internacionales, Argentina

ABSTRACT: This article reflects on the role of women in international politics. It also discusses and introduces new concepts and phenomena that arise in international relations such as: feminist foreign policy. First of all, this paper briefly outlines the situation of women in the international and regional spheres within the context of the current pandemic following a multilevel analysis. Secondly, it critically addresses the concept of feminist foreign policy through

(1) Profesora adxunta na Universidade Nacional de Cuyo (UNCUyo) e titular na Universidade Champagnat (UCH). Dirixe o Centro de Estudos de Relacións Internacionais e Medio Ambiente (CERIMA) e forma parte do Consello Federal de Estudos Internacionais (CoFEI), da Rede de Políticoólogas #NonSenMulleres e de Políticoólogas en Rede- Mendoza. Está especializada en perspectivas feministas nas RI: mulleres en Defensa e Seguridade e en Diplomacia. mariel_lucero@yahoo.com.ar

the analysis of some case studies in order to provide an alternative conceptualization such as gender foreign policy with a feminist agenda. Finally, this paper applies this concept to analyze the case of Argentina.

Keywords: feminist foreign policy, foreign policy with a gender perspective, feminist agenda, feminist perspective in International Relations, Argentina

1. Contexto e emerxencia das políticas exteriores feministas na pandemia

Nos últimos anos, e en particular desde a aparición do fenómeno da COVID-19, semella que a visibilización (léase só visibilización) das mulleres se está a consolidar mundialmente como variante obrigatoria na xestión analítica do sistema internacional. Isto sucede, por unha banda, a través da promoción das políticas das lideresas de Goberno ou Estado que destacaron por desempeñaren unha xestión eficiente da pandemia: Ángela Merkel, Jacinda Arden, Erna Solberg, Katrín Jacobsdóttir, Mette Fredericksen, Tsai Ing-Wen e Sanna Marin. Desde maio do 2020, estas mulleres ocupan un espazo mediático importante a nivel internacional, tanto en revistas e xornais como nas redes sociais (Solanas, 2020; Wittenberg-Cox, 2020; Rigby, Newey e Gilbert, 2020; Farrar e Rao Gupta, 2020; Nassau, 2020). Outras noticias positivas demostran o incremento da representación feminina, como é o caso chileno que xurdiu o pasado mes de maio. A convocatoria de eleccións constituíntes de constituíntes con cota paritaria encamiña a Chile a ser o primeiro país cunha constitución nacional redactada cunha representación igualitaria, onde mesmo algunhas candidatas deberon renunciar ós seus espazos por excederen a porcentaxe de mulleres establecida neste proceso electoral. Este novo proceso asóciase á representación interseccional, que incluíu un gran número de mulleres novas, ademais de representantes das comunidades orixinarias. Grazas a unha cota paritaria reservada de 17 escanos, as mulleres indíxenas obtiveron 9 asentos. Resta esperar o paso máis importante: o reflexo desta paridade e diversidade na carta magna chilena (Garagay Ramos, 2021; Oliveirais e Rodríguez, 2021; Espinoza, 2021).

Isto sucede nun escenario económico mundial que presenta cifras de descenso superiores ás que houbo durante a construción do mercado internacional na crise do 2008, debido ás medidas proteccionistas que xa se aplicaban a nivel mundial e a unha caída constante do comercio mundial desde o 2018, cando irrompeu a pandemia e acelerouna dramaticamente (WTO, 2020: 18-26). A isto debemos agregar a creba de empresas e o crecemento da desocupación mundial, que afectou os sectores económicos cunha maior vulnerabilidade e participación feminina, especialmente os informais (OIM/CEPAL, 2020).

Neste sentido, e como contraposición ao “éxito feminino”, a pandemia fíxonos cuestionar a continuidade dos roles estereotipados e a sobrecarga nas tarefas de coidado e responsabilidades que recaían, e recaen, sobre as mulleres. Xunto coas tarefas específicas de coidado e os quefaceres domésticos invisibilizados, emerxeron de maneira clara as tarefas loxísticas do fogar (a ama de chaves tradicional), que inclúen principalmente organización doméstica (os horarios de compras, o estudo dos produtos que faltan e a identificación dos lugares de compra), o organigrama e os pagos de servizos e impostos, a organización para o inicio das clases

no caso de ter menores a cargo (os horarios das actividades extraescolares, os horarios de uso de dispositivos con conexión a internet, a loxística do transporte do estudiantado), os horarios de asistencia ao sistema de saúde por vacinacións ou controis rutineiros ou por tratamentos da rapazada, dos adultos maiores ou das persoas discapacitadas, etc.

O fenómeno da COVID-19 socavou a feminización da pobreza, visíbel nos traballos informais desenvolvidos polas xefas do fogar, e viuse agravado en cuestións como a territorialidade, o indixenismo, a etnia e o status de migrante (UN-WOMEN, 2020; OEA-CIM, 2020; Guterres, 2020). Noutras palabras, os esforzos en tarefas de coidado e loxística multiplicáronse e recaeron, unha vez máis, sobre a metade da poboación mundial, nun contexto de teletraballo –nalgúns casos–, de informalidade –en moitos outros– ou de sub ou desocupación –na maioría– (UN-WOMEN/CEPAL, 2020). A isto temos que sumarlle outro elemento negativo presente nesta realidade: o incremento da violencia doméstica, agravado por estar en confinamento cos agresores. Isto leva a cuestionarnos sobre un tema tan medular e sensíbel para feminismo como é a seguridade das mulleres e das identidades non binarias, tanto a nivel nacional como exterior.

En Latinoamérica en particular, a pandemia produciu un escenario de incerteza que retornou a solucións securitistas, agora orientadas ao ámbito sanitario, e xerou un debate sobre a militarización rexional. Por unha banda, espallouse o control sobre a circulación de persoas vinculado ás normas de illamento sobre a poboación e despregouse unha gran presenza militar, instalada tanto nas rúas como nas fronteiras (Diamint, 2021; Medeiros Pasos, 2020). Con todo, estas políticas tamén favoreceron o incremento da violencia física e os abusos por parte das forzas oficiais e policiais contra mulleres, diversas identidades sexo-xenéricas, homes antipatriarcais e, con máis brutalidade, contra persoas migrantes (CIDH, 2021).

Por outra banda, as tarefas de abastecemento de bens á poboación centralizáronse nos corpos militares, tanto a través da produción de materiais para o sector sanitario (máscaras, alcol, etc.) como na redistribución de bens a través do transporte, no marco de programas de axuda fronte a catástrofes e desastres naturais. Isto fainos reflexionar e instalar o debate sobre un concepto de seguridade que inclúa na súa definición a perspectiva de xénero en Defensa e Seguridade (para quen e como exercela) e a súa xestión nunha rexión. As especialistas Rut Diamint (2021) e Loreta Tellería Escobar (2021) expoñen a necesidade de instaurar un diálogo para proxectar e planificar este escenario nunha etapa postpandémica.

O actual panorama de incerteza, con lideresas mundiais destacadas, favoreceu a emerxencia de Estados, interesados en sumarse á “moda violeta”, que adoptaron unha política exterior feminista (PEF) para limpar a súa imaxe e recibir os beneficios asociados a espazos multilaterais internacionais. Este é o caso de España e tamén de México, que lidera o Grupo de Amigos pola Igualdade de Xénero nas Nacións Unidas⁽²⁾ (creado no ano 2020) e planea incorporar máis países a el. O grupo ten como finalidade coordinar accións en favor das mulleres, das nenas e das adolescentes nos foros multilaterais.

(2) Iniciativa lanzada en setembro do 2020 polo chanceler mexicano, Marcelo Ebrard, e que se atopa integrada por Alemaña, Arxentina, Canadá, Chile, Corea, Costa Rica, España, Finlandia, Francia, Gran Bretaña, Irlanda, Xapón, Líbano, Nova Zelandia, Noruega, Países Baixos, Panamá, Suecia, Sudáfrica, Suíza e Uruguai (Secretaría de Relacións Exteriores, Goberno de México, 2021).

Con todo, o país pioneiro no deseño e aplicación da PEF (desde o ano 2014) é Suecia, que se converteu no modelo a seguir. Canadá reproduciu esta orientación en 2017, pero cunha versión limitada, orientada só cara a un asistencialismo feminista do desenvolvemento; noutras palabras, unha PEF parcial. Dado o tempo transcorrido desde o inicio destas políticas exteriores, e fronte a contradicións significativas dos Estados executores, é pertinente preguntarnos a que nos referimos cando falamos dunha política exterior feminista. Aquí, a pregunta obríganos a conceptualizar, porque, ao facelo, politizamos. Como di Celia Amorós, “a eficacia do concepto [...] dá conta da realidade que nomea” (Cobo Bedia, 2005, p. 250).

Para iso, este traballo estrutúrase nunha primeira parte na que se describen as políticas exteriores públicas que deron orixe á PEF sueca e cuestiónase a aplicación destas en diferentes países que as adoptaron. Nunha segunda parte, preséntase o concepto de política exterior cunha perspectiva de xénero (PEPG) e o de política exterior cunha perspectiva de xénero e unha axenda feminista (PEGAF), construídos en traballo colaborativo con Juan Barbas e Dulce D. Chaves (2022). Finalmente, analízase o panorama na Arxentina, para avaliar a probabilidade de aplicación dalgún destes conceptos na política exterior do país.

2. A que nos referimos cando falamos dunha “política exterior feminista”?

Como xa se mencionou, desde o ano 2014 o Goberno sueco propúxose aplicar unha política exterior orientada cara as mulleres, denominada Política Exterior Feminista e elaborada pola Ministra de Asuntos Exteriores, Margot Wallström. Naquel momento, non existían antecedentes epistemolóxicos que desenvolvesen esta idea. A preocupación principal foi empírica: sobre a elaboración e aplicación de políticas públicas. Presentáronse entón as bases da PEF, organizadas baixo tres piares, ou “erres”: *Rights* (dereitos), promoción activa da defensa dos dereitos das mulleres e das nenas a nivel internacional, combatendo toda forma de violencia e discriminación; *Representation* (representación), promoción e aceptación da representación feminina en ámbitos de diálogo e toma de decisións en todos os niveis, tanto na función pública como na sociedade civil, e, en particular, en procesos de paz; e *Resources* (recursos), promoción da asignación de recursos orientados a promover a igualdade de oportunidades e de xénero a nivel mundial. A estes tres piares agregouse un cuarto: *Research* (investigación), referida á investigación empírica, ó estudo de datos e á elaboración de informes como materiais para a formulación da política exterior (Secretaría Xeral do Goberno de Suecia, Ministerio de Asuntos Exteriores, 2019). Estes piares plasmáronse en dous plans de acción do Ministerio de Asuntos Exteriores: do 2014 ao 2018 e do 2019 ao 2022.

Neste sentido, Suecia foi o primeiro país en elaborar unha política exterior feminista e a súa acción concentrouse nas seguintes políticas:

- » a) Impulsar o disfrute pleno dos dereitos humanos.
- » b) Combater toda forma de violencia física, psicolóxica ou sexual sufrida polas mulleres e as nenas.
- » c) Aumentar a participación das mulleres nos procesos de prevención e resolución de conflitos.
- » d) Garantir a representación das mulleres en todos os ámbitos sociais e políticos.

- » e) Avanzar no apoderamento económico das mulleres.
- » f) Asegurar o acceso a dereitos sexuais e reprodutivos.
- » g) Engadir un sétimo obxectivo en 2017, relacionado coa capacitación e formación dos recursos humanos, no seo do Servizo Exterior (Secretaría Xeral do Goberno de Suecia, Ministerio de Asuntos Exteriores de Suecia, 2019).

Este é o “modelo orixinal” que circula e define a PEF. Só presenta unha enunciación de principios e accións, con escasa referencia a un feminismo inclusivo, que na práctica atopa contradicións cos seus postulados. En síntese, esta política exterior feminista tentou obter un golpe de efecto internacional, antes que cambios substanciais e significativos para as mulleres.

3. Desmitificando as políticas exteriores feministas

A referencia á desmitificación ten que ver con quitar o veo do que se esconde tras a enunciación das PEF e coas fortes inconsistencias entre os valores que se promoven, a súa aplicación e os feminismos. Neste sentido, considero que se produce un baleiramento e un utilitarismo do termo feminismo, cunha clara preocupación económica neoliberal sobre a fenda de xénero máis preocupada por incorporar consumidoras ao mercado que pola súa autonomía económica. Doutra banda, na enunciación de políticas destaca a ausencia dun interese pola interseccionalidade, referida tanto ás identidades sexo-xenéricas diversas como ás etnias e ás comunidades orixinarias.

No caso sueco, atopámonos cun Estado que se define como feminista, pero contradí unha das principais bandeiras do feminismo: manter a militancia activa contra o uso da violencia. Neste sentido, Suecia favorece a industria de armamentos (SAAB é unha das máis coñecidas), que a sitúa entre o primeiros quince países do mundo na venda de armas desde o 2016, segundo datos do SIPRI (Wezeman, Kuimova e Wezeman, 2021: 2). Isto favorece distintos tipos de agresións, bélicas ou non, que son unha das causas dos padecementos, que abranguen o empobrecemento e as exclusións que afectan principalmente ás mulleres. Esta mesma situación repítese no Canadá, que ocupa o 17º lugar. As empresas exportadoras de armas nin sequera reciben sancións por parte destes Estados PEF, que se definen como representantes da protección das mulleres. Cabe mencionar que, en ámbolos casos, resulta paradoxal que algúns dos países aos que se lles vende armas sexan aqueles cuxas mulleres reciben logo axuda asistencial. No caso canadense, isto sucede en relación con Afganistán e Bangladesh, aos cales lles vende armas lixeiras e cos que mantén, ao mesmo tempo, políticas de cooperación (Goberno do Canadá, 2019).

O contexto do xurdimento das políticas asistencialistas feministas canadenses permítenos sospeitar sobre as intencións deste país. Cara ó 2017, Canadá comezou a súa estratexia para conseguir os votos necesarios nas Nacións Unidas, fronte á súa postulación como un dos membros rotativos no Consello de Seguridade. Entre os puntos avaliábeis para os países candidatos a ocupar as presidencias, atópanse as políticas de cooperación ao desenvolvemento e as cuestións de xénero. Estas esixencias da ONU, sumadas á percepción positiva de “falar de xénero como algo política e internacionalmente correcto”, presentan á PEF como unha proposta atractiva e funcional, afastada do sistema hexemónico masculino, de impulso da emancipación das mulleres e do crebe de estruturas patriarcais e a prol de reducir a fenda de xénero.

O asistencialismo do desenvolvemento canadense atópase enmarcado na Política Feminista de Asistencia Internacional (FIAP, pola súa sigla en inglés), que sostén en diferentes áreas:

- » 1) A igualdade de xénero e empoderamento de mulleres e nenas.
- » 2) A dignidade humana entendida como igualdade de xénero en acción humanitaria.
- » 3) O crecemento que traballa por todos.
- » 4) O ambiente e a acción climática.
- » 5) A gobernanza inclusiva.
- » 6) A paz e a seguridade (Asuntos Internacionais Canada, 2017).

Segundo a académica Laura Parisi, esta proposta presenta un desenvolvemento centrado nunha base neoliberal e unha seguridade ligada ao económico⁽³⁾ que invisibiliza outras violencias, como son as laborais e as de acoso e abuso físico, como factores de obstaculización do desenvolvemento das mulleres e das diversas identidades sexo-xenéricas. Noutras palabras, a preocupación canadense do desenvolvemento económico internacional e comercial despraza a un segundo plano a seguridade e a paz das mulleres (2020: 2-3).

Canadá promove a inclusión das mulleres desde a cooperación exterior. Porén, a axuda asistencialista proposta reforza os lazos coloniais coas receptoras pasivas da axuda, xa que a maioría dos programas veñen predeseñados desde o Goberno que promove a asistencia. Estes mecanismos de axuda propostos reforzan o estereotipo de división de roles que atribúe ás mulleres unha función pasiva, receptora de programas, e subalterniza a súa capacidade de decisión desde unha estrutura asistencialista e colonizadora que exerce unha dominación dobre sobre as mulleres: polo feito de selo e por pertencer a países periféricos.

Sen entrar en detalle sobre as débedas internas que mantén o Estado do norte coas comunidades e as mulleres nativas no seu territorio, a ONU apertou a Canadá na conformación dunha comisión para a elaboración dun informe sobre o acontecido historicamente nesta poboación⁽⁴⁾. A pesar da presentación final do informe no 2019, en voz do propio Justin Trudeau, isto non modificou as políticas nacionais sobre os pobos e as mulleres orixinarias, como tampouco diminuíu a contaminación ambiental reclamada dos territorios ancestrais sacros, causada por empresas privadas e proxectos avalados polo Goberno, como son o gasoduto Coastal GasLink e a expansión do oleoduto TransMountain (Argueta, 2019; AFP, 2019; Porras Ferreyra, 2020).

Nesta mesma liña, México promove unha política exterior feminista e inclúe os dereitos das comunidades orixinarias, a pesar ser incapaz de impedir a vulneración dos dereitos das mulleres no seu territorio. México é un dos países coa taxa máis alta de feminicidios e transfeminicidios de América Latina, segundo o Índice Paz, Muller e Seguridade (2019). Neste sentido, os últimos comicios de México foron dos máis violentos: asasináronse máis de noventa candidatos/as e políticos/as e houbo máis de duascenas ameazas, segundo o Quinto Informe de Violencia Política en México, realizado pola consultora Etellek (Aresta, 2021). Esta imaxe superficial corrobora a fragilidade na construción da PEF mexicana, cunha preocupante violación

(3) Parisi define o neoliberalismo feminista como un promotor da igualdade de xénero "necesario e bo para o crecemento económico" e o feminismo neoliberal como un promotor dunha "cidadanía de mercado como o camiño primario para adquirir a igualdade de xénero" (tradución propia).

(4) O goberno de Trudeau sentou precedente e aceptou conformar a Comisión da Verdade e da Reconciliación no 2015, para pescudar os abusos cometidos contra as comunidades indíxenas na historia recente canadense.

dos dereitos humanos. De igual maneira, a inacción do Goberno español é preocupante, fronte a un país que figura entre os dez destinos preferidos de turismo sexual a nivel mundial e onde a prostitución representaba o 0,35 % do PIB español no 2016, segundo o Instituto Nacional de Estadísticas (Hernández, 2018). Noutro plano, a actuación máis soada desde a adopción da PEF foi a crise migratoria de Ceuta. Observouse unha gran represión que afectou a mulleres, nenos e nenas e unha desatención por parte do Goberno español en relación á poboación migrante; de feito, a cuestión migratoria é unha das materias pendentes da política exterior española (Associated Press, 2021; Martín, 2021).

Podéramos continuar coas contradicións e incoherencias que presentan estes países, así como sumarlle outros casos de países que teñen políticas exteriores feministas parciais, como Francia ou Luxemburgo, e mesmo partidos políticos con bandeiras que enarboran unha futura acción PEF, como o Partido Laborista inglés. Con todo, o obxectivo principal deste traballo é presentar unha proposta conceptual alternativa que permita articular, xunto coa axenda feminista, unha acción gradual e coherente que teña un impacto real na autonomía das mulleres e na diminución da fenda de xénero.

4. Deconstruíndo o concepto de “política exterior feminista”

A este respecto, e baixo unha perspectiva analítica feminista, a deconstrución da linguaxe é unha das metodoloxías medulares. Por iso, destaco o uso incorrecto da PEF, a súa inconsistencia teórica e a súa dubidosa eficiencia no plano empírico. Neste sentido, a través dun traballo colaborativo, realizado cos meus colegas Dulce Daniela Chaves e Juan Martín Barbas (2022), cuestionamos o concepto de política exterior feminista e presentamos unha proposta alternativa.

En primeiro lugar, o xurdimento do termo “política exterior feminista” prescinde do seu carácter teórico. Elabórase unha listaxe de políticas públicas nun encadramento neoliberal, promovido en países desenvolvidos e nun contexto socio-histórico internacional particular, como é o rexurdimento dos movementos feministas a nivel mundial. Neste sentido, débatese e argumentase a adecuación das políticas exteriores feministas, que nacen sen unha elaboración conceptual e epistemolóxica. Por iso, resulta importante abordar a discusión desde o compromiso e a responsabilidade que implica o uso do termo “feminista”. Este contén na súa diversidade unha converxencia na súa definición que aglutina as loitas históricas das mulleres polos seus dereitos, é de carácter disruptivo e emancipador de opresións hexemónicas e oponse a calquera tipo de violencia.

O segundo aspecto refírese á homoxeneidade outorgada equivocadamente ao concepto do feminismo. A autodenominación da condición de “país cunha política exterior feminista” esixe definir a que feminismo se adhire o Estado, debido á heteroxeneidade existente dentro do movemento feminista. Nalgúns casos, estas diferenzas levan a consideracións diametralmente opostas sobre certas cuestións. Noutras palabras, non é o mesmo adoptar unha perspectiva feminista liberal que unha decolonial, en referencia á cooperación. Por iso, mencionar a PEF non é determinante na definición de como actúa dun país en favor das mulleres.

Un terceiro aspecto, relacionado co teórico, é a apropiación do termo “feminismo” por parte dos Estados, o cal xera un baleiramento do poder subversivo que contén o seu uso. De fei-

to, a construción do Estado é historicamente masculina, onde a norma establécese desde o home e a muller queda na subalteridade, como sosteñen Carole Pateman (1995) e Catherine MacKinnon (1995). Neste sentido, abandeirar unha PEF desde os Estados masculinos hexemónicos resulta pouco confiábel para as suxeitas subalternas. É unha contradición teórico-empírica que precisa unha deconstrución profunda das violencias materiais e simbólicas para ser aceptada. Por iso, hai que manterse alerta dos *bluffs* (enganos), xa que nos atopamos nun período no que se busca domesticar e colonizar o feminismo, como destaca Silvia Federici (2013).

Neste sentido, cuestionamos o que sucede coa perspectiva de xénero e de interseccionalidade no interior dun Estado. Cal é a situación das mulleres nos Estados? O enfoque da perspectiva de xénero permite centrar a análise das problemáticas no recoñecemento dunha relación de subalteridade entre mulleres, homes ou identidades non binarias nos que a identidade sexo-xenérica atravesa todos os niveis sociais e estrutura a división de roles, xerarquizándoa. Noutras palabras, “xeneriza”⁽⁵⁾ as institucións e as organizacións, tanto nos ámbitos públicos como nos privados. Por elo, o manexo (ou desmanexo) da perspectiva de xénero e da interseccionalidade nas políticas públicas domésticas dun Estado permite prever a proxección dunha actuación similar no escenario internacional e, a partir de aí, construír confianza no sistema mundial.

Os Ministerios de Relacións ou de Asuntos Exteriores son unha das institucións masculinizadas máis emblemáticas dentro dun Estado a nivel internacional (a outra é Defensa). Ademais, no seu interior fórmanse os e as axentes encargadas de promover e exercer a política exterior. Por iso, diagnosticar a situación de xénero dentro destas institucións, tanto de maneira descritiva como substantiva, resulta altamente significativa. Escasamente se pode confiar nas PEF dun Estado que descoida os dereitos das mulleres dentro do seu país e non ten unha representación feminina substancial nos Ministerios, que é a institución responsábel desta política exterior.

Outro descoido consiste na implantación das PEF como políticas orientadas cara ás mulleres, deixando fóra as diversidades e identidades sexo-xenéricas non hexemónicas. Os estados tenden a empregar como sinónimos muller e feminismo, e aplican aquí un siloxismo: se falamos de feminismo falamos de mulleres e se falamos de mulleres son heteronormadas; ergo, se falamos de feminismo é heteronormado. Noutras palabras, este siloxismo dá por suposto que a “muller” é branca, cis, heteronormada, clase media; a imaxe construída e definida polo patriarcado. Cae nun esencialismo, que define “a muller” de maneira homoxénea, sen comprender a diversidade, marxinando a interseccionalidade dentro das análises, o cal resulta particularmente necesario se abordamos a cooperación externa.

Finalmente, os feminismos, na súa diversidade, converxen nunha férrea oposición á violencia, tanto física como simbólica. Estes estados retoman os estereotipos de xénero e confunden paz e mulleres con pasividade e sometemento. Neste sentido, descoñece outras opresións e violencias interseccionais que se impoñen sobre as mulleres e identidades sexo-xenéricas diversas, como son o racismo, a pobreza e a relixión. Noutras palabras, a PEF remata por reforzar a imaxe tradicional, que busca desterrar o feminismo, construída en base á división de

(5) Dicimos “xeneriza” para referirnos ao termo inglés *gendering* que entende que “o xénero está presente nos procesos, prácticas, imaxes e ideoloxías e distribución de poder en diferentes sectores da vida social” (Loscocco e Saidel, 2005, p.162).

roles tradicional e recarga a tarefa de construír a paz nas mulleres, alixeirando aos homes das súas responsabilidades como xeradores activos deses conflitos. Noutras palabras, non se pensa nesta PEF na deconstrución masculina nin nas sancións efectivas vinculadas ao accionar violento. Os homes continúan participando nas esferas de máis alto nivel de decisión con sobre-representación. A ambigüidade moral agroma e mentres promoven a participación de mulleres na mediación da paz e ofrecen programas predefinidos de asistencia, venden armamentos ás súas costas, ou manteñen relacións bilaterais estreitas con países con alto grao de violación aos dereitos das mulleres.

5. Construíndo unha política exterior con perspectiva de xénero e axenda feminista

A partir da identificación destas fortes contradicións e ambigüidades no uso da política exterior feminista xorde esta proposta colaborativa, elaborada con Chaves e Barbas que destaca a importancia de pór o acento no achegamento á política exterior desde unha perspectiva de xénero, con gradualidade na súa aplicación e axenda feminista (2022). Neste sentido a proposta aséntase no desenvolvemento construído por Ana Laura Rodríguez Gustá (2008) no camiño á elaboración de políticas transversais ao xénero en referencia á administración pública.

Neste sentido, a proposta dunha política exterior con perspectiva de xénero (PEPG) sería un primeiro chanzo, un primeiro achegamento en temáticas onde o país teña *expertise* nas súas políticas públicas externas desde unha ollada de xénero. Presupón en primeiro lugar, un desenvolvemento doméstico en materia de políticas de xénero en diversos ámbitos e institucións. En segundo lugar, o deseño e formación de diplomáticos/as con esta perspectiva e a xeración de mecanismos de interacción desde a Cancillería de espazos públicos inclusivos onde interactúe en forma xerminal, as ONG, organizacións civís e de base na elaboración dalgunhas cuestións puntuais de política exterior para darlle a interseccionalidade necesaria. En último termo, enfocariase só nalgúns temas ou cuestións de política exterior (Chaves, Barbas e Lucero, 2022).

O segundo chanzo incorporaría a política exterior de xénero con axenda feminista (PE-GAF), entendida como unha axenda dinámica e diversa nas súas propostas. Sería a instancia de política pública máis avanzada, en termos de elaboración inclusiva e aplicabilidade na realidade, que tentaría abarcar todas as esferas ou cuestións en materia de política exterior. Isto implica unha interacción moito máis fluída e articulada cos diversos axentes en materia de xénero e de interseccionalidade, cunha participación de base maior e construción de mecanismos de interacción permanentes (Chaves, Barbas e Lucero, 2022).

Finalmente, a política exterior feminista é o último chanzo, a utopía que guía o camiño, como sinala Eduardo Galeano. Noutras palabras, é difícil ou imposíbel de concretar, por iso a necesidade de crear e aplicar outros conceptos que se articulen no empírico. No traballo colaborativo consideramos que “unha política exterior feminista é aquela que teoriza e leva á práctica accións emancipatorias para axentes vulnerabilizadas/os no escenario global, sen descoñecer o contexto macroeconómico e cultural no cal se inscriben as desigualdades que se tentan eliminar” (Chaves, Barbas e Lucero, 2022).

6. O camiño aplanado para iniciar unha política exterior con perspectiva de xénero en Arxentina

Considero que Arxentina, en base ás conceptualizacións explicadas, presenta o desenvolvemento histórico de políticas cara ao interior e exterior que lle permiten enunciarse unha PEPG, se fose esa a súa intención. Para identificar os elementos característicos deste concepto abordamos a análise a partir de catro eixos: o primeiro, centrado na política nacional en función á perspectiva de xénero que pon énfase en particular na Cancillería ou no Ministerio de Exteriores; o segundo, cimentado nos dereitos humanos; o terceiro, sostense na experiencia construída coa participación de mulleres nos cascos azuis e o desenvolvemento da perspectiva de xénero dentro de Defensa e Seguridade; e a última, a recuperación do multilateralismo, rexional e internacional, con perspectiva de xénero e interseccionalidade.

Respecto do primeiro eixo, o país está traballando nesta dirección desde hai varios anos, e o movemento feminista arxentino foi o promotor dos devanditos cambios. Como exemplo podemos enunciarse as leis de discriminación positiva ou Lei de cupo N° 24.012 de 1991, substituída pola Lei de paridade N°27.412 no 2017; o impulso dado polo movemento Nin Unha Menos desde o 2015 á loita contra calquera manifestación da violencia contra as mulleres, que xeraría a creación de distintos protocolos sobre abuso e acoso sexual e laboral ao interior de diferentes institucións, sumados ao actual reclamo dunha xustiza de xénero; a creación da Lei Micaela e a Lei brisa⁽⁶⁾; a Lei de educación sexual integral (ESI) N°26.150 de 2006; a Lei de interrupción voluntaria do embarazo (IVE) N°27.610 do 2020 e distintas políticas de saúde para as mulleres; incluíndo o recentemente creado “Programa integral de recoñecemento de período de servizos por tarefas de coidado” (Barón, 2021) e a creación do Ministerio das Mulleres en 2019, entre outras tantas políticas. Estes son algúns dos fitos que nos permiten identificar unha continuidade en materia de políticas de xénero, de carácter representativo e substantivo en Arxentina que apoian a súa proxección internacional.

Neste sentido, corresponde relevar ao estado da cuestión de xénero na Cancillería arxentina e a relación coas funcionarias diplomáticas. A relación de desconformidade fíxose notoria ao comezo do goberno de Alberto Fernández, cando se presentou unha solicitude elevada pola Rede de Diplomáticas Arxentinas (RedDA) - creada o 27 de xaneiro de 2020 e composta por máis de 300 funcionarias diplomáticas. Elas reclamaban a implantación do Punto Focal de Xénero (FOGENE), elaborado baixo a xestión da ministra de Relacións Exteriores, Comercio Internacional e Culto, Susana Malcorra. O diagnóstico de xénero contiña unha serie de propostas políticas para reducir a fenda entre homes e mulleres na Cancillería. En consecuencia, a primeira medida do goberno actual modificou a linguaxe sexista, incorporando a denominación feminina das escalas (embaixadora, ministra, conselleiras, secretarías, consulesas) e aumentou a representación de consulesas e embaixadoras no exterior, en concordancia coas propostas presentadas (TELAM, 2020).

(6) A Lei Micaela (N° 26.499) ou Lei de capacitación obrigatoria en xénero e violencia de xénero para todo o persoal da administración pública foi sancionada no ano 2019 e a Lei Brisa (N°27.452) ou Lei de reparación económica para fillas e/ou fillos de vítimas de femicidio, no ano 2018.

Doutra banda, a Dirección de Muller e Asuntos de Xénero (DIJER), recuperou o seu status dentro do organigrama ministerial. Desde a súa creación nos anos noventa sufriu diferentes denominacións e reordenamentos na xerarquía dentro do organigrama da Cancillería argentina, coas oscilacións e obstáculos consecuentes referidos á dispoñibilidade de recursos, tanto económicos como humanos, para desempeñar as funcións de enlace interno e participación nos diversos foros multilaterais internacionais. As medidas adoptadas apuntan non só a alcanzar unha paridade representativa senón unha substantiva que contribúa a reducir as fendas de xénero e rachar o famoso “teito de cristal”.

Neste sentido, persisten certas debilidades e débedas na representación das funcionarias diplomáticas e preséntanse algunhas das seguintes recomendacións: a paridade na composición dos tribunais e avaliadores, tanto de ingreso ao ISEN como de ascenso na carreira; a revisión das normativas que atrasan nun ano os ascensos debido ás licenzas por excedencia -a diferenza do que sucede no resto da administración pública; a incorporación dunha normativa de cota feminina do 30 % para xefas de misión diplomática, co fin de romper o teito de cristal nunha proxección a 25 anos⁽⁷⁾. Esta proposta constrúoa con referencia ao gráfico 1, onde se destaca a tendencia no ingreso de mulleres á carreira diplomática nas últimas case tres décadas. Aínda que o gráfico móstranos que a tendencia desde 1995 é superior ao 30 % e chega na actualidade ao 40 %, isto non se viu reflectido nos ascensos nas escalas superiores, que alcanzan só ao 20 % das funcionarias. Por outra banda, en 2020, de acordo cos datos obtidos da páxina do Ministerio, só o 15 % lograron ser xefas de misión diplomática, é dicir que a embaixadoras ocupando o cargo de responsábel de embaixadas diminúe á metade do número representativo que a tendencia nos mostra (Ministerio de Relacións Exteriores, Comercio Internacional e Culto, Argentina, 2020).

Gráfico 1: Tendencias da porcentaxe de mulleres egresadas do Instituto do Servizo Exterior da Nación desde 1995 a 2021



Fonte: elaboración propia construída en base a información sobre egresados e egresadas proporcionada polo ISEN.

(7) A cantidade de anos proposta toma como referencia o ano 2000 (punto 6 no Gráfico 1) desde o cal a tendencia de ingreso ao ISEN alcanzou unha cifra de incorporación de mulleres superior ao 40 % no ingreso que aínda mantén pero que non se reflicte nas escalas superiores nin nos cargos.

Doutra banda, o segundo eixo atópase asentado na defensa dos dereitos de mulleres, nenos e nenas e identidades non hexemónicas, onde o país conta cunha traxectoria internacional recoñecida, especificamente en materia de dereitos humanos. Neste tema Argentina liderou a política de erradicación da impunidade dos crimes de lesa humanidade perpetrados durante o terrorismo de Estado a través do seu exemplar xuízo ás Xuntas, e o restablecemento de netos e netas de desaparecidos/as apropiados en forma ilegal en acompañamento ao traballo de Avoas, Nais e Fillos de Praza de Maio. Máis aló destas políticas, o país presenta unha alta taxa de ratificación de tratados en materia de Dereitos Humanos e unha activa participación en organismos internacionais e rexionais (Pauselli, 2014). En estreito vínculo cos dereitos humanos, a cuestión migratoria tórnase nun dos principais aspectos urxentes a abordar desde a perspectiva de xénero, tendo presente que unha vez que as barreiras de circulación levántense, a emerxencia das e os migrantes ocupará unha localización central na axenda internacional, xunto á exacerbación dalgúns países de tradición xenófoba.

Un terceiro eixo oriéntase cara a cuestións de seguridade, onde a deconstrución resulta central para incluír a perspectiva de xénero. Arxentina tamén conta con antecedentes en defensa, onde traballan esta perspectiva desde aproximadamente o ano 2005, tanto na formación do persoal como nas normativas superadoras de tradicións patriarcais (como os permisos de casamento, creación de observatorios de xénero no interior das forzas armadas e de seguridade, entre moitas outras) e modernizadoras que permiten o ingreso de mulleres en todos os corpos, armas e especialidades (Lucero, 2009; Masson, 2020). Esta experiencia vese reflectida na participación de mulleres en misións de paz, na adopción da Resolución 1325 de ONU e as sete resolucións subsecuentes á área de Defensa e Seguridade. A iso sumamos as experiencias positivas en materia de cooperación militar sudamericana, como o proxecto Cruz do Sur con Chile, impulsado entón por dúas presidentas e as experiencias de traballo no Comité de Defensa de UNASUR.

Este eixo esixe a tarefa coordinada entre Política Exterior e Defensa, onde ambas áreas traballan a perspectiva de xénero. Neste sentido, o desafío preséntase na articulación nos foros, como pode ser o do cambio climático en cuestións como xestión de risco, e onde as problemáticas asociadas ao acceso á auga e a soberanía alimentaria resultan centrais na actual axenda local, rexional e internacional, incorporando unha ollada de xénero. Neste punto é vital articular mecanismos que sumen a interseccionalidade rural e indíxena á construción das propostas.

Finalmente, a experiencia e efectividade no traballo conxunto rexional en ámbitos multilaterais, como foron a experiencia Contadora e Unasur, e como é Mercosur, por mencionar só algúns, é outro dos elementos a rescatar. Resulta fundamental aquí incorporar capítulos de xénero en ámbitos non tradicionais, como son o enerxético, financeiro, de tecnoloxía dixital, etc., máis aló do traballo logrado en foros específicos de mulleres (Comisión Interamericana de Mulleres; Reunión de Ministras e Altas Autoridades do Mercosur; etc.). Recuperar a memoria rexional de construción de confianza mutua e cooperación naquelas experiencias coordinadas exitosas tórnase urxente. Neste sentido, retomar a idea de construír unha autonomía relacional con perspectiva de xénero é central (Russell e Tokatlian, 2002).

Neste punto, dada a urxencia do contexto sanitario rexional, un primeiro aspecto a traballar é a coordinación en saúde, que conta con antecedentes positivos como as campañas fronte

ao Dengue e a Chikungunya, que afectaron particularmente a mulleres embarazadas, nenas e nenos, e cuxa experiencia serve de base para afrontar a cuestión Covid-19. O segundo aspecto, desde Latinoamérica, é avanzar en bloque sobre a adopción de medidas sociais e económicas contra a pandemia con sensibilidade de xénero, onde Arxentina é un dos países que lideran a nivel global, conforme mostran as estatísticas do Programa para o Desenvolvemento de Nacións Unidas (UNDP), cuxa práctica pode ser un insumo beneficioso para a rexión (Peker, 2020).

Primeiras conclusións

A partir da análise desagregada dos diferentes países con “política exterior feminista”, podemos soste que as contradicións nos Estados que as implantan impiden velas como propostas sólidas que apunten á emancipación das mulleres. Isto xera un baleiro de contido que, polas discordancias sostidas entre a enunciación e a práctica, resulta pouco eficiente. O termo, construído na empiria, presenta vulnerabilidades que mesmo até poderían pór data de caducidade á proposta cos cambios de goberno. Neste sentido, os novos conceptos de política exterior con perspectiva de xénero e o de política exterior con perspectiva de xénero e axenda feminista, constrúense cunha perspectiva de longo prazo, e flexibilidade ao uso gradual do termo, permitindo os axustes necesarios, brindando confianza no plano internacional nun achegamento a políticas de emancipación real das mulleres e diversidade sexo-xenérica.

Así as cousas, Arxentina atópase en condicións de definir a súa política exterior cunha perspectiva de xénero. Por unha banda, o país presenta os cimentos internos establecidos desde fai un par de décadas en materia de políticas de xénero que o converten en líder rexional. Resta avanzar na implantación do FOGENE en institución diplomáticas e o inicio das actividades do Observatorio de Xénero dentro da Cancillería para reducir a fenda de xénero e formas a funcionarios e funcionarias en materia de xénero.

Por outra banda, na proxección externa do país, o fortalecemento do eixo de dereitos humanos pode ampliarse cara ás mulleres e identidades sexo-xenéricas diversas de migrantes; súxírese continuar co desenvolvemento e a reestruturación de mecanismos de articulación e fluidez de políticas en materia de seguridade e defensa con perspectiva de xénero, como a continuidade na participación en cascos azuis, principalmente a nivel rexional e finalmente fortalecer o multilateralismo rexional fortemente ancorado no xénero e a interseccionalidade. A énfase en desenvolver esta perspectiva está posta en aproveitar as vantaxes e a experiencia de Arxentina nos diferentes foros e profundar o seu accionar con perspectiva de xénero, para logo estendelo cara a outros temas e construír algunhas cuestións da axenda externa coa participación de axentes do ámbito civil e do movemento feminista en pos da igualdade de xénero e a emancipación das mulleres.

Referencias bibliográficas

- AFP, Ottawa (4 de xuño de 2019). Las mujeres indígenas de Canadá fueron víctimas de un “genocidio” silencioso según una investigación. *El Mundo*. Obtido de <https://www.elmundo.es/internacional/2019/06/04/5cf61beafc6c83495b8b47eb.html>
- Associated Press (19 de maio de 2021). ¿Cómo estalló la crisis migratoria en Ceuta? ¿Qué sucederá a los migrantes? Aquí la explicación. *Chicago Tribune en español*. Obtido de <https://www.chicagotribune.com/espanol/sns-es-como-estallo-la-crisis-migratoria-en-ceuta-20210519-fehh6ye4pvbr5m6s6236fa3jny-story.html>
- ARGUETA, Aina (28 de novembro de 2019). Canadá tiene una deuda pendiente con los indígenas. *La Vanguardia*. Obtido de <https://www.lavanguardia.com/internacional/20191128/471925241171/canada-indigenas-indios-deuda-trudeau-internados-maltratos.html>
- ARISTA, Lidia (5 de xuño de 2021). Con 90 políticos asesinados, en 2021, la campaña más violenta desde el 2000. *Decisión 2021*. Obtido de <https://politica.expansion.mx/mexico/2021/06/05/voces-90-politicos-asesinados-en-2021-las-campanas-mas-violentas-desde-2000>
- BARÓN, Camila (30 de maio de 2021). ¿Por qué el programa Integral de Reconocimiento de Períodos de Servicio por Tareas de Cuidado es una gran noticia? *Página12*. Obtido de <https://www.pagina12.com.ar/344487-por-que-el-programa-integral-de-reconocimiento-de-periodos-d>
- CHAVES, Dulce Daniela; BARBAS, Juan Martín e LUCERO, Mariel R. (2022). Problematicar y deconstruir el concepto hegemónico de Política Exterior Feminista desde el Abya Yala. Acercamiento hacia una propuesta de gradualidad en la implementación. *Revista Relaciones Internacionales (UAM)*, 49, pp.71-92). Obtido de <https://revistas.uam.es/relacionesinternacionales/article/view/14003/14597>
- COBO BEDIA, Rosa (2005). El género en las Ciencias Sociales. *Cuadernos de Trabajo Social*, 18, pp. 245-258.
- CIDH (01 de abril de 2021). La CIDH llama a los Estados de la región a adoptar políticas migratorias y de gestión de fronteras que incorporen un enfoque de derechos humanos. Comunicado de prensa. Obtido de <http://www.oas.org/es/cidh/jsForm/?File=/es/cidh/prensa/comunicados/2021/082.asp>
- DIAMINT, Rut (24 de marzo de 2021). Predilecciones autoritarias: el papel de los militares en América Latina. Real Instituto Elcano. Ari 37/2021. Obtido de http://www.realinstitutoelcano.org/wps/portal/rielcano_es/contenido?WCM_GLOBAL_CONTEXT=/elcano/elcano_es/zonas_es/ari37-diamint-predilecciones-autoritarias-papel-de-militares-en-america-latina
- ESPINOZA, Camilo (18 de maio de 2021). Estos son los 17 representantes de los pueblos originarios que lideraron la votación a la Convención Constituyente. *Nodal*. Obtido de <https://www.nodal.am/2021/05/chile-estos-son-los-17-representantes-de-los-pueblos-originarios-que-lideraron-la-votacion-a-la-convencion-constituyente/>
- FARRAR, Jeremy e RAO GUPTA, Geeta (03 de abril de 2020). Why we need women’s leadership in the COVID-19 response. *World Economic Forum*. Obtido de <https://www.>

- iknowpolitics.org/es/node/60110
- FEDERICI, Silvia (2013). Rumbo a Beijing ¿Cómo las Naciones Unidas colonizaron el movimiento feminista? *Revista Contrapunto*, 5. Obtido de <https://pim.udelar.edu.uy/wp-content/uploads/sites/14/2017/03/Revista-Contrapunto-5.pdf>
- GUTERRES, António (2020). *Informe de políticas: Las repercusiones de la COVID-19 en las mujeres y las niñas*. Naciones Unidas. Obtido de https://www.un.org/sites/un2.un.org/files/informe_guterres_covid_mujeres.pdf
- GARAGAY RAMOS, Julieta (26 de maio de 2021). Chile y el triunfo de las mujeres en la Convención Constituyente. *Escritura Crónica*. Obtido de <https://escrituracronica.com/chile-y-el-triunfo-de-las-mujeres-en-la-convencion-constituyente/>
- Global Affairs Canada, Canada Government (2017). *Canada Feminist International Assistance Policy*. Obtido de https://www.international.gc.ca/world-monde/issues_development-enjeux_developpement/priorities-priorites/policy-politique.aspx?lang=eng&_ga=2.104571011.280124946.1624204714-991390892.1624204714
- Government of Canada (2019). *Report on Exports of Military Goods from Canada*. Obtido de <https://open.canada.ca/data/en/dataset/0e94c5fd-42f1-4839-80e1-9a96e76c7cc0>
- HERNÁNDEZ, María (01 de setembro de 2018). La actividad de prostitución supone el 0,35% del PBI nacional. *El Mundo*. Obtido de <https://www.elmundo.es/espana/2018/09/01/5b8990cb46163f05758b45e2.html>
- LOSCOCO, Judith e SAIDEL, Karyn (2005). Agency Leaders, Gendered Institutions, and Representative Bureaucracy. *Public Administration Review*, 65 (2), pp.158-170.
- LUCERO, Mariel R. (2009). Las mujeres en las Fuerzas Armadas Argentinas. Breve análisis sobre su participación y estado actual de la situación. *UNISCI*, 20, pp.36-49.
- MACKINNON, Catherine (1995). *Hacia una teoría feminista del Estado*. Madrid: Ed. Morata.
- MARTÍN, María (20 de maio de 2021). ¿Qué está pasando en Ceuta? Claves de la crisis migratoria entre España y Marruecos, *El País*. Obtido de <https://elpais.com/espana/2021-05-19/que-esta-pasando-en-ceuta-claves-de-la-crisis-entre-espana-y-marruecos.html>
- MASSON, Laura (comp.) (2020). *Militares argentinas: evaluación de políticas de género en el ámbito de la Defensa*. Buenos Aires: Universidad de la Defensa.
- MEDEIROS PASSOS, Anais (06 de febreiro de 2021). La militarización en América Latina en tiempos de COVID, *The Conversation*. Obtido de <https://theconversation.com/la-militarizacion-en-america-latina-en-tiempos-de-covid-19-154781>
- Ministerio de Relaciones Exteriores, Comercio Internacional y Culto, Gobierno de Argentina (2021). Embajadas y consulados. Ministerio de Relaciones Exteriores, Comercio Internacional y Culto, Gobierno de Argentina. Obtido de <https://www.cancilleria.gob.ar/representaciones>
- NASSAU, Julieta (22 de abril de 2020). Coronavirus: las razones detrás del éxito de líderes mujeres en la lucha contra el brote. *La Nación*. Obtido de <https://www.iknowpolitics.org/es/learn/knowledge-resources/coronavirus-las-razones-detr%C3%A1s-del-%C3%A9xito-de-l%C3%ADderes-mujeres-en-la-lucha>

- OEA/CIM (2020). *Las repercusiones de la COVID-19 en la vida de las mujeres: Emergencia global de los cuidados*. Obtido de <http://www.oas.org/es/cim/docs/CuidadosCOVID19-ES.pdf>
- OIM/CEPAL (2020). *Mujeres migrantes en el contexto de la pandemia*. Obtido de https://robuenosaires.iom.int/sites/robuenosaires/files/Informes/N-11-Mujeres_Migrantes_en_el_Contexto_de_la_Pandemia.pdf
- OLIVARES, Eduardo e RODRÍGUEZ, Cristián (17 de maio de 2021). *Paridad efectiva, RD más que PC, 56 alcaldes menos de derecha: los datos de las elecciones*. Obtido de <https://www.pauta.cl/politica/empate-paridad-genero-convencion-constitucional-datos-clave>
- PATEMAN, Carole (1995). *El contrato sexual*. Barcelona: Anthropos.
- PARISI, Laura (2020). Canada's New Feminist International Assistance Policy: Business as Usual? *Foreign Policy Analysis*, 0, 1-18, DOI: 10.1093/fpa/orz027
- PAUSELLI, Gino (1 de abril de 2014). La política exterior argentina de derechos humanos. *Foreign Affairs Latinoamérica*. Obtido de <https://revistafal.com/la-politica-exterior-argentina-de-derechos-humanos/#prettyPhoto>
- PEKER, Luciana (01 de agosto de 2020). Argentina primera en el ranking de la ONU de países que implementaron medidas con perspectiva de género en la pandemia. *Infobae*. Obtido de <https://www.infobae.com/sociedad/2020/08/01/argentina-primera-en-el-ranking-de-la-onu-de-paises-que-implementaron-medidas-con-perspectiva-de-genero-en-la-pandemia/>
- PORRAS FERREYRA, Jaime (12 de febrero de 2020). Los 670 kilómetros de gasoducto que enfurecen a los indígenas de Canadá, *El País*. Obtido de https://elpais.com/sociedad/2020/02/12/actualidad/1581476270_001107.html
- Presidencia de la Nación, Sindicatura General de la Nación (7 de maio de 2021). Reunión de trabajo entre el Observatorio de Políticas de Género y la Dirección de la Mujer y Asuntos de Género de la Cancillería. Obtido de <https://www.argentina.gob.ar/noticias/reunion-de-trabajo-entre-el-observatorio-de-politicas-de-genero-y-la-direccion-de-la-mujer>
- RIGBY, Jennifer; NEWHEY, Sarah e GILBERT Dominic (28 de abril de 2020). Why Do Female Leaders Seem So Good at Tackling the Conavirus Pandemic? *The Telegraph*. Obtido de <https://www.telegraph.co.uk/global-health/science-and-disease/do-female-leaders-seem-good-tackling-coronavirus-pandemic/>
- RODRÍGUEZ GUSTÁ, Ana Laura (2008). Las políticas sensibles al género: variedades conceptuales y desafíos de intervención. *Temas y debates* 16, pp.109-129.
- RUSSELL, Roberto e TOKATLIAN, Juan Gabriel (2002). De la autonomía antagónica a la autonomía relacional: Una mirada teórica desde el Cono Sur. *Perfiles Latinoamericanos*, 21, pp. 159-194.
- Secretaría de Relaciones Exteriores, Gobierno de México (31 de marzo de 2021). *Grupo de amigos y amigas por la igualdad de género*. Comunicado n.º160. Obtido de <https://www.gob.mx/sre/prensa/grupo-de-amigos-y-amigas-por-la-igualdad-de-genero?idiom=es>
- Secretaría General del Gobierno de Suecia, Ministerio de Asuntos Exteriores, (2019). *Manual Política Exterior Feminista de Suecia*. Obtido de <https://www.government.se/492c36/contentassets/fc115607a4ad4bca913cd8d11c2339dc/handbook---swedens-feminist-foreign->

policy---spanish.pdf

SOLANAS, María (13 de maio de 2020). *Liderazgos (y género) en tiempos de COVID-19*.

Blog del Real Instituto Elcano. Obtido de <https://blog.realinstitutoelcano.org/liderazgos-y-genero-en-tiempos-de-covid-19/>

TELAM (15 de xullo de 2020), Cancillería en su política de género con designaciones de consulesas. *TELAM digital*. Obtido de <https://www.telam.com.ar/notas/202007/489822-cancilleria-avanza-en-su-politica-de-genero-con-designaciones-de-consulesas-y-embajadoras.html>

TELLERÍA ESCOBAR, Loreta (7 de maio de 2021). La militarización de la agenda de seguridad regional. *Nuestra América XXI. Desafíos y alternativas*. Obtido de <https://nuestraamericaxxi.com/2021/05/07/la-militarizacion-de-la-agenda-de-seguridad-regional/>

UN Women (2020). *From Insights to Action. Gender Equality in the Wake of COVID-19*.

Obtido de <https://www.unwomen.org/-/media/headquarters/attachments/sections/library/publications/2020/gender-equality-in-the-wake-of-covid-19-en.pdf?la=en&vs=5142>

UN Women/CEPAL (2020). *Cuidados en América Latina y el Caribe en tiempos de COVID-19. Hacia sistemas integrales para fortalecer la respuesta y la recuperación*. Obtido de https://repositorio.cepal.org/bitstream/handle/11362/45916/190829_es.pdf

WEZEMAN, Pieter; KUINOVA, Alexandra e WEZEMAN, Siemon (March 2021). Trends in International Arms Transfers, 2020. *SIPRI Facts Sheet*. Obtido de https://www.sipri.org/sites/default/files/2021-03/fs_2103_at_2020_v2.pdf

WIITENBERG-COX, Avivah (13 de abril de 2020). What Do Countries with The Best Coronavirus Responses Have In Common? Women Leaders. *Forbes*. Obtido de <https://www.forbes.com/sites/avivah-wiitenberg-cox/2020/04/13/what-do-countries-with-the-best-coronavirus-responses-have-in-common-women-leaders/> (forbes.com)

World Trade Organization (2020). *World Trade Statistical Review 2020*. Obtido de https://www.wto.org/english/res_e/statis_e/wts2020_e/wts2020chapter03_e.pdf

RIO MINHO 2030



O TERRITORIO DO RÍO MIÑO AVANZA CARA AO 2030

XORNADA DE TRABALLO PARA A PREPARACIÓN DE PROXECTOS PARA O NOVO

MARCO FINANCEIRO EUROPEO 2021-2027. TUI, MARZO DE 2022

A muller no conflito do Sáhara Occidental

Yolanda Blanco Souto⁽¹⁾

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Este artigo pretende examinar a cuestión de se é posíbel falar dun status diferenciado das mulleres musulmás saharauís fronte ao resto das mulleres árabemusulmás e en que medida este status estivo influído polo conflito do Sáhara Occidental. A loita pola descolonización do territorio do Sáhara Occidental facilitou o salto cuantitativo que deron as mulleres saharauís dos campamentos, do territorio ocupado e da diáspora para poder participar en condicións de igualdade xunto ao home musulmán saharauí. Con todo, estas conquistas atópanse constantemente ameazadas pola consideración da muller segundo o dereito islámico ou segundo algunhas interpretacións do dereito islámico maioritarias na teoloxía, tanto máis influente canto menor é a necesidade da participación da muller nunha situación sen conflito activo.

Palabras clave: Mulleres; mundo árabe-musulmán; dereito islámico; Sahara occidental; Marrocos; proceso de paz; MINURSO.

RESUMEN: Este artículo pretende examinar la cuestión de si se puede hablar de un status diferenciado de las mujeres musulmanas saharauis frente al resto de las mujeres árabo-musulmanas, y en qué medida este status ha estado influido por el conflicto del Sahara Occidental. La lucha por la descolonización del territorio del Sahara Occidental ha facilitado el salto cuantitativo que han dado las mujeres saharauis de los campamentos, del territorio ocupado y de la diáspora para poder participar en condiciones de igualdad junto al hombre musulmán saharauí. Sin embargo, estas conquistas se hayan constantemente amenazadas por la consideración de la mujer según el Derecho islámico o según algunas interpretaciones del Derecho islámico mayoritarias en la teología, tanto más influyente cuanto menor es la necesidad de la participación de la mujer en una situación sin conflicto activo.

Palabras clave: Mujeres; mundo árabe-musulmán; derecho islámico; Sahara occidental; Marruecos; proceso de paz; MINURSO.

Abstract: This article aims to examine the question of whether it is possible to speak of a different status of Muslim Sahrawi women compared to the rest of Arab-Muslim women, and to what extent this status has been influenced by the conflict in Western Sahara. The struggle for the decolonization of the territory of Western Sahara has facilitated the qualitative leap that Sahrawi women from the camps, the occupied territory and the diaspora have taken to be able to participate on an equal basis with the Sahrawi Muslim men. However, these conquests have been constantly threatened by the consideration of women according to Islamic Law or some of

(1) Diplomada en Relacións Laborais e máster en Xestión e Dirección Laboral. Doutoranda en Dereito pola USC. Membro do Centro de Estudos sobre o Sáhara Occidental (USC). Coautora do libro *El Sáhara Occidental. Prontuario jurídico. 15 enunciados básicos sobre el conflicto*, publicado en español, inglés e francés, e autora doutras publicacións sobre a cuestión do Sáhara Occidental. yolanda.blanco.souto@usc.es

its interpretations enjoying majoritarian support, the more influential the less the need for the participation of women in a situation without active conflict.

Keywords: Women; Arab-Muslim world; Islamic law; Western Sahara; Morocco; peace process; MINURSO.

RESUMO: Este artigo tem como objetivo examinar a cuestión de saber se é possível falar de un status diferente das mulleres muçulmanas saharauís em comparación com ou resto das mulleres árabes-muçulmanas, e em que medida esse status foi influenciado polo conflito non Saara Occidental. A luta pola descolonización do territorio do Saara Occidental facilitou ou salto quantitativo que as mulleres saharauís dous campos, do territorio ocupado e da diáspora deram para poderem participar en igualdade de condicións con ou home muçulmano saharauí. Non entanto, esas conquistas têm sido constantemente ameazadas pola consideración das mulleres de acordo com a Lei Islámica, quanto mais influente menos a necesidade da participación das mulleres numa situación sem conflito ativo.

Palavras-chave: Mulleres; mundo árabe-muçulmano; lei islámica; Saara Occidental; Marrocos; proceso de paz; MINURSO.

1. Introducción

O papel da muller no mundo islámico foi obxecto de infinidade de estudos, debates e reflexións. Estes traballos non sempre se emprenderon desde uns puntos de partida obxectivos e realistas, o que fixo que en ocasións se chegase a conclusións pouco atinadas. Dentro do estudo da muller no islam, un dos temas que máis publicacións mereceu foi o da muller do Sáhara Occidental —a muller saharauí—, que ofrece puntos de converxencia con algunhas das experiencias das mulleres de certos países musulmáns. Menos atención, quizais, mereceu a reflexión sobre as mulleres no Sáhara Occidental —que poden ser mulleres saharauís, marroquí ou doutra orixe—. De feito, hai estudos sobre a muller *saharauí* que non analizan certos aspectos sobre a muller *no* Sáhara Occidental. Neste traballo quero achegar algunhas ideas para unha aproximación ao tema desde unhas bases o máis sólidas posíbel.

Para iso, en primeiro lugar, cómpre lembrar unha vez máis a necesidade de non considerar todo o mundo árabemusulmán como algo homoxéneo; así mesmo, é preciso pór de manifesto cal é o status da muller na relixión islámica, como condicionante necesario a partir do que poder introducir certas matizacións. A continuación, farei un breve achegamento á situación da muller en distintos espazos árabemusulmáns, chamando a atención sobre as diferentes circunstancias que poden explicalo. En terceiro lugar, presentarei os trazos fundamentais que explican a situación da muller saharauí. En cuarto lugar, centrareime no problema da situación da muller *no* Sáhara Occidental e, máis concretamente, na parte ocupada por Marrocos, que me levará, por último, a expor algúns aspectos importantes do conflito do Sáhara Occidental.

2. Aclaracións previas

2.1. Mundo árabe, mundo musulmán e mundo árabemusulmán: anotación

Non é fácil definir o “mundo árabe”. Son varios os intentos de definición, algúns ligados a unha orixe étnica (semitas), outros a unha forma de vida (nómades ou beduínos), pero parece que hoxe pode aceptarse como punto de partida a tese que se refire ao mundo árabe como “os pobos de fala árabe como nación ou grupo de nacións irmás en sentido moderno, unidas por un territorio, lingua e cultura comúns e a aspiración común á independencia política e á unidade” (Lewis, 2004: 43). A organización que agrupa os países do mundo árabe é a Liga Árabe, fundada en 1945, que na actualidade comprende 22 Estados membros: Arabia Saudita, Alxeria, Bahrain, Comores, Exipto, Emiratos Árabes Unidos, Iraq, Xordania, Kuwait, Líbano, Libia, Marrocos, Mauritania, Omán, Palestina, Qatar, Somalia, Súdán, Siria, Tunisia, Iemen e Xibutí. Advértase que forman parte da Liga Árabe dous países (Somalia e Xibutí) nos que o árabe non é a lingua maioritaria da poboación, mentres que o Sáhara Occidental, que é totalmente arabófono, está excluído da mesma.

Máis doado parece delimitar o “mundo musulmán”. Este espazo pode definirse de modo sinxelo como aquel composto por Estados nos que o islam é unha relixión do Estado, é maioritaria ou é significativa. Os Estados do mundo musulmán agrúpanse ao redor da Organización de Cooperación Islámica (OCI), fundada en 1969 e composta por 57 Estados, nalgúns dos cales o islam non é maioritario aínda que si significativo —como en Mozambique, Togo ou Uganda—. Pola contra, existen países como o Sáhara Occidental que son integramente musulmáns e non son membros da OCI.

Así, o mundo árabemusulmán defínese como a parte do mundo musulmán —a área máis ampla— que é mundo árabe, é dicir, que ten o árabe como lingua principal. Pero estes elementos de homoxeneidade, o islam e a lingua árabe, non se atopan distribuídos do mesmo xeito. De entrada, mentres que os países do occidente árabe (Magreb) son islámicos ao 100 % ou case, en varios países do centro e o oriente árabe (Mashrek) existen minorías cristiás de importancia histórica, social e cultural. Ademais, mentres que nos países do oeste e o centro do mundo árabe se segue de modo case unánime o islam sunnita, nos países do oriente árabe existen importantes poboacións que seguen o islam xiíta, chegando a ser maioría en países como Iraq ou Bahrain. Engádase que a lingua árabe culta non é a lingua materna da poboación, pois o idioma que se fala é a “lingua popular”, que se foi diversificando en varios dialectos rexionais con grandes diferenzas. Estes dialectos aproxímanse moito aos espazos histórico-políticos deste mundo árabe. É ilustrativo ver o que ocorre no oeste árabe (Magreb), onde atopamos os dialectos marroquí, alxeriano, tunisiano, libio e hasaní —que se fala en Mauritania e no Sáhara Occidental—. Por último, as estruturas sociais, étnicas e tribais en cadanseu país introducen elementos de distinción entre as poboacións árabemusulmáns de cada Estado. Se observamos o caso do occidente árabe (Magreb), a presenza de poboacións bérberes, por exemplo, introduce certas peculiaridades nos diferentes países.

2.2. O status da muller no dereito islámico

A diferenza doutros ordenamentos xurídicos, no dereito musulmán “nada é subtraído da conduta xurídica, política, moral e litúrxica dos individuos e do Estado” (López Ortiz, 1932: 8). Son numerosas as limitacións que o dereito islámico impón á muller nos máis diversos ámbitos da vida.

A primeira limitación atópase en relación coa capacidade de obrar. No dereito musulmán, unha muller só está emancipada se, ademais de chegar á puberdade, consumou o matrimonio, recibiu unha concesión de capacidade polo seu titor legal ou chegou a unha idade na que xa non sexa probábel que poida atopar marido. En segundo lugar, no dereito sucesorio a lei islámica establece que a muller herda, polo xeral, a metade do que reciben os homes. En terceiro lugar, o testemuño da muller nun proceso xudicial vale a metade do que vale o testemuño dun home (López Ortiz, 1932: 136-137).

Con todo, é no ámbito matrimonial onde a lei islámica establece un maior número de discriminacións. Así, e precisamente porque a muller carece de capacidade de obrar, o matrimonio non é froito da concorrencia do consentimento do home e da muller, senón do consentimento do futuro marido e do representante legal da muller (López Ortiz, 1932: 156). Outra limitación atópase no propio concepto de matrimonio, que se define como un contrato de dereito civil polo cal o home se asegura o goce físico dunha muller mediante o pago dunha cantidade e a obrigación de fornecerlle alimentos (López Ortiz, 1932: 154). Neste ámbito, o “procurador matrimonial” que intervéen nun casamento pode chegar mesmo a ser un neno que teña suficiente discernimento, pero nunca pode ser unha muller, aínda que xa posúa capacidade de obrar (López Ortiz, 1932: 144-145). Durante a súa vida matrimonial, a muller enfróntase á posibilidade de que o esposo poida ter até catro esposas, mentres ela só pode ter un marido. Alén diso, a lei islámica contempla a “claustración” da muller casada, co aditamento de que unicamente poida saír en público se leva o velo (López Ortiz, 1932: 136-137). Segundo o dereito islámico, a muller ten o deber de estar sometida ao esposo, que dispón dun poder de “corrección” semellante ao que ten respecto dos fillos, quedando autorizado a amoestala e, en caso de non ser obedecido, podendo suspender as relacións sexuais e, en último termo, impóndolle un castigo corporal, aínda que con “moderación”. O marido pode, ademais, impor limitacións á esposa na súa facultade de libre disposición do patrimonio propio da muller (López Ortiz, 1932: 168-169).

A disolución do matrimonio tamén resulta discriminatoria, pois o marido ten a posibilidade de repudiala unilateralmente (*talaq*) (López Ortiz, 1932: 164-166). É máis, unha vez disolto o matrimonio, a discriminación persiste, pois á muller impónselle a obrigación de someterse a un retiro legal (*alhedá*) que non sofre o marido. En virtude desta obrigación, a esposa debe permanecer na súa casa durante tres meses ou períodos menstruais, prorrogábeis até o parto se se atopase encinta, antes de poder volver casar (López Ortiz, 1932, 161).

Varios séculos despois da difusión do Corán, Ibn Kathīr (1300-1373) alegou que estas normas son unha interpretación máis baseada en tradicións que no texto fundamental da relixión islámica, pero esta visión crítica é moi minoritaria no mundo islámico.

3. Breve referencia á situación da muller no mundo árabe-musulmán con especial fincapé no Magreb e no espazo Bidan

3.1. A posición da muller no mundo árabemusulmán en xeral

Como dixemos antes, o mundo árabemusulmán non é un espazo homoxéneo, pois presenta diversos elementos diferenciadores no seu seo. Parece lóxico, por tanto, que tampouco a posición da muller no mundo árabemusulmán sexa exactamente igual en todos os países que o conforman. Son varios os factores que introducen esas diferenciacións. Algúns son factores relixiosos —moi relevantes no centro e o leste do espazo árabemusulmán—; outros son factores sociais ou antropolóxicos —no suroeste ou Magreb do mundo árabemusulmán—; outros son históricopolíticos.

No centro e o oriente (Mashrek) árabemusulmán, o papel da muller está definido, en primeiro lugar e sobre todo, pola pluralidade étnicorelixiosa desas sociedades, cunha importante presenza de cristiáns e outras minorías relixiosas (iezidís, drusos, ismaelitas, alauitas) nas que o papel outorgado pola relixión á muller é máis importante que o que lle atribúe o Corán e a tradición (sunna). Isto explica que neses países (Exipto, Líbano, Siria, Xordania, Iraq) as mulleres teñan unha presenza social e política relevante. Mesmo nalgún deses lugares, como en Líbano, o seu status xurídico é igualitario.

Ademais, nalgúns deses lugares é notorio que as mulleres desempeñaron un papel relevante na acción políticomilitar, especialmente en Palestina, onde tomaron parte activa na resistencia antiisraelí e, desde 1967, sufriron a represión en forma de encarceramento (Latte, 2010: 10; Latte, 2013: 55). A participación da muller no liderado político en Palestina viuse acentuada pola influencia de ideoloxías políticas socialistas⁽²⁾. É probábel que o papel que xogou a muller cristiá palestina servise para que as mulleres musulmás palestinas emulasen ese liderado⁽³⁾.

O occidente árabemusulmán (Magreb), a diferenza do oriente, é unha zona practicamente homoxénea desde o punto de vista relixioso, pois non só a presenza de cristiáns é testemuñal —e en xeral de estranxeiros—, senón que, ademais, a poboación musulmá é na súa inmensa maioría seguidora da rama sunnita. Con todo, as circunstancias históricas e políticas levaron a que a situación da muller se diferenciase entre os diversos países da rexión. Por unha banda, as circunstancias socioeconómicas do noroeste árabe (Marrocos, Alxeria, Tunisia) son diferentes das do suroeste (Sáhara Occidental, Mauritania). Por outra banda, a evolución política destes países foi moi diversa, o que tivo un impacto na situación da muller.

3.2. A muller no espazo Bidan (saharauímauritano) en particular

Dentro do mundo árabemusulmán existe unha rexión peculiar por moitas razóns, que é o que se deu en chamar o espazo Bidan. Trátase da rexión suroccidental do mundo árabe,

(2) Valla como exemplo citar o caso de Hanan Ashrawi (Hanan Daoud Khalil Ashrawi), portavoz da delegación palestina no proceso de paz e importante líder da primeira intifada palestina (1988).

(3) Sirva de exemplo Ahd Tamimi, moza musulmá que exhibe de forma notoria a súa cabeleira desafiando os preceptos relixiosos que imponen o vevo.

conformada polo Sáhara Occidental, Mauritania e o noroeste de Malí. Xa antes da colonización española e francesa no Sáhara Occidental e Mauritania, respectivamente, as sociedades destes países presentaban importantes singularidades. Esas singularidades son, en gran medida, o resultado de dous factores: por unha banda, o substrato étnico bérber e relixioso preislámico e, pola outra, as necesidades do nomadismo. Certamente estas particularidades dábanse tamén noutros lugares do mundo árabemusulmán, pero só no Sáhara Occidental e Mauritania adquiriron un desenvolvemento peculiar.

En primeiro lugar, é importante sinalar que na rexión do espazo Bidan as sociedades desenvolvéronse sobre un substrato étnico bérber do que quedan pegadas non só no idioma ou, sobre todo, na toponimia, senón tamén en certas prácticas relixiosas que modulan a práctica ortodoxa do islam. Pero, ademais, ese substrato desenvolveuse en sociedades nómades dun espazo no que apenas había cidades. Pénsese que a gran cidade de todo o espazo do que falamos era Tombouctou —situada a sete quilómetros do río Níxer en Malí— e que a cidade máis importante fundada polos saharauís antes da chegada dos europeos foi Smara, creada polo xeque Malainin en 1898 (Mata Sáez, 1997: 61). O nomadismo levou a que, á marxe do tardío caso de Smara, en todo o Sáhara Occidental non houbera mesquitas e o culto musulmán se practicase en construcións simples e desmontables, as *msala* —pequenas superficies de area rodeadas de pedras—. Nunha sociedade nómade, a colaboración de todos os membros da familia é algo prezado, o que outorgaba á muller un papel máis activo do que lle correspondía noutras sociedades musulmás sedentarias.

Así a todo, antes da colonización europea e da guerra, as mulleres non xogaban un papel político ou militar importante e o seu papel social, aínda que máis relevante que noutras sociedades musulmás, era inferior ao que logo desempeñarían. Como veremos a continuación, o trauma da descolonización frustrada, a guerra e a ocupación, farán que a muller saharauí adquira un status político que nunca tivera. Queda por investigar se a promoción política da muller mauritana se debe tamén á influencia da evolución experimentada pola muller saharauí, mais o certo é que foi Mauritania o primeiro país no que as mulleres alcanzaron cargos políticos de máxima relevancia no mundo árabemusulmán. Foi unha mauritana, Naha Mint Muknass, a primeira muller en ocupar o posto de ministra de Asuntos Exteriores (2009-2011) e foi outra mauritana, Fatma Fall Mint Sueina, quen tras ser ministra de Cultura en 2014 foi nomeada tamén ministra de Asuntos Exteriores (2015-2016), para ser despois designada ministra de Gandería. A terceira muller que tivo o cargo de ministra de Asuntos Exteriores (desde 2019 até hoxe) foi a sudanesa Nasma Abdalá. Recentemente, en marzo de 2021, unha muller, Nashla Manqush (ou Najla Mangoush), foi designada ministra de Asuntos Exteriores do novo Goberno de Unidade Nacional de Libia.

4. A muller saharauí nas súas circunstancias

O destino da muller saharauí quedou en boa medida determinado polas circunstancias que provocou a historia do conflito do Sáhara Occidental. Unha parte das mulleres —e do resto da poboación— quedou en territorio do Sáhara Occidental ocupado por Marrocos, que é onde se atopan os principais núcleos de poboación (El Aaiún, Bojador, Dakhla e Smara). Estes núcleos de poboación ficaron illados do resto polos muros construídos por Marrocos para dividir

o Sáhara Occidental e garantir o seu control. As mulleres saharauís fóra do muro terán circunstancias diversas: unha parte desenvolverá a súa vida nunha contorna nova, os campamentos de refuxiados; un escaso número seguirá coa vida tradicional nómade no territorio baixo control da República Saharauí; outra parte asentárase en Mauritania, país de grandes similitudes co Sáhara Occidental; e outra finalmente establecerase fóra do Norte de África, na diáspora.

4.1. A muller saharauí na colonización e na crise de 1975

Púidose afirmar que “canto maior foi a influencia europea, tanto máis diminuíu a poligamia e mellorou a situación da muller” (Margoliouth, 1935: 111). Esta afirmación feita sobre a observación doutros países musulmáns antes de que os españois procedesen á colonización do Sáhara Occidental desde finais dos anos 30 do século XX parece válida tamén para a muller saharauí. Convén advertir que, a diferenza do que ocorre cos países occidentais onde nos diversos Estados europeos houbo mulleres na Xefatura do Estado ou do Reino, ou con títulos como o de marquesa, duquesa ou condesa desde a Idade Media —pensemos en España ou Inglaterra—, non constan mulleres que ocupasen postos de sultá, de raíña ou de xequesa.

A colonización europea marcou unha mudanza fundamental na situación de todos os saharauís e da muller en particular. A sedentarización progresiva da poboación e a construción por parte de España de escolas levarán a que as nenas e os novos saharauís acudan ás mesmas, continuando algunhas mesmo os seus estudos secundarios. Ademais, a Sección Feminina, malia algúns reproches que se lle fixeron por non entender a especificidade cultural saharauí (Sánchez López, 2007: 106-108), axudou na tarefa de escolarización das nenas e mozas que até entón non asistían á escola. Hai que matizar a afirmación de que as mulleres ían á escola coránica (Lippert, 1992: 638), pois isto só era para as mozas dunha clase social alta e en escolas femininas con profesoras femininas (Chassey, 1993, 124). Varias das mulleres que protagonizaron a resistencia e a loita do pobo saharauí nas filas da Fronte Polisario así o testemuñan. Baste mencionar os casos de Jadiyah O Mojtár e de Zahra Ramdán, que exerceron funcións representativas diversas na organización da Fronte Polisario.

A transformación da situación da muller saharauí, en lugar de evolucionar amodo por obra da colonización, vai facelo axiña por mor da loita pola descolonización. Primeiro, timidamente contra a colonización española e despois de forma radical contra a invasión, a ocupación e a neocolonización do territorio por Marrocos —e en moito menor grao por Mauritania—. A invasión fixo que case a metade da poboación civil saharauí fuxise, primeiro desde as cidades costeiras ao interior do territorio do Sáhara Occidental e despois a suroeste alxerino (zona de Tinduf) tras sufrir terribles bombardeos (Beristain e González Hidalgo, 2012: 97-167).

4.2. A muller nos campamentos de refuxiados de Tinduf: revolución e contrarrevolución

Pódense considerar dous períodos na situación da muller saharauí dos campamentos. O primeiro, que se podería dicir de revolución, abarcaría do ano 1976 até 2004, aproximadamente. O segundo, que se podería chamar contrarrevolución, abranguería de 2004 até 2020. Desde o reinicio da guerra en 2020 poderíamos preguntarnos se se está a abrir unha nova fase neste tema.

A revolución

O primeiro período, de revolución, foi posíbel pola conxunción dunhas condicións obxectivas extremas —necesidade de que a inmensa maioría dos homes estivesen no exército para levar a cabo a guerra, que se prolongou até 1991— e da ideoloxía da Fronte Polisario que, como se dixo, se inspiraba nas ideas do socialismo árabe que xa previamente promovera á muller en varios países (Tunisia, Exipto, Siria, Iraq). Este período pódese estender aos anos nos que se tentou aplicar o Plan de Arranxo, aprobado polo Consello de Seguridade entre 1990 e 1991 e que quedou conxelado desde 2004.

Dado que o pobo saharauí é pequeno en termos cuantitativos, a guerra provocou que case todos os homes se alistasen para combater a ocupación. As funcións que deixaron de asumir os homes tiveron que ser desempeñadas polas mulleres. A esta necesidade sumouse outro factor: a Fronte Polisario, moi influída pola ideoloxía do socialismo árabe, tentou cambiar o status tradicional da muller eliminando do seu programa político prácticas tradicionais islámicas que se mantiveran durante a etapa colonial, como o matrimonio de menores ou a poligamia (Allan, 2010).

Facendo da necesidade virtude, a muller asumiu responsabilidades sociais e políticas que antes non exercera. As mulleres asumiron o liderado xa nos primeiros campamentos establecidos no interior do territorio do Sáhara Occidental antes dos bombardeos de comezos de 1976 (Beristain e González, 2012: 108). Despois, as mulleres asumiron a xestión da educación, a sanidade e a administración, tanto nos campamentos de refuxiados de Tinduf como nos asentamentos de civís nos territorios ao leste do muro divisor do Sáhara Occidental, que administra a República Árabe Saharauí Democrática (RASD).

A contrarrevolución

Esta situación empezou, aos poucos, a cambiar a partir de 2004. Nesa data, Marrocos por primeira vez desentendeuse oficialmente dos seus solemnes compromisos previamente aceptados ante a OUA e a ONU e rexeitou que o referendo incluíse a opción da independencia (Ruiz Miguel, 2021: 75). Todo isto, ademais, prodúcese nunha situación na que existe un cesamento do fogo cuxa ruptura podería ter un alto custo político para a parte máis débil (a Fronte Polisario). A fin da situación de guerra e a progresiva debilitación do socialismo da Fronte Polisario erosionaron os orzamentos fácticos e ideolóxicos que fixeran posíbel esa promoción da muller (Mohamed Dafa, 2014). E por se fose pouco, varios países empezaron a financiar propaganda islamita entre a poboación refuxiada. Non hai datos precisos, pero unha emigrada saharauí, Emgaili Jatri, expuxo dúbidas respecto diso. Segundo ela, a primeira mesquita que foi construída nos campamentos de refuxiados saharauís de Smara a finais de 2002 foi vista como unha forte ameaza á cultura saharauí e á súa forma de entender o islam. A mesma autora di que estas mesquitas na súa maioría son privadas, preguntándose polo seu financiamento, pois o pobo saharauí vive case exclusivamente de axudas humanitarias. Para ela, “a resposta resulta evidente” segundo llo transmitiron varias persoas nos campamentos⁽⁴⁾. Aínda que non apunta a ningún Estado, é notorio que a propaganda e o terrorismo islamita en toda África Occidental está a ser difundida por certas monarquías do Golfo, como Qatar (Gadault e Nicolas, 2021).

(4) Emgaili Jatri, "Islamización nos campamentos de refuxiados saharauís" (9 de agosto, 2016) <https://articulosblog.wordpress.com/2016/08/09/islamizacion-en-os-campamentos-de-refuxiados-saharauis/>

A contrarrevolución non foi un fenómeno descoñecido, pois xa se produciu en Alxeria. Xusto despois de lograr a independencia, levouse a cabo en Alxer unha gran manifestación, o 8 de marzo de 1965, en defensa dos dereitos das mulleres, pero o golpe de estado do 9 de xuño dese ano frustrou as esperanzas do movemento feminino (Ameyar, 2011: 114-115). Dúas décadas despois de que triunfase a revolución que levou á independencia, en 1984 aprobouse unha reforma lexislativa que significou un grave retroceso para a situación legal da muller⁽⁵⁾. Desde 1996, as feministas alxerinas tentaron cambiar esa lexislación e, en 2005 e 2008, o presidente Abdelaziz Buteflika introduciu algunhas modificacións, pero estas non satisfíxeron totalmente as súas aspiracións (Ameyar, 2011, 117: 168-169).

Pode abrirse unha nova fase coa volta á guerra en 2020?

A crise no paso fronteirizo de Guerguerat, entre o Sáhara Occidental e Mauritania provocou que a Fronte Polisario dese por roto o cesamento do fogo e retomase a loita armada. Agora ben, até agora, a guerra desenvólta desde entón foi unha guerra de “baixa intensidade” que, aínda que mobilizou ao exército saharauí, está a facelo en circunstancias menos dramáticas que no pasado. Esta situación provoca que, en menor ou maior medida (dependendo de como evolucione a guerra), moitos homes deixen de estar nos campamentos e deban estar na fronte. Volveríase así a un dos supostos que facilitaron a revolución que elevou a situación da muller. Pero aínda é pronto para saber se será así.

4.3. A muller saharauí na emigración: un éxito envelenado?

No “haber” da Fronte Polisario atópase conseguir un dos niveis de alfabetización máis altos de África a pesar de contar con recursos limitadísimos. E non só coa alfabetización da poboación, senón que a RASD/Fronte Polisario conseguiu que os mozos dos dous sexos da poboación saharauí refuxiada estudasen nas universidades dalgúns países amigos, tanto de países que recoñeceron á RASD (Cuba, Alxeria, Libia, Siria), como doutros países europeos nos que non se fixo ese recoñecemento (España e Italia sobre todo).

Pero este éxito indubidábel tivo un efecto secundario inesperado. Moitos mozos volvían cunha alta cualificación, tanto en materias técnicas como sanitarias ou en ciencias sociais, pero nos campamentos de Tinduf non atopaban posibilidade de poñela en práctica. Isto fixo que a inmensa maioría emigrase, sobre todo a Europa (e dentro de Europa, maiormente a España), para buscar un emprego que lle permitise obter uns ingresos vitais. Deste xeito, despois de capacitar á xuventude, a Fronte Polisario viu como se descapitalizaban os campamentos e a RASD: o esforzo para formar cadros botouse a perder cando eses cadros non puideron devolver ao seu país o que o seu país fixera por eles. Pode ser certo que nisto haxa un cálculo da Fronte Polisario consistente en alentar o afastamento dos mozos potencialmente máis contestatarios á vez que aumentan as retribucións (Gómez Martín, 2016: 135), pero isto non explica enteiramente o fenómeno por dúas razóns. A primeira é que a débil estrutura económica da RASD fai que esas retribucións dos emigrados non vaian a un banco saharauí senón directamente ás familias. A segunda é que as capacidades de protesta mediante medios de comunicación electrónicos son moito maiores en Europa que nos campamentos. Así se puido ver en relación coa muller. As mulleres saharauís

(5) Lei 84-11, do 9 de xuño de 1984, que aproba o Código de Familia alxerino.

emigradas, especialmente en España, atópanse moi activas a través das redes sociais e internet para defender os dereitos das mulleres que están nos campamentos saharauís e organizaron en Zaragoza as primeiras xornadas sobre “Feminismos saharauís” en febreiro de 2018.

5. A muller no sáhara occidental ocupado

No Sáhara Occidental ocupado existe unha maioría de colonos marroquí e rexe a lei marroquí. Por iso convén unha breve referencia ao status da muller en Marrocos. Até 2004, ano no que se reforma a *mudawana* (lei sobre o estatuto persoal), a muller atopábase legalmente nunha situación de absoluta inferioridade. Desde esa data, a inferioridade, aínda que atenuada, segue existindo. A *mudawana* segue permitindo a poligamia e o matrimonio de mulleres menores de idade—o artigo 20 permite o matrimonio con menores se o autoriza o xuíz (OFPRA, 2017)—. Para darse conta do verdadeiro efecto desta reforma de 2004, pode mencionarse un detalle que é algo máis ca unha anécdota. En 2017, 13 anos despois da reforma da lei sobre o estatuto persoal da muller (a *mudawana*) de 2004, a televisión pública marroquí ofrecía “consellos” ás mulleres sobre como disimular con maquillaxe as pegadas dos malos tratos físicos do marido (Errazouki, 2018). Como Marrocos procurou unha política anexionista, xuridicamente non deu un recoñecemento aos costumes tradicionais saharauís, incluídos os que se refiren á muller. En consecuencia, o status xurídico das mulleres saharauís no territorio ocupado é o mesmo que lles corresponde ás mulleres marroquí nese territorio ou en Marrocos.

Agora ben, se xuridicamente non hai diferenza entre mulleres saharauís ou marroquí, a nivel social e político, as mulleres desempeñaron un papel de gran relevancia. A participación da muller na loita contra a colonización e a ocupación non é un fenómeno de todo descoñecido no occidente árabe (Magreb). De feito, existe un antecedente claro no caso da guerra da independencia de Alxeria contra Francia, onde as mulleres (as *moudjahidates*) participaron activamente na loita, xa fose colocando bombas ou en tarefas de enlace (Massu, 1971: 179-191; Ameyar, 2011: 93-94). Pola contra, é moi difícil atopar testemuños da participación da muller na resistencia no proceso de independencia de Marrocos. No caso do Sáhara Occidental, precisamente porque foron as mulleres as que asumiron a resistencia ante a escaseza de homes (que se unían á Fronte Polisario para facer a guerra), as forzas de ocupación tiveron unha fixación en humillar sexualmente ás mulleres saharauís (Beristain e González, 2012: 275).

A represión contra a poboación saharauí foi constante desde a ocupación até hoxe mesmo, pero houbo tres momentos nos que se agudizou moito máis do habitual: ao comezo da ocupación (1975-1976), cando unha misión do Consello de Seguridade das Nacións Unidas visitou o territorio (1995) para tentar activar o proceso de paz xestado nos anos 1987-1991⁽⁶⁾ e cando se desencadeou a “Intifada da independencia” (2005) ao ano seguinte de que Marrocos rompese os seus compromisos asumidos ao dar o seu acordo ao Plan de Arranxo aprobado polo Consello de Seguridade en 1990. Agora, tras o reinicio da guerra en 2020, a represión está a agravarse de novo.

(6) Informe da Misión de Visita enviada polo Consello de Seguridade das Nacións Unidas ao Sáhara Occidental entre o 3 e o 9 de xuño de 1995 (S/1995/448).

Estas humillacións ás mulleres eran particularmente dolorosas na sociedade saharauí en cuxa cultura a muller ten un recoñecemento social máis importante que entre os marroquís. Pero por iso mesmo, estas mulleres non só non quedaron anuladas tras ser humilladas, senón que se converteron en heroínas para o seu pobo. É sorprendente o alto número de mulleres que protagonizaron a resistencia nos territorios ocupados tras sufrir a tortura e a desaparición forzada. As mulleres saharauís no territorio ocupado non só tomaron parte activa nas manifestacións de protesta, senón que tamén interviñeron na organización de asociacións que trataron de dar a coñecer a situación de violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados. E todo iso ao mesmo tempo que se converteron en depositarias das tradicións dos pobos.

Varias desas figuras chegaron a ser coñecidas no estranxeiro chegando a simbolizar en certos momentos a resistencia. Se o símbolo da represión iniciada en 1976 é Sidi Mohamed Dadach, quizais o símbolo das vagas de represión de 1995 e 2005 poderían ser dúas mulleres, Aminatu Haidar e Galia Yimi. Haidar protagonizou unha heroica loita polo recoñecemento dos seus dereitos en 2009, cando iniciou no aeroporto de Lanzarote unha folga de fame que conseguiu dobrear os gobernos de España e Marrocos. Na nova onda de represión desencadeada en 2020 é outra muller, Sultana Jaya, que xa fora torturada no pasado, quen simboliza a resistencia.

6. Que papel poden xogar as mulleres no proceso de paz do sáhara occidental?

Esta cuestión pódese expor desde dúas perspectivas. Por unha banda, en que medida as mulleres actúan desde instancias internacionais que promoven o proceso de paz; e doutra banda, a relevancia que poden ter as mulleres dentro da Fronte Polisario no proceso de discusión política para solucionar o conflito.

6.1. As mulleres da MINURSO

Unha vez que Marrocos e a Fronte Polisario aceptaron en 1988 as “Propostas de Arranxo” do conflito presentadas pola Organización para a Unidade Africana e as Nacións Unidas, o Consello de Seguridade aprobou en 1990 o “Plan de Arranxo” para resolver o conflito⁽⁷⁾. Para poñer en práctica este Plan, o Consello de Seguridade creou en 1991 a Misión das Nacións Unidas para o Referendo no Sáhara Occidental (MINURSO)⁽⁸⁾ á fronte da cal se atopa un “Representante Especial”. Desde a súa creación, á fronte da MINURSO houbo 13 Representantes Especiais (máis 2 Representantes Especiais en funcións). A pesar da demanda do Consello de Seguridade ao Secretario Xeral (SX) “para designar máis mulleres como representantes especiais e enviadas para exercer bos oficios no seu nome”⁽⁹⁾, en todo este tempo só unha muller, Kim Bolduc (canadense), chegou a dirixir a misión nun período difícil (do 1 de agosto de 2014 ao 22 de novembro de 2017) polos obstáculos postos por Marrocos para tentar impedir que o entón SX da ONU (Ban Ki Moon) puidese visitar o Sáhara Occidental. Con carácter xeral, o 31 de outubro de 2000, o Consello de Seguridade aprobou a súa Resolución 1325 na que expresou

(7) S/RES/658 (1990)

(8) S/RES/690 (1991)

(9) S/RES/1325 (2000), par. 3.

“a súa vontade” de “incorporar unha perspectiva de xénero nas operacións de mantemento da paz” e “velar por que nas misións do Consello de Seguridade se teña en conta as consideracións de xénero e os dereitos da muller”, e instou á Secretaría Xeral a “ampliar o papel e a achega das mulleres nas operacións das Nacións Unidas sobre o terreo, e especialmente entre os observadores militares”⁽¹⁰⁾.

En canto aos seus compoñentes, a MINURSO conta cunha unidade civil (que tras a “conxelación” do referendo quedou moi reducida) e unha unidade militar cuxa misión fundamental é vixiar o cesamento do fogo. Houbo algunha muller traballando na unidade civil (en concreto no departamento de prensa), pero durante moitos anos a unidade militar estivo formada só por homes. De feito, a perspectiva de xénero na MINURSO considerouse nos informes do SX da ONU por primeira vez só en 2006, onde se afirma que nese momento só había unha muller entre os 209 observadores militares⁽¹¹⁾. Os informes do SX dos anos seguintes informaron dun número moi baixo de mulleres entre os observadores militares: unha en 2007⁽¹²⁾, cinco en 2008⁽¹³⁾, tres en 2009⁽¹⁴⁾, cinco en 2010⁽¹⁵⁾, seis en 2011, 2012 e 2013⁽¹⁶⁾, trece en 2014⁽¹⁷⁾ e 2015⁽¹⁸⁾, once en 2016 e 2017⁽¹⁹⁾, vinte e nove en 2018⁽²⁰⁾, corenta e nove en 2019⁽²¹⁾ e corenta e tres en 2020⁽²²⁾, ano no que descendeu lixeiramente por primeira vez o número de mulleres desde 2017. A porcentaxe de observadoras militares pasou de menos do 5 % en 2016 ao 22 % en 2020.

Chama poderosamente a atención que entre os incidentes nos que se viu envolvida a MINURSO dos que hai información (só dispoñible para 2019 e 2020), hai unha cifra significativa de acoso contra persoal das Nacións Unidas, con clara desproporción contra as mulleres. En 2019 houbo 35 incidentes dos que 6 foron de acoso e dos que 4 foron contra mulleres (3 casos en El Aaiún e 1 en Tinduf). En 2020 houbo 59 incidentes, dos que 7 foron de acoso ao persoal e 4 foron contra mulleres (1 caso no El Aaiún e 3 en Tinduf)⁽²³⁾. Sería conveniente que a MINURSO informase acerca de se estes incidentes teñen relación coa consideración da muller nunha contorna cultural islámica ou islamita ou teñen unha causa diferente.

6.2. A muller saharauí e o proceso de paz no Sáhara Occidental

Na súa resolución do ano 2000 sobre a muller, a paz e a seguridade, na que se pedía que nos procesos de paz fosen tidas en conta ás mulleres (“perspectiva de xénero”) o Consello de Seguridade non só reclamaba un aumento da presenza de mulleres nas misións de paz de Nacións

(10) S/RES/1325 (2000), pará. 15 e 4

(11) S/2006/817, pará. 21.

(12) S/2007/202, pará. 13.

(13) S/2008/251, pará. 14.

(14) S/2009/200, pará. 13.

(15) S/2010/175, pará. 21.

(16) S/2011/249, pará. 43; S/2012/197, pará. 26; S/2013/220, pará. 37.

(17) S/2014/258, pará. 33.

(18) S/2015/246, pará. 23.

(19) S/2016/355, pará. 31; S/2017/307, pará. 34.

(20) S/2018/899, pará. 29.

(21) S/2019/783, pará. 23.

(22) S/2020/938, pará. 16.

(23) S/2019/783, pará. 43; S/2020/938, pará. 43.

Unidas, senón tamén que nas delegacións dos actores en conflito tamén aumentase a presenza de mulleres⁽²⁴⁾. Así, tras reafirmar “o importante papel que desempeñan as mulleres na prevención e resolución dos conflitos e na consolidación da paz” e subliñar “a importancia de que participen en pé de igualdade e interveñan plenamente en todas as iniciativas encamiñadas ao mantemento e ao fomento da paz e da seguridade, e a necesidade de aumentar a súa participación nos procesos de toma de decisións en materia de prevención e resolución de conflitos”, o Consello de Seguridade instou “aos Estados Membros a velar por que aumente a representación da muller en todos os niveis de toma de decisións das institucións e dos mecanismos nacionais, rexionais e internacionais para a prevención, a xestión e a resolución de conflitos”; e pediu “a todos os que participen na negociación e aplicación dos acordos de paz que adopten unha perspectiva de xénero na que se teñan en conta e se inclúan, entre outras cousas:

a) *As necesidades especiais das mulleres e as nenas durante a repatriación e o reasentamento, así como para a rehabilitación, a reintegración e a reconstrución despois dos conflitos;*

b) *Medidas para apoiar as iniciativas de paz das mulleres locais e os procesos autóctonos de resolución de conflitos e para facer participar ás mulleres en todos os mecanismos de aplicación dos acordos de paz;*

c) *Medidas que garantan a protección e o respecto dos dereitos das mulleres e as nenas, particularmente no relativo á constitución, ao sistema electoral, á policía e ao sistema xudicial”.*

No ano 2017, cando o entón Enviado Persoal do SX da ONU para o Sáhara Occidental, Christopher Ross, tentaba reactivar o proceso de paz, o Consello de Seguridade introduciu por primeira vez unha resolución sobre o Sáhara Occidental, no preámbulo da mesma, unha referencia ao papel da muller nas conversacións que se tentaban renovar: “Destacando a importancia de que as partes se comprometan a continuar o proceso de negociacións no marco de conversacións auspiciadas polas Nacións Unidas e alentando unha participación significativa das mulleres nesas conversacións”⁽²⁵⁾, referencia que na seguinte resolución sobre o conflito converteuse en “participación plena, real e significativa”⁽²⁶⁾.

A Fronte Polisario cumpriu esta resolución e cando o novo Enviado Persoal do Secretario xeral das Nacións Unidas para o Sáhara Occidental, Horst Köhler, convidou en xaneiro de 2018 a unha delegación da Fronte Polisario a acudir a Berlín para tratar o modo no que se poderían reactivar as negociacións con Marrocos, a delegación do Polisario, presidida por Brahim Gali (Secretario xeral da Fronte Polisario e presidente da República Saharauí) incluíu, por primeira vez, a unha muller, Fatma El Mehdi, presidenta da Unión Nacional de Mulleres Saharaúis e membro do Secretariado Nacional da Fronte Polisario.

Moi pouco despois de aprobar a resolución 2440 en outubro de 2018, o enviado persoal do SX da ONU para o Sáhara Occidental convocou ás partes e aos Estados veciños a unhas conversacións en Xenebra o 6 de decembro de 2018. A Fronte Polisario anunciou pronto a composición da súa delegación negociadora que sería similar á que acompañara a Brahim Gali a Berlín en xaneiro de 2018, o que significaba que, por primeira vez, participaría unha muller saharauí,

(24) S/RES/1325 (2000)

(25) S/RES/2351 (2017).

(26) S/RES/2414 (2018)

Fatma El Mehdi, nas conversacións con Marrocos auspiciadas polas Nacións Unidas. Pola parte marroquí, con todo, resulta discutíbel que se cumprise o mandato da resolución do Consello de Seguridade. Nun primeiro momento, un medio francés coñecido pola súa proximidade ao poder marroquí, *Jeune Afrique*, anunciou a composición da delegación marroquí para as conversacións de Xenebra sen mencionar ningunha muller (*Jeune Afrique* 2018). Con todo, para tentar frear o impacto da presenza dunha muller na delegación da Fronte Polisario, Marrocos incluíu unha muller no último momento, Fatima El Adli, polo demais, practicamente descoñecida na vida política do Sáhara Occidental pois é unha simple concelleira da cidade ocupada de Smara e presidenta dun club de tenis (Yabiladi 2018). Parece obvio que a inclusión desta muller non responde á necesidade de que na delegación marroquí a muller tivese unha “*participación plena, real e significativa*”, tal e como esixe o Consello de Seguridade. Lamentablemente, e isto explica en gran medida a deficiente evolución do conflito, ninguén nas Nacións Unidas censurou que Marrocos non designase a unha muller de maior rango para participar nestas conversacións. O propio Secretario Xeral nos seus informes sobre o asunto dirixidos ao Consello de Seguridade omitiu calquera referencia a este feito.

7. Conclusión

A análise realizada sobre a muller no conflito do Sáhara Occidental ofrécenos un resultado complexo. A muller é, ao mesmo tempo, factor explicativo de certas evolucións do conflito, obxecto (víctima) do conflito, suxeito do conflito e un dos obstáculos (aínda que non o máis importante) na resolución do conflito patrocinada polas Nacións Unidas. En primeiro lugar, pódese afirmar que a actuación da muller saharauí é un factor explicativo fundamental para entender a evolución do conflito no territorio ocupado e nos campamentos de refuxiados. En segundo lugar, a muller foi un destinatario especial da represión no territorio ocupado, á vez que a súa propia situación nos campamentos de refuxiados estivo afectada pola evolución do conflito. En terceiro lugar, a muller foi un actor decisivo no desenvolvemento do conflito no territorio ocupado, ao tempo que foi adquirindo un protagonismo maior nos campamentos de refuxiados, que contrasta coa escasa relevancia que lle dá Marrocos na xestión desta situación. En cuarto lugar, e precisamente polos condicionamentos do islam, a intervención das mulleres no esforzo de mediación internacional enfróntase a maiores obstáculos que os que atoparían os homes, pois é un feito que en Marrocos, rexido por un “príncipe dos crentes” as mulleres participan en niveis medios pero non nas esferas de decisión última do poder.

Bibliografía

- ALLAN, J. (2010). Imagining Saharawi women: the question of gender in POLISARIO discourse. *The Journal of North African Studies* 15 (2), pp. 189-202.
- AMEYAR, H. (2011). *La Moudjahida Annie Fiorio-Steiner. Une vie pour l'Algérie*. Argel : Association Les amis de Abdelhamid Benzine.
- BERISTAIN MARTÍN, C. e GONZÁLEZ HIDALGO, E. (2012). *El oasis de la memoria. Memoria histórica y violaciones de Derechos Humanos en el Sáhara Occidental*, Tomo I.

- Vitoria: UPV-EHU.
- CHASSEY, F. (1993). *L'étrier, la houe et le livre : sociétés traditionnelles au Sahara et au Sahel occidental*. Paris : L'Harmattan.
- MOHAMED DAFA, L. (2014). ¿Existe un feminismo saharauí? *Sahara Opinions*. Recuperado de <https://saharaopinions.blogspot.com.es/2014/03/existe-un-feminismo-saharau.html>
- ERRAZOUKI, S. (2018). What the domestic-violence makeup show tells us about women's rights in Morocco. *The Guardian*. Recuperado de <https://www.theguardian.com/lifeandstyle/womens-blog/2016/nov/29/what-the-domestic-violence-makeup-show-tells-us-about-womens-rights-in-morocco>
- GADAULT, T. e NICOLAS, B. (2021) "Qatar Connection : le courrier qui accable Doha dans le financement du terrorisme au Sahel". *Blast*. Recuperado de <https://www.blast-info.fr/articles/2021/qatar-connection-le-courrier-qui-accable-doha-dans-le-financement-du-terrorisme-au-sahel-gC5-bmJ9THO2ctzX9jLVtA>
- JATRI, E. (2016) "Islamización en los campamentos de refugiados saharauis" <https://articulos-blog.wordpress.com/2016/08/09/islamizacion-en-los-campamentos-de-refugiados-saharauis/>
- Jeune Afrique (2018). Sahara occidental : comment se prépare la table ronde de Genève. *Jeune Afrique* nº 3020. Recuperado de <https://www.jeuneafrique.com/mag/671052/politique/sahara-occidental-comment-se-prepare-la-table-ronde-de-geneve/>
- LATTE ABDALLAH, S. (2010). Incarcération des femmes palestiniennes et engagement (1967-2009). *Le Mouvement Social* 231, pp. 9-27.
- LATTE ABDALLAH, S. (2013). Des féminités mobilisées et incarcérées en Palestine. *Critique internationale* Nº 60, pp. 53-69.
- LEWIS, B. (2004). *Los árabes en la historia*. Barcelona: Edhasa.
- LIPPERT, A. (1992). Sahrawi Women in the Liberation Struggle of the Sahrawi People. *Signs (Journal of Women in Culture and Society)*, Vol. 17 (3), pp. 636-651.
- LÓPEZ ORTIZ, J. (1932). *Derecho musulmán*. Barcelona: Labor.
- MARGOLIOUTH, D.S. (1935). *Islamismo*. Barcelona: Labor (3ª edición).
- MASSU, J. (1971). *La vraie bataille d'Alger*. Paris : Plon.
- MATA SÁEZ, F. (1997). *Smara: Historia de una ilusión*, Valladolid: Simancas.
- OFpra (Office français de protection des réfugiés et des apatrides) (2017). *Les mariages forcés au Maroc*. OFpra. Recuperado de https://ofpra.gouv.fr/sites/default/files/atoms/files/4_didr_maroc_les_mariages_forces_ofpra_24022017.pdf
- RUIZ MIGUEL, C. (2021). "Colapso del plan de paz en el Sahara Occidental y vuelta a la guerra", *Razón Española* n. 221, p. 71-81.
- SPS (2018). El Frente Polisario anuncia la composición de la delegación que asistirá a las negociaciones de Ginebra. *SPS*. Recuperado de <http://spsrasd.info/news/es/articulos/2018/11/26/18546.html>
- SÁNCHEZ LÓPEZ, R. (2007). *Entre la importancia y la irrelevancia: Sección Femenina de la República a la transición*, Murcia: Editora Regional de Murcia.
- YABILADI (2018). Sahara: Le MAECI révèle le nom de la femme qui prendra part à la réunion de Genève. *Yabiladi*. Recuperado de <https://www.yabiladi.com/articles/details/71693/sahara-maeci-revele-femme-prendra.html>

revista cidob d' afers internacionals

PREVENIR EL EXTREMISMO
VIOLENTO EN EUROPA:
APROXIMACIONES, MÉTODOS
Y ESTRATEGIAS

Moussa Bourekba y Diego Muro (coords.)

128

**Septiembre
2021**

Durante las dos últimas décadas, Europa se ha enfrentado a tres desafíos de seguridad: el incremento del terrorismo autóctono (home-grown terrorism), el fenómeno de los combatientes extranjeros y el aumento de la extrema derecha violenta. Ante este escenario, varios países europeos han desarrollado diversas políticas públicas y estrategias cuyo objetivo es la prevención del extremismo violento (PEV). El número 128 de Revista CIDOB d'Afers Internacionals pretende analizar este fenómeno y formular unas primeras respuestas a la pregunta general de investigación: ¿Es la PEV un pilar de las políticas antiterroristas o constituye un nuevo paradigma de acción contra el extremismo violento?

PEDIDOS
publicaciones@cidob.org

Moussa Bourekba

Diego Muro

Alice Martini

Laura Fernández de Mosteyrín

Santina Musolino

Daniel Koehler

Fatima Lahnait

Floris Vermeulen

Koen Visser

Tahir Abbas

Anabel Rodríguez Basanta

Aida Guillén Lanzarote

Verónica Yazmín García Morales

Josep Baqués Quesada

Xavier Torrens

EDITA
CIDOB
Elisabets, 12, 08001
Barcelona
www.cidob.org

DISTRIBUYE
Edicions Bellaterra, S.L.
Navas de Tolosa, 289 bis, 08026 Barcelona
www.edbellaterra.com

CIDOB
BARCELONA
CENTRE FOR
INTERNATIONAL
AFFAIRS

Diplomacia e xustiza de xénero

Antonio Alejo

RESUMO: Ante os desafíos das sociedades contemporáneas, o tema da desigualdade entre xéneros na diplomacia xera preguntas que antes non se facían de maneira habitual nos estudos diplomáticos. De que maneira a desigualdade entre xéneros opera na diplomacia tanto dentro dos seus circuitos como na súa relación coa sociedade? Que posíbeis rutas hai para empezar a pensar en como os homes poden contribuír a cambiar esa desigualdade de xénero? O obxectivo específico deste artigo é contribuír a pensar en como se transforma e estuda a diplomacia a partir das perspectivas de xénero e pór especial interese en explorar posíbeis rutas para pensar na contribución dos homes co fin de transformar as actuais relacións desiguais entre xéneros por medio da xustiza de xénero. Neste artigo, a partir destas preguntas de investigación, facemos unha revisión da literatura actual para saber como se está estudando a relación entre xénero e diplomacia. Ao facer esta reflexión, este artigo propónse pensar en posíbeis rutas para pensar os desafíos para o estudo e a aplicación na diplomacia contemporánea a partir de dous eixos relevantes. Coa noción de xustiza de xénero e o recoñecemento da axencia dos homes para reproducir unha cultura patriarcal, ábrese un camiño para iniciar unha reflexión sobre como os homes poden empezar a pensar en contribuír a eliminar as desiguais relacións entre xéneros.

Palabras chave: Diplomacia, Xustiza de Xénero, Homes, Axencia

RESUMEN: Ante los desafíos de las sociedades contemporáneas, el tema de la desigualdad entre géneros en la diplomacia genera preguntas que antes no se hacían de manera habitual en los estudios diplomáticos. ¿De qué manera a desigualdad entre géneros opera en la diplomacia tanto dentro de sus circuitos como en su relación con la sociedad? ¿Qué posibles rutas hay para empezar a pensar en como los hombres pueden contribuir a cambiar esa desigualdad de género? El objetivo específico de este artículo es contribuir a pensar en cómo se transforma y estudia la diplomacia a partir de las perspectivas de género y poner especial interés en explorar posibles rutas para pensar en la contribución de los hombres con el fin de transformar las actuales relaciones desiguales entre géneros por medio de la justicia de género. En este artículo, a partir de estas preguntas de investigación, hacemos una revisión de la literatura actual para saber cómo se está estudiando la relación entre género y diplomacia. Al hacer esta reflexión, este artículo se propone pensar en posibles rutas para pensar los desafíos para el estudio y la aplicación en la diplomacia contemporánea a partir de dos ejes relevantes. Con la noción de justicia de género y el reconocimiento de la agencia de los hombres para reproducir una cultura patriarcal, se abre un camino para iniciar una reflexión sobre como los hombres pueden empezar a pensar en contribuir a eliminar las desiguales relaciones entre géneros.

Palabras clave: Diplomacia, Justicia de Género, Hombres, Agencia

ABSTRACT: Faced with the challenges of contemporary societies, the issue of gender inequality in diplomacy raises questions that were not previously asked in diplomatic studies. How does

gender inequality operate in diplomacy both within its circuits and its relationship with society? What possible routes are there to start thinking about how men can change this gender inequality? This article's specific objective is to contribute to thinking about how diplomacy is transformed and studied from gender perspectives and to explore possible routes to think about the contribution of men to transform the current unequal relations between genders through gender justice. In this article, based on these research questions, we review the current literature to determine how the relationship between gender and diplomacy is being studied. By reflecting, this article proposes to think about possible routes to think about the challenges for the study and application in contemporary diplomacy from two relevant axes. With the notion of gender justice and the recognition of men's agency to reproduce a patriarchal culture, a path is opened to reflect how men can begin to think about contributing to eliminating unequal gender relations.

Keywords: Diplomacy, Justice of Gender, Men, Agency

1. Introducción

As sociedades contemporáneas cambian como parte de diversos procesos globais, o cal xera diferentes impactos a distintas escalas (Sassen, 2006; Scholte, 2014); ditas sociedades diríxense cara a estadios máis plurais e a diplomacia non é allea a dita pluralización para o seu estudo e execución (Cornago, 2013). Ante esta transformación da diplomacia (Constantinou, Kerr e Sharp, 2016), neste artigo reflexiónase sobre a relación entre xénero e diplomacia (Cassidy, 2016). Ao estudar a diplomacia e o xénero explóranse situacións que previamente non eran de relevancia académica para os estudos diplomáticos, o que supón a súa transformación, tanto na práctica como na teoría (Constantinou, Kerr e Sharp, 2016). Ademais da ampla literatura sobre as mulleres e a perspectiva feminista nas Relacións Internacionais (véxase este amplo debate en: *International Feminist Journal of Politics*), en anos recentes púxose especial interese por estudar o rol e a axencia das mulleres nos ministerios de asuntos exteriores e na diplomacia (Cassidy, 2016). Aínda que se observan avances importantes para lograr condicións igualitarias entre xéneros nos circuitos da diplomacia, é necesario continuar reflexionando para comprender mellor e con maior profundidade como se transforma a diplomacia ante os cambios que reclaman as perspectivas de xénero nas sociedades.

Estudar a relación entre a diplomacia e o xénero é conveniente para analizar como os Estados contemporáneos se adaptan aos desafíos globais. Os Estados-nación son continxencias históricas cunha alta densidade institucional e cultural estado-céntrica. Así mesmo, os Estados-nación son dinámicos e están en permanente transformación, polo cal os seus recursos e narrativas están en permanente tensión e competencia. Para comprender como os Estados-nación se van transformando ante os temas de xénero, neste traballo recórrese ao estudo da diplomacia. Enloe pregúntase quen se beneficia de que a maioría das mulleres e dos homes se sitúen no lugar en que se sitúan (Enloe, 2019, p. 83). Para pensar nesta pregunta, aquí interesa reflexionar en como os pensamentos de ser home se atopan ante o feminismo, pois “o feminismo non é o discurso dunha muller que fala desde a súa tradición, senón un pensamento crítico, sostido por unha muller ou un home, contra un sistema que aliena as mulleres e o feminino” (Jablonka, 2020, p. 200).

Ante iso, o obxectivo específico deste artigo é contribuír a pensar en como se transforma e estuda a diplomacia a partir das perspectivas de xénero e pór especial interese en explorar posibles rutas para pensar na contribución dos homes co fin de transformar as actuais relacións desiguais entre xéneros por medio da xustiza de xénero. Para iso, as preguntas que orientan este artigo son: De que maneira a desigualdade entre xéneros opera na diplomacia tanto dentro dos seus circuitos como na súa relación coa sociedade? Que posibles rutas hai para empezar a pensar en como os homes poden contribuír a cambiar esa desigualdade de xénero?

Neste artigo ofrécese un achegamento incipiente para pensar na xustiza de xénero na diplomacia. Cunha revisión da literatura sobre o estudo da diplomacia desde a perspectiva de xénero, nesta análise amósase o estado actual do estudo sobre a diplomacia e o xénero. A partir diso, amósanse algunhas experiencias asociadas á diplomacia de cidades e á diplomacia consular. Finalmente, discútense en como pensar na xustiza de xénero ante a diplomacia pondo o foco na diplomacia consular. De acordo coas inquietudes recuperadas neste artigo, búscase avanzar na perspectiva de xénero para pensar nas formas en que os homes se incorporen á xustiza de xénero e desmonten o patriarcado global. Para iso pechamos cunha idea que axude a comezar unha discusión moi inicial sobre os homes e a súa implicación para facer da diplomacia unha ferramenta social que contribúa a mellorar a vida das persoas e a eliminar as desiguais condicións de xénero que suceden nas sociedades.

Este traballo ofrece un achegamento cualitativo cunha base empírica que se alimenta de fontes primarias e secundarias. Así mesmo, deuse seguimento a eventos virtuais das actividades que se presentan. A revisión da literatura limitouse a revistas de estudos internacionais con maior factor de impacto e usáronse as palabras chave *diplomacia* e *xénero* para identificar a literatura existente.

A estrutura do artigo é a seguinte: unha primeira parte é un estado da arte sobre o estudo da diplomacia con perspectiva de xénero. Nesta sección fíxose unha revisión da literatura para identificar a evolución de olladas e axendas de investigación sobre a diplomacia con perspectiva de xénero. Con esta sección expóñense os diversos camiños que se están a desenvolver para analizar, tanto a nivel teórico como metodolóxico e práctico, os desafíos para que o ámbito diplomático conte con ambientes máis igualitarios para mulleres, homes e persoas LGTBQ. Posteriormente revísanse dous enfoques que se están a desenvolver dentro da diplomacia con perspectiva de xénero: as cidades feministas e a diplomacia consular con perspectiva de xénero, a partir de dúas experiencias: 1) a Política Exterior Feminista e a diplomacia consular de España e 2) a Primeira Semana de Atención e Información para as Mexicanas no Exterior. Finalmente desenvólvese unha discusión inicial sobre a diplomacia consular e a xustiza de xénero.

2. Estado actual do estudo da diplomacia con perspectiva de xénero

Nesta sección ofrécese unha revisión da literatura enfocada ao estudo da diplomacia con perspectiva de xénero e dáse conta da axenda futura que esta literatura propón para profundar en comprender mellor os desafíos teóricos e prácticos da diplomacia fronte a demandas de maior inclusividade e igualdade entre xéneros.

Aggestam e Towns (2019) afirman que os estudos da diplomacia con perspectiva de xénero se ampliaron e estenderon a diversos temas. Neste sentido, obsérvanse diversos intereses temáticos que van do rol das mulleres nos ámbitos militares e de paz (Enloe, 2019) á historia das mulleres na diplomacia (Cassidy, 2016), o papel das mulleres nos ministerios de asuntos exteriores, as carreiras das diplomáticas, así como a inclusión e o recoñecemento das persoas LGTBQ nos circuitos diplomáticos e nos servizos exteriores (Aggestam e Towns, 2019).

Nun percorrido pola literatura sobre diplomacia con perspectiva de xénero identifícanse distintos enfoques teóricos e metodolóxicos. Niklasson (2020) recorre ao enfoque de redes para comprender como as mulleres diplomáticas recorren ás redes de xénero e ao “*tokenism*” para actuar con éxito en contextos onde os homes dominan os espazos. Desde a diplomacia pública e cun achegamento autobiográfico, Snow (2021) evidencia os desafíos que experimentan as mulleres para formarse e incorporarse aos circuitos da diplomacia. Pola súa banda, Stanfield (2020) recorre a unha perspectiva foucaultiana para aplicar unha “*feminist practice theory*” cun achegamento interseccional e abordar a desigualdade de xénero nos ámbitos da diplomacia. Huerta Núñez (2021) enfocouse en analizar a diplomacia de cidades con perspectiva de xénero. Doutra banda, Towns, Jezierska, Krift e Nikalsson (2020) preocupáronse ante a COVID-19 polos problemas propios que representan para as mulleres as interaccións virtuais. Así mesmo, chaman a atención en como entender as relacións de xénero coa participación da sociedade civil en espazos diplomáticos e nos servizos consulares.

O estudo da diplomacia axuda a comprender mellor como opera a desigualdade de xéneros na elite política. Desta maneira, é posíbel observar, nos pequenos detalles da vida cotiá da diplomacia, as interaccións entre xéneros e como en devanditas interaccións se desprega a desigualdade e con ela as súas implicacións. Exemplo diso é o estudo da figura do matrimonio e o rol das esposas dos diplomáticos; as esposas xogaron un rol fundamental para que os homes tivesen éxito nas súas carreiras diplomáticas, pero o devandito rol non foi recoñecido nin simbólica nin materialmente (Aggestam e Towns, 2019).

Aggestam e Towns (2019) preguntáanse como a diplomacia se converteu nunha institución de homes e que tipo de masculinidades se despregan nos ámbitos diplomáticos. Neste sentido, Towns (2020) estudou como a diplomacia foi feminizada ou masculinizada. Deste xeito, a partir dos traballos de Enloe (2019) e Neumann (2012), Towns (2020) analiza como se xeran os estereotipos feminizados ou masculinizados na diplomacia. A autora demostra, a partir da diplomacia estadounidense e europea, como os homes recorren a figuras femininas e masculinas para describir o actuar diplomático. Ante isto, a autora ofrece unha tipoloxía que demostra unha feminización na diplomacia: *The “soft” non-fighter, The relationship-builder, the gossip, the cookie pusher and the fancy Frenchman* (Towns, 2020).

Ante unha diplomacia intensamente masculinizada, Enloe (2019) puxo no debate o pensamento patriarcal para analizar como se despregan as Relacións Internacionais. Paleo sinala que o patriarcado supón “unha estrutura de opresión e dominación” que o poder masculino impón ás mulleres (Paleo Mosquera, 2021, p. 269). Enloe sinala que o patriarcado “non pasou de moda” e pode observarse como opera actualmente na diplomacia. A autora afirma que o pensamento patriarcal exprésase no Brexit, nas políticas de Donald Trump e en moitas das expresións “políticas nacionalistas”; así mesmo, a autora ve o patriarcado operando en Twitter, nos fondos

de investimento de risco ou nos drons armados. Para Enloe o patriarcado sostense na política internacional da seguinte maneira:

- » 1. Exclúe as mulleres dos asuntos serios para pór fin aos conflitos armados.
- » 2. Aínda que as convidan á mesa e a discusión, as mulleres déixanse fóra dos procesos de toma de decisións finais.
- » 3. As mulleres que estiveron participando en procesos de toma de decisións son consideradas de “afortunadas”, o cal creba as fráxiles alianzas de xénero.
- » 4. A masculinización do conflito armado perpetúa a noción patriarcal onde o militar é o que importa (2019, p. 75).

Respecto da investigación futura para o estudo da diplomacia con perspectiva de xénero, identifícanse as seguintes liñas de investigación que diversas investigadoras propoñen. Por unha banda, ante unha diplomacia construída con códigos patriarcais e masculinos, Stanfield (2020) expón a necesidade de estudar a diplomacia con perspectiva de xénero en diálogos interdisciplinarios; así mesmo, propón analizar as prácticas diplomáticas, profundar no enfoque da continuidade e o cambio, recorrer á interseccionalidade, así como estudar a diplomacia desde a racionalidade e a práctica, desde as prácticas sociais fronte ás prácticas técnicas e revisar os aspectos metodolóxicos. Polo seu lado, Aggestam e Towns (2019) din que a diplomacia ante a perspectiva de xénero pódese pensar a partir da representación e inclusión na diplomacia. Estas autoras ven como parte das axendas de investigación futura as discusións do eurocentrismo na diplomacia, os estudos comparados sistemáticos, o enfoque etnográfico e os microprocesos nas relacións de xénero.

Neste sentido, o estudo da diplomacia con perspectiva de xénero é de gran axuda para identificar como opera o patriarcado nas relacións internacionais. Desta maneira, é posíbel recoñecer que nas culturas e nas estruturas que perpetúan as relacións internacionais se vinculan os distintivos que marcan a desigualdade de xénero (Enloe, 2019, p. 94). Di Enloe que enfrontarse ao modelo patriarcal na política internacional parece un reto imposible de superar, pero o que importa é recoñecer que hai un guión patriarcal intencionado que alimenta as relacións internacionais (Enloe, 2019, p. 75).

3. Cidades feministas e diplomacia

Unha das dimensións que se despregan con maior énfase nos estudos diplomáticos é o rol das cidades na gobernación global. Ao profundar nas rutas de investigación que se están desenvolvendo sobre a diplomacia con perspectiva de xénero, avánzase en identificar os “elementos de análises que xorden do cruzamento entre o enfoque feminista en relacións internacionais e as análises da diplomacia de cidades” (Huerta Núñez, 2021, p. 78). Esta autora expón que é “a partir da intersección entre as achegas da teoría feminista en relacións internacionais e as análises sobre a diplomacia de cidades desde onde xorden elementos para analizar e executar a diplomacia con enfoque de xénero” (Huerta Núñez, 2021, p. 78).

Para pensar en como sucede esta diplomacia de cidades con perspectiva de xénero, nesta sección recóllense dous exemplos en dúas cidades de Galicia. Por unha banda, está o caso do concello de Santiago de Compostela e o proxecto “Territorio das Mulleres”. Con este proxecto

búscase establecer un modelo de cidade feminista (Territorio das Mulleres, 2019). Pondo o foco no territorio e a vida cotiá das mulleres na cidade, promóvense ambientes seguros e amigábeis para a diversidade de mulleres que están de paso por esta cidade ou viven nela, xa sexa de maneira permanente ou temporal (Territorio das mulleres, 2019). Entre diversas accións que se desenvolven para definir a cidade de Santiago de Compostela como unha cidade feminista (Nunens Brions, 2019), no ámbito da proxección exterior, está a visión dun turismo respectuoso coas mulleres a partir da etiqueta de “*Women Friendly*” (Territorio das Mulleres, 2019).

Doutra banda, está o proxecto “Dxenerada” na cidade da Coruña. Esta iniciativa cívica xurdiu no marco do proxecto “Cooperación Expandida” na cidade da Coruña (Alejo, 2020). O grupo organizado xurdiu do recoñecemento da necesidade de actuar ante situacións que, de maneira explícita ou implícita, no micro ou no macro, en calquera lugar do mundo, coas diferenzas respectivas, nas institucións ou fóra delas, no privado e no público, mantéñense e reproducense uns malos tratos constantes contra a muller. O proxecto Dxenerada propúxose repensar o rol de xéneros por medio dun laboratorio cidadán para, por medio de diferentes expresións artísticas e culturais, sensibilizar e concienciar a cidadanía na Coruña sobre os roles de xénero que manteñen vixentes e reproducen situacións en contra da vida digna da muller. Dxenerada expuxo como prioridade cidadá o manter e reforzar accións cidadás no espazo público da cidade, para facer ver a todas as persoas a importancia que ten o modificar as formas de convivencia entre xéneros e lograr un respecto mutuo. Para iso expúxose salientar como o poder é un tema determinante para pensar nos roles e as desigualdades entre xéneros. A variábel do poder está presente tanto a escala global como nos ámbitos locais. Ante iso, o proxecto Dxenerada considerou importante que a cidadanía se sensibilizase e fose consciente dos inmensos cambios transnacionais no mundo contemporáneo que se están producindo e que están a afectar aos homes e as súas diferentes masculinidades, pero sen modificar as relacións entre xéneros. Por iso, o proxecto promoveu reflexións e actividades para repensar que é ser homes, que son as masculinidades e como operan as desigualdades nas actuais relacións de xénero. Neste proxecto foi clave ter en mente, de maneira permanente, que o contexto onde opera o patriarcado está intensamente conectado entre o local, o nacional e o global. Neste sentido, entre as múltiples temáticas de reflexión, pero que non foron as únicas, están: o comercio sexual, as tecnoloxías da información, a comunicación e o ciberespazo, a migración, a guerra e o militarismo, a política, o nacionalismo, o simbolismo e a creación de imaxes.

Ante o interese polo estudo das cidades na diplomacia, é relevante pór atención en pensar nas cidades feministas con perspectiva multinivel incorporando o estudo das masculinidades (Messerschmidt, 2019, p. 88) e en rede (Niklasson, 2020), como tamén o expón Enloe ao pensar no *networking* local-global do patriarcado (Enloe, 2019, p. 225). Sobre as cidades feministas, Leslie Kern apela a pensar nas cidades arredor das nais, as amigas, as mulleres que andan soas e que sexan cidades sen medo para todo tipo de mulleres (Kern, 2020).

4. Diplomacia consular con perspectiva de xénero

Unha segunda dimensión en que se observa como a diplomacia se atopa ante transformacións a partir da perspectiva de xénero é a diplomacia consular (Fernández Pasarín, 2016;

Okano-Heijmans, 2013; Leira e Neumann, 2013). Para evidenciar como se está incorporando a perspectiva de xénero na diplomacia consular, recórrense a dous casos de Política Exterior Feminista: España (Solanas, 2021) e México (García Morais, 2021).

5. A Política Exterior Feminista e a diplomacia consular de España

O Goberno de España, no documento *Política Exterior Feminista. Impulsando a Igualdade na Acción Exterior Española*, pon como unha das súas prioridades a protección e a asistencia consular das mulleres españolas en calquera parte do mundo. No documento mencionado sinaláse que, de acordo co “Protocolo de Actuación tripartito para a Atención das Mulleres Españolas Víctimas de Violencia de Xénero no Exterior”, España fortalecerá “a asistencia ás mulleres españolas vítimas de violencia de xénero no estranxeiro”. Isto farase a través da súa rede consular e de embaixadas, impulsando a cooperación con terceiros estados. O Goberno de España di que, de acordo coa súa estratexia no Plan Anual para a Coordinación contra a Violencia contra a Muller no Estranxeiro para o ano 2021, articuláronse 19 medidas con tres obxectivos específicos:

- » 1) Continuar elaborando ferramentas de traballo para profesionalizar, sistematizar, coordinar e facilitar a asistencia ás vítimas.
- » 2) Dar formación específica, coordinada entre as partes asinantes do Protocolo para mellorar o servizo de asistencia.
- » 3) Dar a coñecer a existencia deste servizo público e informar adicionalmente sobre o papel que ocupa España a nivel internacional (Goberno de España, 2020).

De acordo co protocolo de actuación para atender as mulleres españolas vítimas de violencia de xénero no exterior, os consulados e representacións de España ofrecen os seguintes servizos:

- » 1. Acompañamento ou asistencia para pór unha denuncia.
- » 2. Orientación sobre os servizos médicos, sociais e legais á túa disposición no país no que estiveres.
- » 3. Facer xestións sobre os casos e coordinarse coas autoridades locais.
- » 4. Xestionar cun psicólogo español para dar unha primeira axuda a distancia.
- » 5. Velar porque a vítima non sexa discriminada pola súa condición de estranxeira.
- » 6. Outorgar unha axuda asistencial extraordinaria, en consideración á situación persoal, económica e familiar da vítima.
- » 7. Pór a disposición da vítima información sobre teléfonos e enderezos útiles en materia de violencia de xénero.
- » 8. Ofrecer asistencia consular e repatriación a España.
- » 9. Coordinación coa Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero para atender o caso da vítima unha vez chegue a España.
- » 10. Servizo de 24 horas para atender as vítimas.

6. A Primeira Semana de Atención e Información para as Mexicanas no Exterior

Doutra banda, o Instituto de Mexicanos no Exterior (IME), da Secretaría de Relacións Exteriores (SRE), organizou, cun formato virtual, a “Semana de Atención e Información para as Mexicanas no Exterior” do 29 ao 02 de decembro de 2021. Nesta semana participaron 30 representacións (embaixadas e consulados) de México. Con conversas desde as distintas representacións, a semana tivo como obxectivo sensibilizar a diáspora mexicana sobre os desafíos que as mulleres mexicanas experimentan no exterior. As entidades da SRE e as representacións no exterior que estiveron na mesa inaugural foron a Dirección Xeral de Protección a Mexicanos no Exterior (DGPME), o Instituto de Mexicanos no Exterior (IME), a Dirección Xeral de Vinculación con Organizacións da Sociedade Civil (DGVOSC) e a Axencia Mexicana de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AMEXCID). As representacións no exterior presentes na inauguración foron os consulados de Chicago e Tucson.

As temáticas que se expuxeron na mesa inaugural foron diversas. Por unha banda, faláronse do importante que é a política exterior feminista para a SRE e para o Goberno de México e destacáronse a importancia de que no servizo exterior mexicano estean melloradas as condicións da muller diplomática. Doutra banda chamáronse a non asumir o sexo xenérico como condición de vulnerabilidade. Neste sentido, afirmáronse que as mulleres non son un sector vulnerable senón vulnerado. No que concirne ás accións con perspectiva de xénero nos consulados, destacáronse o importante que son os recursos e apoios de autoridades locais e organizacións da sociedade civil para axudar a muller mexicana en calquera circunstancia; así mesmo, chamáronse a atención sobre a importancia de recorrer aos consulados ante situacións de violencia de xénero. Para iso están os portelos de Atención Integral para as Mulleres (VAIM) nos consulados nos Estados Unidos. De maneira particular, a DGVOSC chamou a xerar canles para os actores non gobernamentais incidiren en temas de migración e violencia contra a muller.

Pola súa banda, a AMEXCID chamou a apoderar as mulleres mexicanas no estranxeiro, repensar a violencia sexual e a feminización da pobreza; que se protexa ás mexicanas, estean onde estiveren e garantir os dereitos das estranxeiras nas estacións migratorias en territorio mexicano.

Para coñecer as organizacións de migrantes que defenden os seus dereitos enfocámonos na mesa que organizou a Dirección Xeral de Vinculación coas Organizacións da Sociedade Civil (DGVOSC). A mesa “Redes de Apoio para Mexicanas no Exterior” tivo a participación de organizacións como *The Other Dreams in Action*, *As Vandere* e o Instituto para as Mulleres na Migración. Estas organizacións expuxeron como traballan coas mulleres migrantes e os seus procesos migratorios. Neste sentido, faláronse de tanto mulleres de Honduras e Haití, como de mulleres e mozas deportadas de Estados Unidos a México ou mexicanas no exterior, particularmente nos Estados Unidos. As organizacións puxeron na mesa preocupacións sobre as familias transnacionais, o acompañamento a mulleres que sofren violencia no traxecto cara a Estados Unidos e os desafíos de México ao converterse nun país de destino por mor das restricións para entrar aos Estados Unidos e ante a continua mobilización de persoas chegadas de América Central e de América do Sur. En vista diso, a organización *The Other Dreamers* chamou a atención para ter unha perspectiva translocal coa que comprender mellor como viven as persoas os seus

procesos migratorios. Ante iso, as organizacións demandaron unhas políticas orientadas para a migración que sexan sensibles á diversidade que se vive entre as diversas persoas que fan as súas vidas en movemento. Así mesmo, expúxose a necesidade de que os consulados nos Estados Unidos difundan mellor as condicións e situacións das mulleres nese país para defender os seus dereitos e para acceder a protección consular e local cando viven situacións de violencia de xénero.

7. Diplomacia Consular e Xustiza de Xénero

Seguindo a preocupación de Waling sobre o déficit no estudo das masculinidades, cando se tenta identificar como os homes se implicaron no estudo dos dereitos das mulleres, é recoñecido o marxinal que resulta o número de homes que estudan o xénero con perspectivas feministas. Desde unha perspectiva histórica, Jablonka expón unha relación de homes que pensaron a igualdade de xénero. Con todo, o autor di que, aínda que estes homes amosaron o seu interese e actuaron, dalgunha maneira, a prol dos dereitos das mulleres, advírtese que estes pensadores, aínda coa intención de “nivelar a muller en materia de dereitos, non contemplaban cambiar a vida dos homes, nin a súa autoridade social, nin a súa preponderancia de xénero” (Jablonka, 2020, p. 11). No contexto da Revolución Americana, o marqués de Condorcet denunciou que as leis eran opresivas contra as mulleres. Pola súa banda, un pensador de referencia sobre o pensamento feminista nos homes é John Stuart Mill. Stuart Mill, como deputado, promoveu o dereito a votar para “as mulleres instruídas e impenables” (Jablonka, 2020, p. 11). Na obra “O sometemento da Muller” (Stuart Mill, 2005), Stuart Mill denuncia as inxustizas ás que se enfrontan as mulleres na súa vida cotiá. Cunha ollada plural, ao revisar o desenvolvemento dun pensamento feminista por parte de certos homes, non quedan fóra aqueles homes non occidentais. Son os casos de pensadores do mundo árabe: Ao-Tah-tawi, Qasim Amin e Tahir Haddad. As críticas e os ataques foron parte das consecuencias recibidas por estes pensadores que cuestionaron aspectos das situacións de sometemento baseándose en certas interpretacións das sociedades islamitas (Jablonka, 2020, p. 186). Entre estes homes promotores dunha igualdade entre xéneros hai un sector especialmente significativo, os “médicos da emancipación”. Jablonka identifica, na segunda metade do século XIX, un conxunto de médicos, hixienistas e alienistas que amosan preocupación e interese por comprender o sufrimento feminino. Quer desde a obstetricia, quer desde a menstruación, os avances científicos que estes médicos establecen buscan unha nova relación entre as mulleres e os seus corpos onde estas sexan as que dominan os seus corpos (Jablonka, 2020, p. 186). Estes pensadores amosaron “empatía” coas causas das mulleres, pero non lograron unha perspectiva individual e colectiva onde a igualdade se despregase en todos os ámbitos que supoñen as relacións entre xénero. Exemplo diso atopámolo en Stuart Mill quen, aínda coas súas posturas igualitarias entre xéneros, mantivo unha postura tradicional respecta ás tarefas do fogar (Jablonka, 2020, p. 187).

Ante un evidente déficit no estudo das masculinidades e os homes con perspectiva de xénero, baseado na literatura existente e consonte as experiencias expostas, para ilustrar como se está transformando a diplomacia ante a perspectiva de xénero, nesta sección deixamos unhas ideas iniciais para comezar unha discusión sobre como estudar o rol dos homes ante as deman-

das de maior igualdade entre xéneros na diplomacia. Para iso recórrase a dúas perspectivas que se complementan co fin de reflexionar sobre posibles rutas que leven a ter unha diplomacia máis inclusiva a partir da perspectiva de xénero.

Por unha banda, está a idea de xustiza de xénero (Jablonka, 2020) e, doutra banda, está a importancia de recoñecer a axencia dos homes para a propagación da cultura patriarcal (Waling, 2019). Jablonka chama a repensar as masculinidades para promover unha xustiza de xénero. Neste sentido, téñense que impulsar masculinidades que non fomenten a “dominación” e promovan o “respecto”, a “igualdade” entre xéneros, así como contribuír a “desmontar o patriarcado” (Jablonka, 2020, p. 100). Neste sentido, cando os homes se pensen a si mesmos, desde a xustiza de xénero, estes teñen que considerar “unha tripla vontade”: 1. Cuestionar, tanto como individuos como grupo, as súas formas de desprezar a súa maneira de ser home; 2. Vivir a igualdade dentro da parella, a familia, o traballo, a rúa, o transporte público, as asembleas, etc. e 3. Establecer novas alianzas para mobilizacións futuras a favor da xustiza de xénero (Jablonka, 2020, p. 102).

Para lograr esta conciencia de xénero nos homes, considérase importante seguir as pautas que expón Waling sobre as formas e déficits cando se estudan as masculinidades. Waling afirma que no estudo e a teorización sobre as masculinidades e os homes é necesario considerar as teorías feministas, pois para estas análises é necesario pensar no poder e as estruturas desiguais que marcan as relacións entre homes e mulleres (Waling, 2019). Para esta autora cómpre cuestionar a axencia e o compromiso reflexivo dos homes coas masculinidades e as súas prácticas co fin de pensar abertamente as desigualdades sistémicas e do poder (Waling, 2019, p. 90). Para esta autora a masculinidade preséntase como algo externo que lles sucede aos homes, que mesmo os converte en vítimas (Waling, 2019, p. 97). Neste sentido, citando a Berggren, sinalase que “a promulgación da masculinidade non é soamente unha experiencia de discurso, normas culturais, e poder, pois as masculinidades non poden limitarse a experiencias vividas que neguen consideracións de poder ou estruturas de desigualdade” nas relacións entre xéneros (Waling, 2019, p. 95). Neste sentido, é necesario avanzar no estudo da axencia dos homes na formación das masculinidades (Waling, 2019, p. 96). Di a autora que se sabe como os homes desprezan a súa masculinidade en diversas culturas e situacións sociais, pero aínda falta estudar como os homes reflexionan os seus compromisos coa masculinidade (Waling, 2019, p. 97).

Ao levar estas perspectivas sobre a xustiza de xénero e a axencia dos homes para producir e reproducir estruturas de poder que fomentan a desigualdade e a violencia contra as mulleres ao ámbito da diplomacia e de acordo ás experiencias expostas, destácase a idea de que as mulleres non son persoas constitutivamente vulnerables, senón que son construídas vulneradas dentro do sistema patriarcal. Neste sentido é fundamental a revisión da axencia dos homes para a construción e reprodución desta vulnerabilidade que expón Waling (2019).

Desde as entidades locais, a través das alcaldesas, alcaldes e Presidentes das Cámaras coa AECT Río Minho, reclamouse o agravio que as administracións supramunicipais estiveron xerando na cidadanía e, especialmente, nas traballadoras transfronteirizas, coa súa decisión unilateral de pechar os pasos fronteirizos. Diante desta situación e da falta de escoita e reacción do Estado Español e Portugués fixéronse varias accións reivindicativas nas pontes internacionais pechadas, nas que incluso se recolleron testemuñas dunha e da outra beira.

O paradoxo foi tan grande que se deran casos de profesionais sanitarias galegas da zona sur do Baixo Miño (A Guarda e O Rosal) que tiñan que viaxar a Tui a diario para acudir aos seus postos de traballo en Centros de Saúde de Viana do Castelo. A inacción dos gobernos centrais diante das demandas amosou non só o afastados que están fisicamente os núcleos de decisión do ámbito fronteirizo senón tamén o lonxe que se atopan da comprensión da realidade miñota.

As accións coordinadas foron unánimes e nelas participaron todos os dirixentes locais de todas as cores políticas existentes no panorama municipal e autárquico. Estas tiveron unha importante repercusión con cobertura autonómica e estatais. A imaxe máis icónica ten sido a presenza das alcaldesas/alcaldes/presidentes de Cámara, solicitando, cunha mensaxe directa, a apertura das fronteiras. As letras “OPEN THE BORDER” sobre unha das pontes do Miño tiveran visibilidade internacional.

Non obstante, as decisións de peche de fronteira mantivéronse a pesares das reivindicacións das Cámaras e dos Concellos xerando un agravio comparativo sobre as veciñas e veciños raianos superior ao xerado polo efecto da propia pandemia.

Desde un punto de vista operativo, podemos concluír que os poderes locais traballaron en favor dos transfronteirizos e do conxunto da sociedade miñota por dúas vías:

En primeiro lugar, por medio da coordinación cos concellos veciños no río. A coordinación bilateral entre concellos, con e sen estatuto de eurociudades, resolveu moitas das dificultades persoais e familiares dentro das posibilidades da lei, en particular cos recoñecementos de residencia e as xestións antes outros poderes públicos.

En segundo lugar, por medio da coordinación agregada. A AECT Río Miño, de recente creación, asistida dende a orixe pola Deputación de Pontevedra, a CIM Minho e os concellos da área, converteuse no instrumento de acción e coordinación conxunta de alcaldesas, alcaldes e presidentes de Cámara deas diversas forzas políticas das dúas beiras do Miño, exercendo un consenso pouco común nestes tempos na defensa das persoas e do territorio.

O conxunto da acción local non puido resolver unha decisión política “en nome do Estado”, pero si puido minimizar os seus efectos, documentar o dano causado e reclamar nas políticas de recuperación pospandemia a prioridade das persoas e territorio dobremente prexudicados, pola pandemia e pola decisión política.

Outra conclusión da acción municipal, non menos relevante, é o feito de que, sometidos os concellos do Miño e as institucións locais (AECT, Deputación de Pontevedra, CIM Minho) a unha situación de “estrés”, a reacción foi consensuada, coordinada e conxunta. A percepción, por exemplo, de que o risco sanitario estaba nunha das dúas beiras do río, podería ter levado,

como noutros lugares, a comportamentos inapropiados, fundamentados no medo ou mesmo no pánico. Pola contra, a reacción dos poderes locais foi serena, prudente e fundamentada na ciencia, lonxe de calquera comportamento demagóxico ou alarmista.

5. Conclusions

O restablecemento parcial da fronteira prexudicou á poboación das dúas beiras do Miño, e de modo singular aos traballadores transfronteirizos.

Como se analizou neste traballo, a definición deste concepto é difusa, e non recolle múltiples situacións de persoas que, padecendo esta realidade na pandemia, non teñen o recoñecemento xurídico de traballadores nesta situación. Daquela, ademais dun concepto pouco definido, o número de persoas afectadas é moito maior do estimado.

No que toca ao perfil, as persoas que responderon ao rexistro de afectados resultan ser, na súa meirando parte, traballadoras do Baixo Miño, que traballan na industria dos concellos do Alto Minho, singularmente en Vila Nova da Cerveira. O fenómeno do traballador transfronteirizo non é do país con menor renda e salario ao país con maior renda e salarios, senón que produce mobilidade nas dúas direccións. Na dirección inversa, o país con menor renda e salarios é tamén o das maiores taxas de emprego, polo que o movemento tamén sigue esta dirección, cun nesgo de xénero que debera tratarse nun traballo de investigación específico.

O conxunto destas situacións, que prexudican especialmente aos concellos lindeiros ao Río Miño, foi mitigada pola acción municipal, que continuou coordinada cos homólogos da outra beira do Río. As declaracións institucionais e a operatividade dos organismos (AECT Río Minho, Eures-t...) así como o coñecemento dos principais responsables administrativos da realidade do territorio, permitiu resolver unha parte importante da limitación imposta.

Por último, é relevante indicar que a fronteira, restablecida por causas de saúde pública entre os dous Estados, no caso do Miño separou dúas partes dun territorio cunha incidencia baixa do COVID 19. Prevaleceu a lóxica de Estado.

Bibliografía

Convenção entre Portugal e a Espanha para Evitar a Dupla Tributação em Matéria de Impostos sobre o Rendimento (1968). Recuperado de: <https://www.ministeriopublico.pt/instrumento/convencao-entre-portugal-e-espanha-para-evitar-dupla-tributacao-em-materia-de-impostos-0>

Decreto nº 2-A/2020 de 20 de março para a execução da declaração do estado de emergência efetuada pelo Decreto do Presidente da República nº 14- A/2020, de 18 de março. Recuperado de: <https://dre.pt/home/-/dre/130473161/details/maximized>

Eures-T Galicia – Norte de Portugal (2020) *Consecuencias para la movilidad transfronteriza de trabajadores de las medidas adoptadas por los gobiernos de España y Portugal para la gestión de la crisis ocasionada por el covid-19.*

Euroregión NAEN (2020) *Impacto socioeconómico del cierre de la frontera*, Eurore-

- gión NAEN Euskadi – Navarra – Nouvelle Aquitaine. <https://ceval.pt/wp-content/uploads/2020/05/Consecuencias-COVID-19-en-Movilidad-Fronteriza.pdf>
- FERNÁNDEZ-JARDÓN C.M. e MARTÍNEZ COBAS F.X. (2021) *A integración económica no territorio do Miño Transfronterizo*, Deputación de Pontevedra e AECT Río Minho.
- Fernández Prieto, M. et al. (2019) *O mercado laboral da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a mobilidade de traballadores. Informe de indicadores de mobilidade transfronteriza*. Confederación de Empresarios de Galicia e Eures-T. Recuperado de <https://www.eures-norteportugal-galicia.org/wp-content/themes/eures/indicadores/o-mercado-laboral-da-eurorregiao-e-a-mobilidade-de-trabalhadores.pdf>
- LARA-VALENCIA, F., AGULLÓ, J., GARCÍA-PÉREZ, H, OLIVERAS, X, and TRILLO, J. M. (2020), *COVID-19 and cross-border mobility*, Transborder Policy Lab, Arizona State University, Tempe, Arizona.
- Lei nº 44/2008 de 27 de agosto para a alteraçã ao Código do Imposto sobre Veículos.
- MARTINEZ COBAS F.X. e FERNÁNDEZ-JARDÓN C.M. (2019), *O efecto transfronterizo sobre a estrutura económica dos concellos da provincia no Río Miño*. Deputación de Pontevedra.
- MARTINEZ-COBAS F.X. e FERNÁNDEZ-JARDÓN C.M. (2020), *Impacto socioeconómico da pandemia da covid-19 no territorio do Río Miño transfronterizo*. Análise de urxencia. Deputación de Pontevedra e AECT Río Minho.
- Medeiros, E. , Ramírez, M.G., Ocskay, G. and Peyrony, J. (2020), *Covidfencing effects on cross-border deterritorialism: the case of Europe*, European Planning Studies, DOI: 10.1080/09654313.2020.1818185
- Mission opérationnelle transfrontalière (2020), *La crise du covid-19 aux frontières: retours d'expérience du réseau de la MOT*.
- Noveno Informe de Movilidad del Observatorio Transfronterizo España – Portugal (2020) recuperado de: <https://www.gee.gov.pt/pt/destaques/29723-observatorio-transfronterico-espanha-portugal-9-relatorio-dados-2017>
- Paul Carril, V. et al., (2019) *Estratexia do Río Miño Transfronterizo 2030*. Deputación de Pontevedra e AECT Río Minho.
- Provedora e Valedora da Cidadania Transfronteriza (2020) *Impacto do peche da fronteira do Miño pola crise da Covid-19*, Eurocidade Cerveira – Tomiño.
- Regulamento (CE) Nº 883/2004 do Parlamento Europeo e do Consello de 29 de abril de 2004 sobre a coordinación dos sistemas de seguridade social
- CEVAL (2020) *Reativação da economia nas regiões de fronteira do Alto Minho*.
- Resolução do Conselho de Ministros nº 10- B/2020
- Serviço de Estrangeiros e Fronteiras (2020), recuperado de: <https://www.sef.pt/pt/pages/noticia-sef.aspx?nID=793>
- TRILLO-SANTAMARÍA, J.M. et al. (2021) *Closing boundaries and economic impacts--the Minho river border in times of Covid-19*, Association for Borderlands Studies Virtual Conference, April 2021

TEMPOS NOVOS

revista mensual de información e opinión para o debate



SUBSCRÍBETE!

subscricions@temposnovos.net

Tamén no teléfono 981 557 117

WWW.TEMPOSDIXITAL.GAL


ATLÁNTICA
EDITORA DE REVISTAS

Chaves xeopolíticas trala ruptura Alxeria-Marrocos

David Alvarado⁽¹⁾

Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi).

RESUMO: O 24 de agosto de 2021, Alxeria anunciou a ruptura das relacións diplomáticas con Marrocos. A dialéctica entre os estados que se disputan o liderado magrebí ten sido historicamente tensa, pero a normalización entre Marrocos e Israel en contrapartida do recoñecemento estadounidense da soberanía de Rabat sobre o Sáhara Occidental induce un desequilibrio, que chama a atención sobre variables de orde xeopolítica máis amplas na análise, as súas implicacións e perspectivas: conflito Irán-Israel, quebra da fronte árabe con Palestina, guerras de influencia en África, arbitrase en Libia, rol en Malí e no Sahel, e as implicacións políticas e económicas para, entre outros, o Estado español e a UE. Até agora tense imposto a moderación, evitando a guerra armada, aínda que a inexistencia dun diálogo directo e o fracaso dos intentos de mediación representan unha ameaza á estabilidade e seguridade.

Palabras chave: alxeria, marrocos, sáhara occidental, magreb, áfrica, israel, irán, ue, españa, xeopolítica, xeoestraxia, diplomacia, hidrocarburos

RESUMEN: El 24 de agosto de 2021, Argelia anunció la ruptura de relaciones diplomáticas con Marruecos. La dialéctica entre los estados que se disputan el liderazgo magrebí ha sido históricamente tensa, pero la normalización entre Marruecos e Israel en contrapartida del reconocimiento estadounidense de la soberanía de Rabat sobre el Sáhara Occidental induce un desequilibrio, que llama la atención sobre variables de orden geopolítico máis amplias en el análisis, sus implicaciones y perspectivas: conflicto Irán-Israel, quiebra del frente árabe para con Palestina, guerras de influencia en África, arbitraje en Libia, rol en Malí y en el Sahel, y las implicaciones políticas y económicas para, entre otros, el Estado español y la UE. Hasta ahora se ha impuesto la moderación, evitando la guerra armada, aunque la inexistencia de un diálogo directo y el fracaso de los intentos de intermediación representan una amenaza a la estabilidad y seguridad.

Palabras clave: argelia, marruecos, sáhara occidental, magreb, áfrica, israel, irán, ue, españa, geopolítica, geoestraxia, diplomacia, hidrocarburos

ABSTRACT: On 24th August 2021, Algeria announced the rupture of diplomatic relations with Morocco. The dialectic between both states struggling for Maghreb leadership has historically been tense, but the normalisation between Morocco and Israel in return for US recognition of Rabat's sovereignty over Western Sahara induces an imbalance, which draws attention to broad

(1) David Alvarado é doutor en ciencias políticas, especializado en procesos políticos contemporáneos, política comparada e xeopolítica, cunha dilatada traxectoria profesional en medios de comunicación, consultoría estratéxica e de comunicación a nivel internacional, tendo desenvolvido un coñecemento experto na rexión EMEA (Europa, Medio Oriente y África). Autor de *La yihad a nuestras puertas: La amenaza de Al Qaeda en el Magreb Islámico* (Akal, 2010); *Rif. De Abdelkrim a los indignados de Alhucemas* (Catarata, 2017); *Alá, patria y rey. Marruecos, transición a ninguna parte* (Libros.com, 2022) e *La UE y las "primaveras" magrebies, 2011-2021* (Greens/EFA Parlamento Europeo, 2022).

der geopolitical variables in the analysis, their implications and projections: Iran-Israel conflict, breakdown of the Arab front towards Palestine, wars of influence in Africa, arbitration in Libya, role in Mali and Sahel, and the political and economic implications for, among others, the Spanish state and the EU. So far, moderation has prevailed, avoiding armed conflict, although the lack of direct dialogue and the failure of mediation attempts represent a threat to stability and security.

Keywords: algeria, morocco, western sahara, maghreb, africa, israel, iran, eu, spain, geopolitics, geo-strategy, diplomacy, hydrocarbons

1. Introducción

O ministro de asuntos exteriores alxerino, Ramtán Lamamra, anunciaba o 24 de agosto de 2021 a ruptura das relacións diplomáticas do seu país co Reino de Marrocos. Era o colofón a unha serie de desacordos, provocacións cruzadas e fitos senlleiros que cobraron renovada intensidade trala normalización das relacións entre Rabat e Tel Aviv, en decembro de 2020. Porén, o detonante definitivo foi o proceder de Omar Hilal, representante marroquí permanente ante Nacións Unidas, que nunha reunión do Movemento dos países non aliñados, os 13 e 14 de xullo de 2021, afirmou que “máis que ningún outro, o valente pobo da Cabilia (alxerina) merece desfrutar plenamente do seu dereito á autodeterminación” (MEE, 2021). O impacto do acto de Hilal foi máximo en Alxeria, considerando a deriva marroquí unha “provocación”. De nada serviron, uns días despois, as palabras de Mohamed VI que, no seu discurso do Trono do 31 de xullo, puxo de relevo que “Alxeria non debe temer ningunha malevolencia de parte de Marrocos”, tendendo de paso a súa man ao “país irmán” (Mohamed VI, 2021). Foi en van. Para Alxer, Rabat tiña pasado unha liña vermella e os feitos dos responsables do Reino non se correspondían coa luva lanzada polo xefe de Estado, e de aí a decisión final de Alxeria.

É a xeito de desquite ao apoio alxerino á Fronte Polisario, que Marrocos evidencia o seu sostén ao Movemento pola Autodeterminación da Cabilia (MAK, nas súas siglas en francés). Amais, Alxer recrimina a Rabat un pretendido apoio ao Movemento Rachad que, ao mesmo nivel que o MAK, é considerado como “terrorista” polas autoridades alxerinas, atribuíndolles a ámbalas organizacións a autoría dos grandes incendios que asolaron o país no verán de 2021, que se saldaron con alomenos noventa mortes. En paralelo, Alxer procedeu a intensificar os controis de seguridade fronteirizos no oeste, á vez que lle pide a Marrocos unha clarificación sobre as declaracións de Hilal. Oficialmente, Marrocos nin afirma nin refuta os propósitos do seu diplomático. As únicas mencións chegan da man de medios de comunicación e actores non oficiais, pouco sospeitosos de independencia e que dependen das consignas do poder (Boudarham, 2021; El Bouzdaini, 2021). Así, multiplícanse as mensaxes de apoio ao MAK, que adquire unha visibilidade inédita en Marrocos, do mesmo xeito que o seu presidente, Ferhat Mehenni, exiliado en Francia, protagonista de roldas de prensa e entrevistas, quen non dubida en agradecer ao rei marroquí a súa axuda, sinalando que “a Cabilia libre escribirá en letras de ouro o nome da Súa Maxestade Mohamed VI” (Arif, 2021).

A reacción oficial marroquí non chegará até o solemne anuncio alxerino de ruptura diplomática, cando o ministerio de asuntos exteriores, da cooperación africana e dos marroquí

residentes no estranxeiro fai público un comunicado no que lamenta a decisión, que cualifica de “completamente inxustificada” (MAEC, 2021). Rabat aproveita o comunicado para presentarse como un “socio críbel e leal” para o pobo alxerino, tentando marcar unha fenda entre o réxime do país veciño e os seus administrados, afirmando que seguirá actuando con “sabedoría e responsabilidade para o desenvolvemento dunhas relacións intermagrebís saudábeis e frutíferas”. O daquela presidente do goberno marroquí, o islamita Sadedín Elotmani, presenta o diferendo coma “un paréntese na construción da Unión do Magreb Árabe (UMA) e o regreso á situación de normalidade” (MEE, 2021b).

Marrocos tamén afonda nun relato que insiste na fragilidade interna do réxime alxerino e a severa crise económica, política, institucional e mesmo identitaria que atravesa, que xustifica a estratexia da cúpula militar ao mando para consolidar o apoio social na fronte interna perante o tradicional inimigo externo. De paso, Rabat aproveita para dirixirse á UE e a Estados Unidos, pero tamén a Israel, por vías oficiais e oficiosas, reivindicando que a súa posición encarna a razón e a ponderación na rexión, fronte a unha Alxeria que se insinúa pouco fiable. Neste senso, as autoridades marroquís tentan calmar os receos diante dunha eventual escalada militar e os seus efectos na rexión. Asemade, nun primeiro momento, multiplícanse as mensaxes para paliar o temor no que se refire ao abastecemento dos países europeos en gas a través do Gasoduto Magreb-Europa (GME), que comunica co continente europeo desde 1996 a través de Marrocos os xacementos de Hasi R'mel, no Sáhara alxerino. E para isto, Rabat rescata un proxecto politicamente concibido en 2016: o gasoduto Nixeria-Marrocos, cuxos estudos de viabilidade teñen sido concluídos, cuxa construción está chamada a realizar a Nigerian National Petroleum Corporation (NNPC), pero do que, máis aló dos estudos de concepción, aínda que non se ten dilucidado a financiación (Kadiri, 2021).

2. Histórica animosidade

As relacións entre Alxeria e Marrocos teñen sido historicamente tensas. Para os responsables dos dous principais estados do Magreb, que se disputan o liderado na rexión, a conformación do inimigo exterior encarnado no país adxacente é un medio para consolidar os seus propios réximes, presuntamente antagónicos, e animar deste xeito un nacionalismo vantaxoso para a súa propia cohesión interna. Apenas un ano despois da independencia alxerina, en 1963, proba disto é a chamada “guerra das areas” para delimitar o trazado fronteirizo nos límites saharianos. A partires de 1975, a disputa pola supremacía na rexión cristaliza arredor da controversia do Sáhara Occidental, precipitando a ruptura das relacións diplomáticas entre 1976 e 1988. En 1994, a rivalidade segue viva e Dris Basri, entón home forte do réxime marroquí, na súa calidade de ministro de Interior, acusa directamente aos servizos secretos alxerinos de estar detrás do atentado terrorista no hotel Atlas-Asni de Marraquech, dando comezo a unha campaña de expulsións de alxerinos en situación irregular instalados en territorio marroquí e instaurándose o visado obrigatorio de entrada a Marrocos. A resposta de Alxeria non se fixo esperar, procedendo ao peche das fronteiras terrestres, que case tres décadas despois aínda está vixente (Alvarado, 2010: 101-103).

Buscando acabar coas dinámicas de ruptura, en 1999, recién elixido, Abdelasis Buteflika, fixo o xesto de asistir ao funeral de Hasán II. O presidente alxerino brandiu entón as bondades dun Magreb unido, libre de vellos conflitos, e avogou por un achegamento necesario para o desenvolvemento da rexión. Pero Buteflika, escollido pola cúpula militar para ser xefe de Estado á fronte do outrora partido único, a Fronte de Liberación Nacional (FLN), non foi capaz de desvincularse dos principios do réxime alxerino e non cesou de afirmar, intensa e regularmente, o apoio do seu país á autodeterminación saharauí, suscitando os receos dos marroquíes (Alvarado, 2018). Á marxe dun cumio da Liga Árabe celebrada en Alxer, en marzo de 2005, Buteflika mantivo un encontro con Mohamed VI, que se pretendía fose o inicio da apertura. Porén, a pesares da arela suscitada, a reafirmación de Buteflika no seu apoio á causa saharauí, con motivo do aniversario da Fronte Polisario, en maio, precipitou un comunicado do ministerio de Exteriores marroquí, etiquetando de “non oportuna” a visita prevista os días 21 e 22 de xuño de 2005 do primeiro ministro alxerino, Ahmed Uiahia. Desde entón, ningún outro xefe de goberno alxerino ten pisado chan marroquí. A rivalidade consérvase, as tensións enquistanse e, de xeito cíclico, emerxe o enfrontamento.

No máis recente, en outubro de 2017, Rabat chama a consultas ao seu embaixador en Alxeria para protestar contra unhas declaracións do entón xefe da diplomacia alxerina, Abdelkader Mesahel, quen acusou a Marrocos de ser un “Estado narcotraficante” (Alvarado, 2019). En maio de 2020, nun encontro con compatriotas, o cónsul marroquí en Orán non dubidou en fincar que se atopaban nun “país inimigo”. A reacción foi inmediata e o embaixador marroquí en Alxer convocado polo ministerio de Exteriores, expulsando en derradeiro termo ao cónsul, acusado de ser un axente da intelixencia marroquí (Louadj, 2020). En outubro dese mesmo ano, as Forzas Armadas Reais (FAR) protagonizaron unha operación en Guerguerat, na zona tampón do Sáhara Occidental, entre o sur do territorio en litixio e Mauritania, un paso esencial para o comercio entre Marrocos e África do Oeste, co gallo de dispersar elementos da Fronte Polisario que, apostados na zona, acusan de bloquear o tráfico de pasaxeiros e mercadorías (Deychillaoui, 2020). A organización saharauí replica, arremetendo contra a actuación de Rabat e anunciando a ruptura do alto o fogo asinado en 1991 e o inicio das hostilidades. A tensión evoluciona durante semanas, con hostilidades recorrentes entre elementos das FAR e os independentistas saharauís que, aínda sen demostracións consistentes, non cesan de proclamar a existencia dun escenario de guerra aberta desde entón (APS, 2021).

A consecuencia desta histórica rivalidade, na que a querela do Sáhara Occidental é a parte máis visíbel, ambos estados manteñen unha particular carreira armamentística. De lado alxerino, é unha constante desde a mesma independencia do país, mentres que en Marrocos o incremento do gasto militar tense acentuado nos últimos anos. Alxeria, considerado o segundo exército africano, mentres que Marrocos sería o quinto, gastou máis de 90 mil millóns de dólares en Defensa entre 2010 e 2020, fronte aos 35,6 mil millóns de dólares de Marrocos durante o mesmo período. Pero só en 2020, o orzamento militar de Rabat ten aumentando un 30% con respecto ao ano anterior, que xa tiña sido substancialmente maior que no curso precedente. Nun contexto de marcada crise económica e social, Marrocos ten superado os 50 mil millóns de dirhams de gasto (4,5 mil millóns de euros), que se xustifica pola adaptación e modernización dos equipos militares para a defensa da integridade territorial do Reino, aludindo precisamente ao

conflito saharauí e ao reforzo das súas fronteiras terrestres fronte a un eventual ataque alxerino (Filali, 2021).

A día de hoxe existe unha sorte de paridade estratéxica. Mesmo se o Exército Nacional Popular (ANP, nas súas siglas en francés) é menos numeroso que as FAR, contando con 130.000 efectivos o primeiro e 310.000 o segundo, Alxeria dispón de 150.000 reservistas ademais de 190.000 forzas paramilitares, fronte a 150.000 reservistas e 50.000 forzas paramilitares marroquí (Toussaint, 2021). Se ben Alxeria dispón dun máis amplo arsenal, que inclúe pingües continentes de orixe ruso, chinés, indio ou mesmo francés, Marrocos equipase con armamento que non está ao alcance do seu veciño, sobre todo carros de combate e cazas estadounidenses equipados con tecnoloxía israelí, moito máis avanzados (Ben Salem, 2021). En datas recentes, a carreira de armamento ten chegado tamén aos drones, privilexiando os drones de combate equipados con mísiles, capaces de localizar e atacar un obxectivo para despois regresar á base, xa sexan turcos ou estadounidenses (Bayo, 2021b).

3. Rabat, valedor israelí no continente

A normalización da relación con Israel en contrapartida do recoñecemento norteamericano da soberanía marroquí sobre o Sáhara Occidental crea un desequilibrio na relación entre os dous actores que aspiran á supremacía magrebí e alén da rexión, a nivel continental. Este apoio sanciona en certo xeito o fracaso alxerino, que apoia á Fronte Polisario desde 1975 e, se ben a administración Biden non ten ratificado o recoñecemento da “marroquinidade” do Sáhara feito por Donald Trump e que a UE mantén un elocuente silencio sobre a cuestión, en Alxeria interpretan que é cuestión de tempo que Marrocos vexa satisfeitas as súas demandas soberanas en detrimento dunha resolución do conflito no marco de Nacións Unidas. Doutra banda, Alxeria conta con poucas armas de presión sobre o seu veciño, que ten transcendido o Magreb como marco de actuación e aspira ao liderado continental. A normalización a asociación privilexiada con Israel, ratificada con sucesivos acordos en diversas materias, incluído o eido militar, pon a disposición de Marrocos os medios para tan elevadas ambicións.

O regreso de Marrocos á Unión Africana (UA) ten sido mal dixerido por Alxer. O cambio estratéxico operado por Marrocos, que se ten reorientado de xeito acentuado cara o continente africano, é fronte de inquietude para Alxeria, xa que aquilo que se consideraba consumado, gañado, a nivel continente, deixa de ser unha convicción. Marrocos ten acrecentado o seu peso e influencia en África, onde multiplica os seus intereses económicos e estende o seu *soft power*, mentres que Alxeria, cuxa influencia, ao igual que a súa economía, mantense moi dependente da evolución do curso dos hidrocarburos nos mercados internacionais, persiste nas súas dificultades para despregarse cara Occidente. A proximidade de Marrocos cos países do Consello de Cooperación do Golfo (CCG) e a vontade exhibida por Rabat para integrar a Comunidade Económica de Estados da África Occidental (CEDEAO) son percibidas por Alxer como unha política deliberada para illar Alxeria da súa entorna máis inmediata (Alvarado, 2022: 193-202).

Contribuíndo a que Israel recupere un estatuto de observador no seo da Unión Africana (UA), perdido en 2002, Marrocos amosa a súa influencia e elevada capacidade para mobilizar apoios na instancia panafricana. E isto a pesares de que Alxeria manobrou no sentido contra-

rio, de xeito activo, lembrando en todo momento aos países membros da UA que sempre tiñan apoiado a causa palestina. Para Tel Aviv, este fito significa un primeiro paso para un despregue estratéxico no continente e, de xeito particular, en África do oeste e francófona, onde a influencia marroquí é máis acentuada. En contrapartida, Marrocos agarda beneficiarse de importantes investimentos israelís, dispor das redes de influencia de Tel Aviv para defender os seus intereses a nivel global e intensificar a cooperación en materia de seguridade, aínda que esta xa existía, pero de xeito discreto, como evidencia as revelacións sobre o uso de parte de Marrocos do programa espía Pegasus, producido polo israelí NSO Group, que permitiu a Rabat vixiar milleiros de teléfonos, incluíndo os de activistas, opositores e xornalistas, mesmo estranxeiros (AI, 2021).

Sen esquecer que Mohamed VI é o presidente co Comité Al Qods (Xerusalén), para xustificar as súas opcións máis aló da defensa da súa soberanía sobre o Sáhara, Marrocos sostivo a que a normalización abría a posibilidade de influír nas orientacións da política israelí ao encontro dos palestinos. Cada vez é máis evidente que Israel non está en modo algún disposto a modificar tal política. Porén, despois de abrir unha oficina de enlace en Rabat, pese a que os esforzos da diplomacia marroquí, Israel non ten adoptado a decisión de abrir un consulado no Sáhara Occidental, como tampouco os Estados Unidos, que seguen oficialmente segue a proclamar a necesidade de resolver o conflito a través dunha concertación entre protagonistas baixo a égida de Nacións Unidas. Determinado a non modificar un ápice a súa política palestina e sen implicarse de cheo nas cuestións saharauí, Israel semella máis disposto a axudar a Rabat fronte ao inimigo alxerino. Durante unha visita a Rabat, o 13 de agosto de 2021, o ministro israelí de Asuntos Exteriores, Yair Lapid, declaraba en presenza do seu homólogo marroquí, Naser Burita, a súa inquietude polo “papel xogado por Alxeria na rexión, o achegamento de Alxer con Irán e a campaña despregada por Alxer contra a admisión de Israel como membro observador da UA” (Ben Salem, 2021).

4. Nova fronte magrebí na guerra Israel-Irán

Alxeria non é soamente adversario directo de Marrocos, senón tamén de Israel, como un dos países árabes que aporta un maior volume de axuda á Organización para a Liberación de Palestina (OLP). Alxer encabezou a oposición a que Tel Aviv recuperase o estatuto de observador na UA. Na súa primeira visita a Rabat, en agosto de 2021, Lapid non deixou pasar por alto este feito, proclamando a súa preocupación sobre o rol que Alxeria xoga na rexión polo “seu achegamento con Irán” (Ben Salem, 2021). “Alxeria tense convertido, desde o inicio das primaveras árabes, nun pasadizo para os movementos terroristas instigados por Irán”, subliñou Hasán Kaiba, voceiro de Exteriores israelí (MAP, 2021). O argumento, que non é novidoso en Marrocos, pero ao fio da crecente colusión de intereses con Israel, adoptou renovado pulo. No marco da guerra diplomática con Alxeria no continente africano, Burita insiste hai meses que “Irán está presente no Magreb e a Polisario coopera co Hezbolá”, a milicia chiíta libanesa próxima de Teherán e inimiga de Israel (El Yadari, 2021). A ruptura de Rabat das súas relacións diplomáticas con Irán data de maio de 2018, cando se xustificou a decisión no suposto apoio militar que o réxime dos aiatolás prestaba á Fronte Polisario a través, precisamente, do Hezbolá libanés. A través dun comunicado de Exteriores, Rabat atribuíu daquela á organización islamita

o adestramento na guerra de guerrillas ás milicias independentistas saharauís, nos campamentos de Tinduf, sempre coa convivencia de Alxer (Lamlimi, 2018).

As relacións entre Alxer e Teherán están adobiadas de altos e baixos, de rupturas, acusacións mutuas, mediacións, arranxo de crises e achegamentos, sempre sobre a base de intereses comúns, ás máis das veces conxunturais. Alxeria, por exemplo, xogou un rol central nas negociacións entre Iraq e Irán en 1975, cando a tensión pola delimitación fronteiriza entre ambos estados acadou un punto álxido, chegándose a un acordo grazas ao “acordo de Alxer”. En novembro de 1979, cando os partisanos da revolución islámica toman como reféns a 52 norteamericanos na embaixada de Estados Unidos da capital iraniana, a diplomacia alxerina obtén a súa liberación. A dinámica bilateral deteriórase gravemente a partir de 1993, cando o primeiro ministro alxerino, Redha Malek, acusa a Irán de apoiar á Fronte Islámica de Salvación (FIS), que se salda cunha ruptura de relacións durante anos, até que de xeito relativamente recente o interese común, e a súa animadversión cara Israel, empurra a ámbolos dous países a unha nova achega. A posición de Alxeria sobre a guerra do Iemen tamén é particular, xa que se ben reconece o goberno en liza, apoiado por Ryad, mantén unha posición favorable a Teherán, manifestando o seu rexeitamento a integrar a coalición militar encabezada por Arabia Saudí e Emiratos Árabes Unidos.

A chegada de Israel ao Magreb a través de Marrocos fai saltar todas as alarmas. Visto desde Alxer, Rabat introduciu un vello inimigo, até o de agora lonxe, no entorno inmediato. Para facer fronte á esta ameaza, Alxeria achégase nomeadamente dos iranianos, cos que a partires de agora poderíase desenvolver unha asociación estratéxica, que se engadiría ás que xa existen con China e Rusia. A finais de agosto, cando Alxer anuncia a ruptura oficial de relacións diplomáticas con Rabat, Teherán non tarda en amosar o seu apoio ao réxime alxerino. “Lamentablemente, algúns gobernos teñen cometido grandes erros e teñen pecado ao normalizar (as súas relacións) co réxime sionista usurpador e opresor”, declarou a finais de outubro Ali Khamenei, guía supremo da revolución islámica (Staff, 2021). A situación precipítase cando a principios de novembro as tensións bilaterais aumentan de xeito brusco, despois de que Alxeria acuse a Marrocos da morte de tres cidadáns alxerinos, falecidos tralo bombardeo de dous camiións civís en Bir Lahlu, no Sáhara Occidental.

Apuntado directamente a Rabat, a presidencia alxerina destaca que os marroquíns empregaron “armamento sofisticado” no ataque, insinuando unha orixe israelí deste (Macé, 2021). Os ataques terían sido levados a cabo polos drones dos que Marrocos dispón, xa fosen os Hermes (israelís) ou os Bayraktar (turcos), o que fai temer por unha carreira na materia no Magreb, non podendo excluír que Alxeria recorra aos Mohajer 6 (iranianos) empregados tanto polo Hezbolá libanés como pola resistencia palestina na Banda de Gaza e os rebeldes hutis no Iemen. Os aspectos militares da asociación marroquí-israelí, ratificados no acordo asinado en Rabat o 23 de novembro de 2021 entre os titulares de defensa israelí e marroquí, Benny Ganz e Abdelatif Luidiyi, permite a Tel Aviv ameazar a Alxer a curto prazo, a través dun reforzo das capacidades militares marroquíns, e a medio e longo prazo coa eventual instalación dunha base militar dentro dos límites do Reino de Marrocos (Nabbad, 2021). Da súa banda, Irán, acurrallado no Medio Oriente, onde os seus inimigos son cada vez máis numerosos, non cesando de medrar os países árabes que normalizan as súas relacións con Israel, atopa un aliado privilexiado no que apoiarse

en Alxeria, que mantén un discurso inflexible e dogmático, semellante ao seu, con respecto ao estado Hebreo.

5. Libia e Malí, outros escenarios da contenda

No conflito libio, as hostilidades entre Rabat e Alxer fixéronse evidentes no cumio da UA de febreiro de 2021. Alxeria esperaba que a presidencia sudafricana fose máis vantaxosa para Libia, despois dunha presidencia exipcia que tiña neutralizado toda iniciativa africana na materia. O presidente alxerino, Abdelmálik Téubín, defendía a celebración no seu país dunha conferencia de reconciliación inter libia, pero Rabat, que tamén se amosa moi activo, defende que a lexitimidade das institucións libias debe prevalecer, facendo fracasar a iniciativa de Alxer. A dimisión en marzo de 2021 de Ghasam Salamé, enviado especial de Nacións Unidas para Libia, ofrece unha nova oportunidade a Alxer, que mobiliza ás súas redes de influencia diplomáticas para tentar situar a Lamamra no lugar do libanés. O alxerino, ben introducido na UA, obtivo a aprobación da comisión la instancia panafricana e mesmo contaba coa aquiescencia do presidente francés, Emmanuel Macron, non pronunciándose na súa contra tampouco o secretario xeral da ONU, Antonio Guterres. En concertación con Emiratos Árabes Unidos (EAU), Marrocos logra dar ao traste co nomeamento de Lamamra e, finalmente, é a estadounidense Stephanie Williams que se fai coa interinidade.

Dous grandes campos se enfrontan en Libia: ao oeste, o goberno de unión nacional de Faiez Al Sarraj, formado baixo a égida da ONU e apoiado militarmente por Turquía, e ao leste, o goberno do mariscal Jalifa Haftar, apoiado militarmente por Rusia. Marrocos enarbora os Acordos de Sjírat, localidade ao sur de Rabat, de 2015, onde baixo os auspicios de Nacións Unidas, durante longos meses de negociacións, emerxeu un goberno de unidade nacional. Hai tempo que Rabat quere reactivar o proceso acollendo en Buznika, a proximidade de Sjírat, entre finais de agosto e setembro de 2020, a responsables e delegacións do parlamento libio e o alto consello de Estado. Entre outros, por Marrocos pasaron Aguila Salah Isa, presidente do parlamento de Tobruk (leste), e Jaled Al Michri, presidente do alto consello de Estado (cámara alta do parlamento, oeste). Este activismo marroquí non gusta en Alxeria, que entende que o país veciño pretende sabotar o seu traballo. Alxer lembra que Marrocos é rexeitado da mediación internacional sobre a cuestión, como ocorreu en xaneiro de 2020, cando Rabat non foi invitado ás conversas libias no marco da Conferencia de Berlín.

O aumento da cadencia na ofensiva diplomática marroquí en África tense mesmo trasladado a instancias de relativa influencia, como pode ser a Organización Internacional da Francofonía (OIF), que tamén é escenario da batalla co veciño alxerino. Uns e outros loitan por impoñer aos seus peóns, por gañar influencia, por orientar as decisións dos membros, nun ou noutro senso. Non sen tiras e afrouxas, Moha Uali Tagma, embaixador do Reino de Marrocos en Abuja e diante da CEDEAO, foi nomeado na delegación da OIF para apoiar o proceso de restauración das institucións democráticas en Malí. Esta país é outra das fronteiras onde Marrocos non semella disposto a ceder terreo a Alxeria, que tamén reforza o seu dispositivo diplomático e move as súas pezas para facer valer o seu rol na rexión saheliana, insistindo en que os Acordos de Alxer, de 2015, son o marco máis axeitado para poñer fin á crise política en Bamako.

Segundo Alxeria, a follá de ruta marcada no seu momento segue sendo válida, acaída coa situación do país, sempre e cando se aplique, que non foi o caso. Alxeria tamén ten servido de mediador entre Malí e a CEDEAO, sen éxito. Rabat, quen afirma que Alxeria pretende favorecer a expansión rusa no país e vencella a súa estratexia cunha confrontación directa con Francia, que ten unha forte presenza histórica e política na zona, estima que é preciso acadar novas solucións porque os arranxos pasados teñen amosado os seus límites, en clara alusión aos Acordos de Alxer. Antes do máis recente golpe de Estado, de agosto de 2020, nun contexto no que as tensións non cesaban de medrar, Marrocos xa inxería a prol dunha transición tranquila en Malí, tentando achegar ao presidente, Ibrahim Bubacar Keita, próximo de Rabat, asistindo mesmo Mohamed VI á súa investidura en 2013, e o imán Mahmud Dicko, principal referente da heteróclita oposición. O Sahel é, tradicionalmente, zona de ascendente alxerina e, por mor da rivalidade entre veciños magrebís, Marrocos tense visto excluído dun bo número de iniciativas rexionais. Por exemplo, non é membro do comité de xefes de estado maior, cuxa sé atópase en Alxeria, que coordina as operacións antiterroristas entre Mauritania, Malí e Níxer, poñendo de relevo a falta de cohesión e cooperación na loita contra o extremismo na rexión.

6. Que impacto económico?

A pesares das tensións políticas recorrentes entre Rabat e Alxer, os intercambios comerciais nunca cesaron, elevándose a máis de 500 millóns de dólares anuais e implicando aos dous pesos pesados de cadansúa economía, a saber, a Sonatrach alxerina e a Oficina Xerifiana de Fosfatos (OCP, nas súas siglas en francés). Hai un lustro, Alxeria era o primeiro socio comercial africano de Marrocos, cun valor de intercambios próximo aos 8,5 mil millóns de dirhams (arredor de 793 millóns de euros) a finais de 2016. Agora, o primeiro provedor africano de Marrocos é Exipto, mentres que Costa de Marfil é o principal mercado continental para os produtos marroquí, se ben Alxeria segue a ser o segundo socio comercial do Reino en África, cun volume de intercambios a finais de 2020 de 5,3 mil millóns de dirhams, que representa apenas o 1% das importacións e exportacións do país. Marrocos merca a Alxeria nomeadamente produtos químicos e combustibles, exportando Rabat cara a República Popular, sobre todo, produtos téxtiles e fosfatos, se ben hai outros moitos elementos que, dificultades mediante, transitan entre os dos países a través de marcas internacionais, francesas na súa meirande parte.

Case que 55.000 toneladas de fosfatos, de todo tipo, foron enviadas pola OCP a Alxeria en 2020 por un valor de 173 millóns de dirhams. O xigante marroquí tamén importa 67.000 toneladas de amoníaco desde os campos petrolíferos alxerinos, o cal representa apenas tres meses de consumo dunha soa das ducias de unidades de produción que a OCP ten no complexo de Jorf Lasfar, ao sul de El Jadida. No concerninte ás exportación de gas, Alxeria é o segundo provedor do Reino en butano comercial (1,9 mil millóns de dirhams), sendo tamén relativamente modestas as importacións de gas natural, que ascenden a 1,4 mil millóns de dirhams. A priori, a Marrocos gústalle presentarse relativamente pouco dependente do provedor alxerino, que si fai transitar boa parte das súas exportacións de gas cara Europa ao longo de 540 quilómetros de territorio marroquí.

No momento en que a tensión bilateral non cesaba de medrar, Alxeria comezou a insinuar que modificaría a condución do gas cara o continente europeo, xa que o contrato do

Gasoducto Magreb-Europa (GME) expiraba o 31 de outubro de 2021 e a Sonatrach xa albiscaba a non recondución do acordo para facer bascular o tránsito a través do Medgaz, que une directamente Alxeria co Estado español a través de Almería. Alxer amósase determinada en castigar a Marrocos, xa que Rabat percibe unha peaxe do 7% do valor do gas exportado por esta vía. En 2019, a cifra non acadou os 50 millóns de euros debido á caída no prezo dos hidrocarburos, pero en 2014 o monto achegouse aos 200 millóns de euros. Amais, o GME proporciona un 45% da demanda de gas que precisa Marrocos a un prezo por debaixo do mercado, que serve ás plantas térmicas para xerar o 12% da electricidade do Reino. Desde Rabat tentouse minimizar os efectos da decisión alxerina, poñendo o acento nas perdas para o seu veciño, que presentan como o principal damnificado dunha medida que cuxo único obxecto é castigar a Marrocos.

A non renovación co acordo do GME reduce momentaneamente as capacidades de exportación de gas alxerino por vía terrestre, que era de 16.700 millóns de metros cúbicos anuais, a 8.000, prevéndose subir a 10.000 a partir de xaneiro, contando cun incremento das capacidades do Medgaz. Alxeria exportou só a España 9.000 millóns de metros cúbicos en 2020 e estímase que un 60% do gas xa pasou a través do Medgaz. En principio, o Estado español ten unha infraestrutura que lle permite unha certa diversificación en canto ao aprovisionamento de gas natural, da que depende o 17% da electricidade xerada, pero o incremento semella garantido a curto e medio prazo. Porén, España preséntase como unha vítima colateral da animosidade entre Alxeria e Marrocos.

7. Fracaso nas mediacións

Desde o anuncio da decisión alxerina de rachar relacións con Marrocos, téñense multiplicado os chamamentos para a concordia e o diálogo entre veciños. En primeiro lugar, desde o mundo árabe. O ministro de exteriores de EAU, Cheik Abdulá Bin Zaied Al Naian, asinou un comunicado no que empurraba a avanzar cara unhas “relacións árabes positivas” a favor do desenvolvemento e prosperidade dos seus pobos. Na mesma liña tense manifestado a Organización da Conferencia Islámica (OCI) e a Liga Árabe, ao igual que Arabia Saudita, que ten adoptado un ton conciliador, e mesmo Libia, obxecto de discordia magrebí, que invita a Alxer e Rabat a abrazar “os principios e obxectivos comúns que teñen conducido á creación da Unión do Magreb Árabe (UMA)”.

De visita a Alxer á fronte dunha imponente delegación, a finais de decembro de 2021, a primeira realizada por un presidente mauritano a este país desde hai unha década, Mohamed Uld Ghazuani fixo gala da súa vontade de “restablecer a cohesión entre irmáns magrebís”, proponendo os seus oficios para poñer fin á crise entre Marrocos e Alxeria, xogando sobre a posición neutral de Mauritania (Bayo, 2021). Tunisia tamén se manifestou na mesma liña, se ben a súa posición tense visto recentemente comprometida para protagonizar unha mediación. Porque, como membro non permanente do Consello de seguridade da ONU, que o 29 de outubro de 2021 decidía sobre a prolongación do mandato da Misión de Nacións Unidas para a organización un referendo no Sáhara Occidental (Minurso), Tunisia abstívose na susodita votación, provocando a cólera dos medios marroquís, que interpretaron o xesto como unha traizón, unha cesión en toda regra ás presións alxerinas (Filali, 2021b; Hamrouch, 2021). Walid Haiem,

conselleiro do presidente tunesino, Kais Saied, tentou explicar a súa postura de “neutralidade positiva” e o compromiso cunhas “relacións fraternais e históricos privilexiadas con todos os países do Magreb” (IB, 2021). Porén, a ninguén escapa a dependencia tunesina de Alxeria, tanto a nivel de seguridade como económico, pesando fortemente sobre a posición oficial.

No que respecta á UE, producíronse chamamentos para un achegamento entre as partes, pero sen máis, quedando unha vez máis en evidencia a falta de coherencia, e capacidade, da acción exterior comunitaria, máis preocupada Bruxelas pola sucesión de acontecementos no lado ruso da fronteira con Ucraína que pola estabilidade na súa fronte meridional. A través de Josep Borrell, alto representante comunitario para os asuntos exteriores, a UE pediu aos dous países atopar unha solución diplomática e duradeira, presentándose voluntaria para intervir na controversia. Porén, a resolución de 29 de setembro de 2021 do Tribunal de Xustiza da UE (TXUE), que da a razón ao Polisario e ordena anular os acordos de comercio e pesca entre Marrocos e o ente comunitario, malogrou as opcións para xogar un papel de primeira orde de Bruxelas, outro escenario habitual das liortas entre Alxeria e Marrocos por interposición de diplomáticos e lobistas, ao igual que ocorre en Washington, Nova Iorque e Xenebra, sés, respectivamente, dos poderes estadounidenses e das Nacións Unidas.

España, como parte directamente afectada pola situación ao sur do estreito de Xibraltar, enviou ao xefe da diplomacia, José Manuel Albares, a Alxeria, buscando un achegamento con Rabat, se ben a visita foi nomeadamente en clave económica, buscando o ministro español garantir o subministro de gas e non restablecida a normalidade na relación con Marrocos, supurando aínda a ferida pola acollida de Brahim Ghali, líder da Polisario, nunha clínica rioxana o 17 de maio de 2021 (Alvarado, 2021). Francia tamén ten multiplicado os chamamentos a ámbolos dous países para voltar ao diálogo a prol da estabilidade na rexión, se ben París atravesou unha crise diplomática sen precedentes no Magreb, sendo obxecto dos reproches e condenas duns e doutros.

8. Risco de conflito armado

Semellante polarización xeopolítica non fai senón agravar a fosa que existe entre as opinións públicas marroquí e alxerina. A reivindicación sobre a “marroquinidade” do Sáhara Occidental é compartida por unha meirande parte de marroquís, mesmo de oposición, mentres que unha importante parte de alxerinos desaprobou o achegamento entre Marrocos e Israel, ao igual que o apoio de Rabat a unha eventual autodeterminación da Cabília. As increpacións cruzadas son constantes e ás veces mesmo acadan unha moi grande virulencia en medios e redes sociais, que non fan senón amplificar a situación de malestar e que os réximes en liza non dubidan en aproveitar no seu favor. Grazas a este clima de agresividade logran unificar as súas respectivas fronteiras internas en caso de conflito co veciño e, de paso, desviar a atención sobre auténticos problemas vencellados á propia situación política, pero tamén socio política, sufrindo marroquís e alxerinos de xeito directo os efectos da pandemia.

Neste contexto, un incidente limitado, pero onde cada parte acuse á outra de agresión premeditada, podería dexenerar e devir conflito, mesmo armado. O 1 de novembro de 2021, a presidencia alxerina xa acusou “ás forzas de ocupación marroquí no Sáhara Occidental” do “co-

varde asasinato” de tres alxerinos nun “bombardeo bárbaro” dos seus camións de transporte de mercadorías que facía a ruta entre o sur de Alxeria e Mauritania (MME, 2021c). Rabat argumentou que os camións foran abatidos nunha zona de tránsito militar da Polisario, a proximidade do muro de separación no Sáhara Occidental, precisando que “se Alxeria quere a guerra, Marrocos non” (AFP, 2021). A moderación impúxose en último termo, pero sen emerxer en momento algún da crise un vreiro de comunicación ao máis alto nivel para evitar a repetición dunha situación similar. A inexistencia de diálogo entre Rabat e Alxer é, en si, unha ameaza. A falta de canles directas, algún tipo de mediación dun terceiro actor sería cobizable para evitar unha escalada de desmesuradas consecuencias entre dous países e dous pobos a priori irmáns, con tanto en común.

Referencias

- AI (19/7/2021). Projet Pegasus: le Maroc utilise le logiciel espion contre des journalistes français. *Amnesty International*. Recuperado de <https://www.amnesty.fr/liberte-d-expression/actualites/projet-pegasus-le-maroc-utilise-le-logiciel-espion-contre-des-journalistes-francais>
- AFP (3/11/2021). Le Maroc ne se laissera pas entraîner dans une guerre. *L'Orient Le Jour*. Recuperado de <https://www.lorientlejour.com/article/1280324/le-maroc-ne-se-laissera-pas-entraîner-dans-une-guerre.html>
- ALVARADO, David (2010). *La Yihad a nuestras puertas: La amenaza de Al Qaeda en el Magreb Islámico*. Akal.
- ALVARADO, David (2018). *Rif. De Abdelkrim a los indignados de Alhucemas*. Catarata.
- ALVARADO, David (7/12/2018). Bouteflika contra los generales en Argelia. *esglobal*. Recuperado de <https://www.esglobal.org/bouteflika-contra-los-generales-en-argelia/>
- ALVARADO, David (10/1/2019). Argelia y Marruecos: reconciliación imposible. *esglobal*. Recuperado de <https://www.esglobal.org/argelia-y-marruecos-reconciliacion-imposible/>
- ALVARADO, David (21/5/2021). Marruecos: el arte de la guerra. *esglobal*. Recuperado de <https://www.esglobal.org/marruecos-el-arte-de-la-guerra/>
- Alvarado, David (2022). *Alá, patria y rey. Marruecos, transición a ninguna parte*. Libros.com
- APS (12/11/2021). Déclarée à nouveau par le Maroc, la guerre au Sahara occidental entre dans sa 2e année. *Algérie Presse Service*. Recuperado de <https://www.aps.dz/monde/130482-declaree-a-nouveau-par-le-maroc-la-guerre-au-sahara-occidental-entre-dans-sa-2e-annee>
- ARIF, Hakim (19/7/2021). Entretien exclusif - Ferhat Mhenni: “La Kabylie libre écrira en lettres d’or le nom de Sa Majesté le Roi Mohammed VI”. *L'Observateur*. Recuperado de <https://lobservateur.info/article/100587/actualites/entretien-exclusif---ferhat-mhenni-la-kabylie-libre-ecrira-en-lettres-dor-le-nom-de-sa-majeste-le-roi-mohammed-vi>
- BAYO, Ibrahima (28/12/2021). Crise Maroc-Algérie : que vaut la tentative de médiation du président mauritanien Mohamed Ould Ghazouani? *TelQuel*. Recuperado de https://telquel.ma/2021/12/28/crise-maroc-algerie-que-vaut-la-tentative-de-mediation-du-president-mauritanien-mohamed-ould-ghazouani_1748767
- BAYO, Ibrahima (30/12/2021b). Drones militaires : comment le Maroc devient une puissance montante de la région. *TelQuel*. Recuperado de <https://telquel.ma/2021/12/30/drones-mili>

- taires-comment-le-maroc-devient-une-puissance-montante-de-la-region_1748890
 BEN SALEM, Malik (18/8/2021). En visite au Maroc, le ministre israélien Yaïr Lapid ravive les tensions entre Alger et Rabat. *Courrier International*. Recuperado de <https://www.courrierinternational.com/revue-de-presse/diplomatie-en-visite-au-maroc-le-ministre-israelien-yair-lapid-ravive-les-tensions>
- BEN SALEM, Malik (20/10/2021b). Le Maroc et l'Algérie, deux voisins fâchés et de plus en plus armés. *Courrier International*. Recuperado de <https://www.courrierinternational.com/revue-de-presse/tensions-le-maroc-et-lalgerie-deux-voisins-faches-et-de-plus-en-plus-armes>
- BOUDARHAM, Mohamed (17/7/2021). Autodétermination de la Kabylie: réaction hystérique d'Alger aux propos de l'ambassadeur marocain, Omar Hilale. *Le360*. Recuperado de <https://fr.le360.ma/politique/autodetermination-de-la-kabylie-reaction-hysterique-dalger-aux-propos-de-lambassadeur-marocain-omar-242203>
- DEYCHILLAUI, Mohamed (14/11/2020). L'intervention des FAR à El Guerguerat vue par la presse nationale. *Le360*. Recuperado de <https://fr.le360.ma/politique/lintervention-des-far-a-el-guerguerat-vue-par-la-presse-nationale-227240>
- EL BOUZDAINI, Wissam (8/9/2021). Diplomatie: La cause kabyle et nous. *Maroc Hebdo*. Recuperado de <https://www.maroc-hebdo.press.ma/diplomatie-cause-kabyle>
- EL YADARI, Issam (27/2/2021). Nasser Bourita: " l'Iran est dans notre région et le Polisario coopère avec le Hezbollah ". *Le Desk*. Recuperado de <https://ledesk.ma/2021/02/27/nasser-bourita-liran-est-dans-notre-region-et-le-polisario-coopere-avec-le-hezbollah/>
- FILALI, Kenza (23/10/2021a). Dans un contexte régional tendu, le Maroc prévoit davantage de dépenses militaires. *Le Desk*. Recuperado de <https://mobile.ledesk.ma/enoff/dans-un-contexte-regional-tendu-le-maroc-prevoit-davantage-de-depenses-militaires/>
- FILALI, Kenza (31/10/2021b). Sahara: Comment la Tunisie a cédé au diktak d'Alger. *Le Desk*. Recuperado de <https://mobile.ledesk.ma/enclair/sahara-comment-la-tunisie-cede-au-diktat-dalger/>
- Hamrouch, M'hamed (30/10/2021). Sahara marocain: Le vote " blanc " ou l'incroyable amnésie de la Tunisie soeur! *Le Collimateur*. Recuperado de <https://lecollimateur.ma/62099>
- IB (30/10/2021). Sahara occidental : La Tunisie choisit le principe de neutralité positive. *Webdo*. Recuperado de <https://www.webdo.tn/2021/10/30/sahara-occidental-la-tunisie-choisit-le-principe-de-neutralite-positive/#.Yeb7qxPMI-Q>
- KADIRI, Amine (21/12/2021). Gazoduc Maroc-Nigéria: des accords signés pour le financement de l'étude de conception. *Le360*. Recuperado de <https://fr.le360.ma/economie/gazoduc-maroc-nigeria-des-accords-signes-pour-le-financement-de-letude-de-conception-251690>
- LAIB, Cherif (16/7/2021). Autodétermination de Kabylie : L'Algérie accuse ouvertement le Maroc. *Algérie 360*. Recuperado de <https://www.algerie360.com/autodetermination-de-kabylie-lalgerie-accuse-ouvertement-le-maroc/>
- LAMAMRA, Ramtane (24/8/2021). Déclaration de Lamamra sur la rupture des relations diplomatiques avec le Maroc. *Algérie Presse Service*. Recuperado de <https://www.aps.dz/algerie/126530-declaration-de-lamamra-sur-la-rupture-des-relations-diplomatiques-avec-le-maroc>

- LAMLIMI, Nadia (2/5/2018). Le Maroc rompt ses relations diplomatiques avec l’Iran. *Jeune Afrique*. Recuperado de <https://www.jeuneafrique.com/556388/politique/le-maroc-rompt-ses-relations-avec-liran/>
- LOUADJ, Kamal (15/5/2020). Alger fulmine après les propos tenus par le consul du Maroc à Oran. *Sputnik France*. <https://fr.sputniknews.com/20200515/alger-fulmine-apres-les-propos-tenus-par-le-consul-du-maroc-a-oran-1043785145.html>
- MACÉ, Celián (4/11/2021). L’Algérie accuse le Maroc d’un “bombardement barbare” au Sahara-Occidental. *Libération*. Recuperado de https://www.liberation.fr/international/afrique/lalgerie-accuse-le-maroc-dun-bombardement-barbare-au-sahara-occidental-20211104_BO2MYCIEANBTHAAD6OCDEIUKSU/
- MAEC (24/8/2021). Communiqué. *Ministère des Affaires Etrangères, de la Coopération Africaine et des Marocains Résidant à l’Étranger*. Recuperado de <https://www.diplomatie.ma/fr/communiqu%C3%A9>
- MAP (25/8/2021). La déclaration de Yair Lapid sur les liens qu’entretient l’Algérie avec l’Iran renferme “des informations précises”. *Maghreb Arabe Press*. Recuperado de <https://www.mapexpress.ma/actualite/monde/declaration-yair-lapid-les-liens-quentretient-lalgerie-liran-renferme-informations-precises-ministere-israelien-ae/>
- MEE (10/7/2021a). “Droit à l’autodétermination du peuple kabyle “ : Alger dénonce une “ dérive dangereuse” de Rabat. *Middle East Eye*. Recuperado de <https://www.middleeasteye.net/fr/actu-et-enquetes/maroc-algerie-derive-dangereuse-autodetermination-sahara-occidental-kabylie-pays-non-alignes>
- MEE (25/8/2021b). Rupture des relations diplomatiques avec l’Algérie : Rabat regrette une “décision complètement injustifiée”. *Middle East Eye*. Recuperado de <https://www.middleeasteye.net/fr/actu-et-enquetes/maroc-algerie-rupture-relations-diplomatiques-reactions-decision-injustifiee-bourita-maghreb>
- MEE (3/11/2021c). “ Leur assassinat ne restera pas impuni “ : Alger accuse le Maroc d’avoir tué trois routiers algériens. *Middle East Eye*. Recuperado de <https://www.middleeasteye.net/fr/actu-et-enquetes/algerie-maroc-sahara-occidental-bombardement-escalade-front-polisario>
- MOHAMED VI (31/7/2021). Discours à la nation à l’occasion du 22ème anniversaire de la fête du trône. *Ministère des Affaires Etrangères, de la Coopération Africaine et des Marocains Résidant à l’Étranger*. Recuperado de <https://www.diplomatie.ma/fr/sa-majest%C3%A9-le-roi-adresse-un-discours-%C3%A0-la-nation-%C3%A0-l'occasion-du-22%C3%A8me-anniversaire-de-la-f%C3%A0te-du-tr%C3%B4ne>
- NABBAD, Youri (24/11/2021). Israël signe un accord “ historique “ de coopération militaire avec le Maroc. *Le Desk*. Recuperado de <https://ledesk.ma/encontinuisrael-signe-un-acord-historique-de-cooperation-securitaire-avec-le-maroc/>
- Staff (25/10/2021). Iran’s Ayatollah urges reversal of progress in Arab-Israeli relations. *The Jerusalem Post*. Recuperado de <https://www.jpost.com/international/irans-ayatollah-urges-reversal-of-progress-in-arab-israeli-relations-682989>
- TOUSSAINT, Tanguy K. (7/11/2021). Algérie – Maroc : que pesent leurs forces militaires ? *TV5 Monde*. Recuperado de <https://information.tv5monde.com/afrique/algerie-maroc-que-pesent-leurs-forces-militaires-431591>

Crise en Europa. Unha análise dos casos de Crimea e Donbas

Daniel Prieto de Andrés⁽¹⁾

RESUMO: No ano 2014 estalaría un conflito en Europa do este, entre dous países que contan cunha longa e estreita relación ao longo dos séculos, Ucraína e Rusia. O que se coñece como Guerra ruso-ucraína tería como dous focos principais a Crise de Crimea e o estalido da Guerra en Donbas. Estes dous casos serán os estudados neste artigo a través da ferramenta da árbore do conflito, que será empregada co obxectivo de analizar e sinalar as causas, consecuencias ou mesmo as partes involucradas en cada caso. Este conflito comezou hai sete anos, sen embargo, a pesares de que poda parecer que o mesmo estea estancado, as tensións entre ambos países seguen aí e calquera cambio podería supoñer unha escalada no mesmo.

Palabras clave: Ucraína, Rusia, árbore do conflito, Crimea, Donbas.

RESUMEN: En el año 2014 estallaría un conflicto en Europa del este, entre dos países que cuentan con una larga y estrecha relación a lo largo de los siglos, Ucrania y Rusia. Lo que se conoce como Guerra ruso-ucraniana tendría como dos focos principales la Crisis de Crimea y el estallido de la Guerra en Donbas. Estos dos casos serán los estudiados en este artículo a través de la herramienta del árbol del conflicto, que será empleada con el objetivo de analizar y señalar las causas, consecuencias o las partes involucradas en cada caso. Este conflicto comenzó hace siete años, sin embargo, a pesar de que pueda parecer que el mismo esté estancado, las tensiones entre ambos países siguen ahí y cualquier cambio podría suponer una escalada en el mismo.

Palabras clave: Ucrania, Rusia, árbol del conflicto, Crimea, Donbas.

ABSTRACT: In 2014, a conflict would break out in Eastern Europe between two countries that have developed a long and close relationship over the centuries, Ukraine and Russia. What is known as the russian-ukrainian War would have two main focuses the Crimean Crisis and the outbreak of the War in Donbas. These two cases will be studied in this article through the conflict tree tool, which will be used in order to analyze and point out the causes, consequences or the parties involved in each case. This conflict began seven years ago, however, it may seem that it is stagnant, the tensions between the two countries is still there and any change could lead to an escalation.

Keywords: Ukraine, Russia, conflict tree, Crimea, Donbas.

(1) Graduado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela (2021). Interesado no estudo e análise da Política Internacional, especialmente en Europa do este e nos conflitos internacionais.

1. Introducción

Tras sete anos de conflito, Ucraína e Rusia seguen confrontadas nun escenario pouco previsible no ano 2014, ano no que daría comezo o que se coñece como Guerra ruso-ucraína. O conflito, que tería como focos principais a ocupación da península de Crimea e a Guerra de Donbas, sería un claro reflexo das tensións acumuladas ao longo dos anos entre ambos países.

Se ben en anos anteriores o conflito na rexión de Donbas seguía activo, o nivel de conflictividade na zona non era comparable ao vivido durante os primeiros anos do mesmo. Sen embargo, neste ano 2021 o estado do conflito cambiou en certa medida. Na primavera de 2021 foron rexistrados movementos de tropas rusas na fronteira, que serían retiradas pouco despois, non obstante, neste mes de novembro estase a recoller xunto con novos movementos de tropas, unha certa reactivación na zona, ademais dun aumento nas tensións a nivel xeral. Estas tensións veríanse reflexadas, por exemplo, nos múltiples avisos lanzados polo Secretario Xeral da OTAN ou a decisión de Joe Biden, Presidente dos Estados Unidos de América de enviar ao actual Director Xeral da CIA, Bill Burns, co obxectivo de advertir ao Kremlin de que os seus movementos están sendo monitorizados ante calquera posible agresión contra Ucraína (CSIS, 2021).

2. Metodoloxía

Se partimos da base e entendemos que o conflito entre Rusia e Ucraína ten unicamente unha orixe histórica, deixando así de lado outros factores explicativos, poderíamos expoñer dun xeito máis ou menos claro e conciso os porqués da situación actual. Sen embargo, a explicación dos feitos estaría incompleta, por isto, o obxectivo e o xeito de achegarse á cuestión neste artigo serán diferentes. Sen dúbida, o factor histórico nun caso coma este é relevante, posto que podería axudar por exemplo a entender como as relacións mantidas entre Rusia e Ucraína ao longo da historia marcarían as relacións diplomáticas entre ambos países a día de hoxe (Prieto, 2021).

Se ben sería de interese indagar de xeito máis profundo nesta cuestión histórica, os obxectivos do seguinte artigo virán dirixidos cara outro tipo de análise. A partires do estudo dos xa dous mencionados, focos principais do conflito, a Crise de Crimea e a Guerra de Donbas, tratarase de analizar as similitudes e diferenzas entre ambos casos, ademais de estudar e observar a relevancia do factor étnico dentro do conflito e a posible relevancia doutros factores como o económico ou o social. Tendo en conta os dous obxectivos mencionados anteriormente, o artigo xirará en torno á investigación sobre se o factor étnico é a peza clave para entender ambos casos e por outro lado, a analizar se ambos casos aínda que podan ter unha orixe política similar, non comparten similitudes no que a tipo de conflito se refire e na evolución temporal e militar dos mesmos.

A estratexia seguida para realizar a análise destes dous casos será mediante o emprego da ferramenta coñecida como a árbore do conflito. Esta ferramenta deseñada polo especialista británico en transformación de conflitos, Simon Fisher (2020), emprega a imaxe dunha árbore para ordear os elementos claves do conflito, facilitando unha vista conxunta dos compoñentes do conflito, permitindo así unha visión e análise máis completa do mesmo. O autor reparte ao longo da estrutura da árbore os distintos elementos, as consecuencias ou efectos estarán situa-

dos nas ramas e follas da árbore; os problemas subxacentes ou as causas están representadas polas raíces da árbore, representando así o tronco os problemas centrais do conflito. Ademais disto, de xeito simbólico se refire ás sementes ou froitos que caen da árbore á terra, como o alimento que mantén vivo o conflito, é dicir, os factores que sosteñen a situación.

Nesta análise, ademais do problema central, as causas, as consecuencias e os factores que manteñen activo o conflito, será engadido o elemento dos actores. O estudo do papel dos actores vén marcado pola importancia de ter en conta ás partes que participan no conflito, sendo estas un elemento clave a ter en conta á hora de realizar este tipo de análises. Ademais disto, ter aos actores presentes nesa visión conxunta facilitará tanto a análise como unha mellor comprensión da cuestión tratada.

3. A Crise de Crimea

A escolla da Crise de Crimea como primeiro caso a tratar non é casual. Esta elección vén marcada principalmente pola razón de seguir unha liña narrativa que sexa temporalmente coherente, que facilite a comprensión e a explicación dos feitos acontecidos.

Para comezar a falar da cuestión será clave analizar a situación social e lingüística da poboación residente na península de Crimea, así como realizar unha revisión en termos étnicos, políticos e xeográficos do territorio. Seguindo nesta liña cómpre facer a seguinte aclaración, o territorio peninsular situado na costa Norte do Mar Negro e ao sur de Ucraína estaría integrado en Ucraína a nivel administrativo como a República Autónoma de Crimea. A partires de febreiro de 2014, trala ocupación rusa da rexión e a celebración dun polémico referendo, o territorio pasaría a integrarse na Federación Rusa como un novo Distrito Federal independente. No ano 2016, o Goberno ruso tomaría a decisión de fusionar o Distrito Federal de Crimea e o Distrito do Sur, desaparecendo así o Distrito da península de Crimea, que quedaría así integrado no Distrito do Sur (Gorovtsova, 2016).

En base ao censo ucraíno de 2001, o último realizado ata día de hoxe no país, podemos observar a variedade étnica deste territorio, preto 60% da poboación recoñeciase etnicamente rusa, sendo esta a maioría étnica no territorio, seguida por aqueles que se recoñecían como ucraínos, un 25% e finalmente un 12% dos enquisados se recoñecería de orixe étnica tártara. No que á lingua nativa desta poboación se refire, o ruso ocupaba o primeiro posto, sendo a lingua nai dun 77% dos cidadáns da rexión. Deste xeito, a República Autónoma de Crimea supoñía o territorio de toda Ucraína cunha maior acumulación de poboación étnica rusa e de falantes nativos de ruso (Yekelchyk, 2015). A situación xeográfica da península de Crimea faría que ao longo da historia fora habitado e controlado por diversas culturas e xentes, sendo tamén escenario de importantes conflitos como a Guerra de Crimea no século XIX. A súa ubicación fai que sexa un enclave xeopolítico de gran valor, ademais de contar cunha longa zona costeira co Mar Negro, funciona como porta de acceso ao Mar de Azov.

O xeito de abordar a cuestión virá marcado pola ferramenta escollida para analizar ambos casos, a árbore do conflito. Deste xeito, cómpre comezar falando sobre o problema central do conflito, este problema central nesa árbore que comeza a construírse, vén representado polo tronco da mesma. No caso da Crise de Crimea, poderíase dicir que a ocupación dun territorio, a

República Autónoma de Crimea, pertencente a un país soberano como é Ucraína, por parte dunhas forzas ben organizadas e dirixidas co obxectivo de tomar o control do territorio no menor tempo posible sería o problema central da cuestión. O día 27 de febreiro de 2014, tan só un día despois das protestas masivas fronte ao Parlamento de Crimea, celebrábase neste unha sesión de emerxencia que sería interrompida por un grupo de 60 soldados armados vestidos con uniformes verdes sen identificativos. Este grupo de soldados tomaría o edificio e instaría á cámara a realizar unha votación para retirar do poder ao que nese momento era o Goberno de Crimea e a nomear como Primeiro Ministro ao líder do partido Unidade Rusa, Sergey Aksyonov, que obtivera escaso apoio electoral nas últimas eleccións. Así mesmo, outro grupo de soldados uniformados de igual forma, tomarían o edificio correspondente ao Consello de Ministros de Crimea, izando en ambos edificios institucionais a bandeira tricolor da Federación Rusa.

Estas unidades establecerían controis nas principais estradas, tomarían os dous aeroportos presentes na península e cercarían os complexos militares ucraínos presentes no territorio. Ante esta situación é importante aclarar que a pesares do bloqueo, o Goberno ucraíno decidiría non autorizar ningún tipo de uso da forza contra estas unidades militares, polo que non habería resistencia, quedando Crimea ocupada. As incógnitas relativas a estes soldados que vestían de verde e que se lles coñecería popularmente como “little green men” son abundantes, pero tratarán de ser resoltas máis adiante.

O problema central, que corresponde co tronco da árbore non aparece de xeito espontáneo e serán as causas da cuestión as que dean sentido a estes eventos. Estas causas están representadas nas raíces da árbore e serán aquelas cuestións subxacentes, pouco visibles a simple vista pero que conducen inevitablemente ao problema central a tratar. Á hora de analizar as causas da Crise de Crimea considero de interese nun primeiro momento achegar as distintas narrativas defendidas polos principais actores do caso. Dende o Goberno Ruso viuse o proceso de destitución de Viktor Yanukovich da Presidencia do Goberno ucraíno como un acto totalmente ilexítimo, un proceso que consideraban apoiado e organizado polos Estados Unidos de América, cuns obxectivos puramente expansionistas tralos que se atopaba tamén a OTAN. Dende Rusia, a campaña realizada polo Goberno trataría de debullar o movemento do Euromaidan como un movemento político ultra nacionalista de corte fascista, chegando incluso a acusar aos numerosos e diversos manifestantes de nazis. A estratexia mantida polas autoridades rusas polo tanto estaría baseada na construción da idea de que un movemento antidemocrático, reaccionario, incluso acusado de ser antisemita levaría a cabo un golpe de estado en Ucraína. Dende o Kremlin defenderíase a lexitimidade de intervir militarmente se fora preciso, baseándose na petición de apoio militar para restablecer a orde no país, realizada polo que xa era nese momento ex-Presidente de Ucraína, Viktor Yanukovich (Charbonneau, 2014).

A narrativa expresada incluso polo propio Vladimir Putin negaba nun principio calquera consideración por parte do Goberno Ruso sobre querer anexionar Crimea á Federación Rusa. Dende Moscú defendíase o dereito de autodeterminación das nacións, negándose a responder se se apoiaría ou non a celebración dun referendo en Crimea co obxectivo de independizarse de Ucraína. Sen embargo, a narrativa oficial cambiaría pouco tempo despois trala celebración do referendo de independencia en Crimea que supoñía o ingreso de Crimea como territorio da Federación Rusa. Este feito sería empregado para lembrar o pasado ruso do territorio, o

gran número de poboación étnica rusa e tamén prestarlle atención aos maltratados dereitos dos tártaros de Crimeia, volvendo a negar calquera intervención militar rusa na zona (Kremlin, 2014). Dende Kiev a narrativa defendida era moi distinta, o Euromaidan era defendido como un símbolo de vitoria do pobo fronte á corrupción e ao autoritarismo, considerando a ocupación de Crimeia como unha agresión directa á soberanía ucraína por parte da Federación Rusa. Neste senso, apuntarían que a propia crise é unha mostra da natureza maliciosa tanto de Rusia como de Occidente e o incumprimento das garantías de seguridade que foran acordadas previamente (Cleary, 2016).

Unha vez observadas ambas narrativas, podemos falar de dous causas principais polas que sucede o conflito e das que derivan o resto de causas. Polo tanto, como causas principais da Crise de Crimeia, serán destacables as tensións xeradas a causa do achegamento de Ucraína coa Unión Europea e o fracaso das estratexias de presión exercidas dende Moscú. A ese fracaso das presións rusas para evitar o achegamento de Ucraína coa UE debemos sumar o contexto político e social derivado das protestas do Euromaidan. En relación a esa primeira causa, debemos entender as motivacións por parte do Goberno ruso. Por un lado, a través dunha narrativa histórica marcada por certos tintes imperialistas, tanto Putin como outras autoridades rusas consideraban Crimeia como parte de Rusia, así mesmo, engadindo un carácter étnico e lingüístico á cuestión defendían e xustificaban a ocupación de Crimeia. O argumento xiraba en torno a protexer aos cidadáns rusos, que segundo a súa narrativa corrían perigo e podían verse ameazados polo levantamento ultra-nacionalista que estaba tomando o país. Nesa liña, presentaban a súa intervención como unha especie de misión de paz para establecer a orde e evitar que ocorrerán episodios de disturbios graves como os ocorridos en Kiev e noutras zonas do país. Esta narrativa vén apoiada polos datos étnicos e lingüísticos de Crimeia, que como xa vimos anteriormente tanto a nivel étnico como lingüístico están marcados por unha maioría rusa e ruso-falante. As protestas e manifestacións en Ucraína sumirían ao país nunha atmosfera política e social de certo caos, sendo isto aproveitado para ocupar Crimeia a través dun movemento rápido, organizado e ben executado que constitúe un claro exemplo de uso do poder duro⁽²⁾ a nivel internacional.

Cabe destacar ademais disto unha clara motivación xeo-estratéxica, debido a que a ane-xión de Crimeia outorgaría un maior control e poder a Rusia no Mar Negro a nivel militar e comercial, abrindo un acceso directo co Mar Mediterráneo, así como lle permitiría controlar o tráfico marítimo no Mar de Azov.

A partires da definición do problema central da Crise de Crimeia, representado polo tronco e as diversas e complexas causas do mesmo representadas polas raíces da árbore, cómpre agora analizar o seguinte elemento, as consecuencias. As consecuencias, factores e problemas derivados da ocupación militar de Crimeia virán representadas polas follas e as pólas da árbore. Neste senso, o tipo de problemas que foron identificados como consecuencias veñen segmentados en tres categorías dentro das que haberá cuestións máis concretas, esas tres categorías son de corte económico, político e étnico. Ao meu parecer as consecuencias máis relevantes serían de corte político, debemos ser conscientes que a ocupación de Crimeia suporía para Ucraína a

(2) Termo empregado polo politólogo Joseph Nye para referirse á habilidade de conseguir que outros actúen de xeito contrario ás súas preferencias e estratexias principais, a habilidade de coaccionar a través de ameazas e incentivos

perda de parte do seu territorio. Isto tería graves consecuencias a nivel social posto que sería recibido como unha agresión á soberanía ucraína, provocando un aumento das tensións entre a poboación noutras zonas do país, funcionando como disparador do conflito en Donbas. A perda dun territorio como Crimea traería consigo consecuencias tamén a nivel económico, que cambiarían dependendo da perspectiva. Para Ucraína a perda de Crimea supoñía a perda de infraestruturas públicas como portos e aeroportos, empresas públicas establecidas na zona, así como un descenso nos ingresos relativos ao sector turístico, xa que a era unha das principais fontes de ingreso da península. Dende a perspectiva de Rusia, a nivel político-económico poderíamos falar de consecuencias relativas ao establecemento de sancións, a través por exemplo, da conxelación de activos financeiros en contas de bancos occidentais de funcionarios rusos e de Crimea involucrados no proceso de anexión. Para a península de Crimea como rexión, a ocupación traería consigo tamén problemas económicos, principalmente relacionados coa perda de interese por parte de inversores estranxeiros á hora de investir en proxectos no territorio debido entre outras cuestións ás sancións impostas. Ademais das sancións cabe destacar que trala ocupación da península, Crimea quedaba illada debido á desconexión vía terrestre co resto de Rusia, esta cuestión cambiaría coa construción do mega proxecto da ponte sobre o Estreito de Kerch (Ballard, 2019). Este illamento provocaría tamén unha baixada no turismo, provocando perdas nun sector que como xa foi comentado era clave para a rexión.

Por outro lado, o empeoramento das relacións entre Kiev e Moscú, por non dicir a dinamitación das mesmas, suporía para Ucraína un grave problema a nivel comercial, pola importancia que supoñían as exportacións a Rusia, sumando a isto a imposibilidade de poder negociar descontos nos prezos do gas.

En referencia ás consecuencias ou problemas de corte étnico haberá que destacar a actitude das autoridades rusas fronte aos tártaros de Crimea. Esta poboación manifestaríase na xa mencionada protesta nas portas do Parlamento de Crimea xunto cos ucraínos simpatizantes do Euromaidan e partidarios dun achegamento coa Unión Europea. Trala ocupación as declaracións de Vladimir Putin xiraban en torno ao apoio aos tártaros de Crimea, defendendo que estes apoiarían enormemente non só o referendo se non tamén o voto positivo (Sadovskaya & Pfeilschifter, 2020). Sen embargo a situación real é drasticamente distinta, posto que dende a ocupación en 2014, os cidadáns tártaros denunciarían numerosas agresións por parte das autoridades rusas. Estas tomarían unha actitude represiva contra eles (Ryzhkov, 2017), se realizarían investigacións policiais, arrestos arbitrarios (Gorbunova, 2021) e rexistros en edificios pertencentes a organizacións vinculadas cos tártaros de Crimea, sendo estes en ocasións expulsados do lugar onde residían e sendo reubicados noutras zonas da península.

Antes de analizar e reorganizar aos actores presentes no conflito, cómpre realizar unha visualización da árbore case completa, coas súas raíces, o tronco xurdindo da terra e esas pólas repletas de follas. Desas polas caerán ao chan uns froitos que representarán a aqueles factores poderían ser explicativos de que a cuestión siga mantida no tempo, a pesares de que no caso de Crimea, podemos falar dun certo e case total estancamento dende o momento da anexión. Sen embargo, unha cuestión ou factor que poderíamos mencionar e que quizais podería funcionar como factor explicativo para entender porque a situación é tan estable en Crimea é a cuestión étnica e poboacional. Dende 2014, a poboación na península crecería substancialmente debido

ás correntes migratorias dende distintas partes de Rusia cara Crimeia, calculase que aproximadamente un millón de persoas se estableceron na rexión dende a súa anexión. Algunhas fontes aseguran que estes movementos migratorios son impulsados dende Moscú co obxectivo de alterar a composición da poboación local, sendo isto recoñecido como un crime de guerra polo Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional. Ademais disto, cabe lembrar a proporción étnico-lingüística da rexión, recollida como a zona con máis poboación rusa e ruso-falante de toda Ucraína. Estes dous factores poderían quizais explicar como as persoas residentes na rexión aínda que non tiveran vontade de ser independentes, tampouco virán con malos ollos formar parte de Rusia.

Unha vez analizado o caso a través da ferramenta da árbore do conflito, será reorganizado e comentado un elemento engadido, que non pertence tradicionalmente a esta análise pero que é considerado de gran relevancia para un completo entendemento da cuestión, os actores involucrados na Crise de Crimeia.

A nivel de actores estatais, como xa foron comentados temos aos Gobernos de Ucraína e Rusia, ambos xogarian un papel protagonista na ocupación e anexión de Crimeia. Ademais podemos destacar como actor sub-estatal, ao Goberno da República Autónoma de Crimeia, debido á relevancia adquirida ao comezo da crise.

A nivel de actores armados dependentes dos actores estatais previamente comentados, poderíamos atopar ás forzas armadas e os corpos de seguridade ucraínos presentes en Crimeia e ás unidades rusas despregadas na Base Naval de Sebastopol. Neste punto será preciso analizar un actor previamente comentado, que como se dicía, xeraba certa confusión, os coñecidos como “little green men” ou pequenos homes verdes en galego. Estas tropas que levarían nun breve espazo de tempo numerosas operacións clave para tomar a península no menor tempo posible, non levaban consigo ningún tipo de identificativo.

Dende Kiev a denuncia foi clara, a Federación Rusa despregara unidades militares non identificadas co obxectivo de tomar o control do territorio de xeito ilexítimo. Mentres tanto, dende Moscú, distintas autoridades, incluído o presidente da Federación Rusa, Vladimir Putin, negaban rotundamente a implicación de forzas militares rusas na zona, denominando a estas unidades presentes como unidades de auto-defensa local (Kremlin, 2014b). Aínda que nun primeiro momento podería teorizarse sobre calquera das dúas posibilidades, a realidade é ben distinta. O propio presidente ruso meses despois e incluso o ex-comandante da Flota Rusa do Mar Negro, Igor Kasatonov, anos despois, admitirían que as unidades despregadas neses días por toda Crimeia eran en realidade unidades das forzas especiais do exército ruso (Urbanska, 2017).

Ademais dos actores estatais e os actores armados dependentes dos mesmos, poderíamos destacar outros actores relevantes como a sociedade civil, presente ao longo deses días a través de protestas masivas como a xa comentada na capital da República Autónoma de Crimeia. Estes manifestantes estarían así divididos entre ucraínos partidarios do achegamento a Rusia ou pro-rusos e os ucraínos partidarios do achegamento á Unión Europea entre os que destacan tamén os xa comentados tártaros de Crimeia, a poboación indíxena de Crimeia, pertencentes a un grupo étnico propio de orixe turco. Por último, como últimos actores relevantes considero de interese comentar ao bloque da Unión Europea, os Estados Unidos de América e outros países aliados como Canadá, Australia ou Xapón, que imporían unha serie de sancións a Rusia como xa comentamos a partires da violación da soberanía ucraína por parte do país eslavo.

4. A Guerra de Donbas

Seguindo a liña do anterior apartado adicada ao análise da Crise de Crimea a través da aplicación da ferramenta da árbore do conflito, será agora a Guerra de Donbas o caso a tratar empregando este instrumento. Para dar comezo a esta análise cómpre seguir a mesma estratexia que co caso de Crimea, realizando en primeiro lugar unha revisión xeral da rexión de Donbas.

Neste senso, cando falamos do territorio de Donbas cabe destacar que se fai referencia á rexión ucraína, situada ao sueste do país, mantendo fronteira ao este e ao norte con Rusia e formada polos *oblast* ou provincias de Donetsk e Luhansk. A nivel histórico, a diferenza do territorio de Crimea, durante a etapa da Unión Soviética a rexión do Donbas non estivo integrada na República Socialista Federal Soviética Rusa, se non que estaría integrada dentro da República Socialista Soviética Ucraína. A nivel económico a rexión do Donbas é recoñecida historicamente como unha rexión cun carácter puramente industrial na que a industria pesada dominaría a economía local, sendo esta cuestión clave para entender a identidade dos habitantes desta rexión. No que se refire á composición étnica, ambas provincias contan cunha maior porcentaxe de poboación que se declaran como ucraínos, un 58% da poboación no caso de Luhansk e un 56,9% no caso de Donetsk. Mentres tanto, un 38,2% da poboación declaraba formar parte do grupo étnico ruso en Donetsk e un 39,1% en Luhansk (Yekelchik, 2015).

En relación coa lingua nativa da poboación, podemos observar un dato de interese, xa que en ambas provincias, a maioría da poboación, un 68,8% en Luhansk e un 74,9% en Donetsk, recoñecían o ruso como a súa lingua nai (Yekelchik, 2015). Esta cuestión é relevante para entender a identidade dos cidadáns desta rexión, que como ben se pode observar, na súa maioría son persoas que se identifican dentro da etnia ucraína, pero que sen embargo na súa maioría teñen o ruso como lingua nativa. A partires destes datos e observando os datos nivel nacional, podemos concluir que tanto a rexión de Donbas como a península de Crimea son as zonas do país cunha maior proporción de poboación étnica rusa.

Unha vez realizado ese breve repaso relativo ao territorio de Donbas cómpre regresar ao análise central da cuestión. Deste xeito, o primeiro elemento a detectar e que vertebra toda o asunto é o problema central do conflito, que neste caso será o estalido dun conflito armado na rexión ucraína de Donbas. Unha vez detectado o problema haberá que detectar as causas, efectos e factores que sosteñen o conflito na actualidade. O primeiro paso polo tanto será achegarse ás raíces desa árbore, ás causas subxacentes que dan sentido ao conflito. Neste caso, as causas detectadas estarán divididas entre causas identitarias e causas políticas das que brotarán diversas cuestións a tratar. A primeira causa que considero relevante mencionar serán as tensións na rexión de Donbas derivadas das protestas do Euromaidan, unhas tensións moi marcadas pola identidade dos habitantes desta rexión de Ucraína. Ao comezo deste apartado se mencionaba brevemente o pasado industrial da rexión de Donbas, é importante volver a ese punto para facer fincapé na identidade tan especial da poboación da zona. A propaganda durante a etapa soviética promovería a imaxe heroica dos mineiros da zona que proveían de carbón ao país, isto sumado ao proceso de asimilación cultural, polo que a poboación da zona era educada na lingua rusa, levaría á creación dunha identidade peculiar. Estamos falando dunha poboación de etnia

ucraína, ruso falante, cunha identidade marcadamente soviética, que a pesares de ser de etnia ucraína non tiña unha cultura étnica moi establecida, que vería en parte a través da propaganda rusa, as protestas do Euromaidan como unha ameaza á súa forma de vida, á súa lingua, que poñía tamén en perigo os seus vínculos comerciais e económicos con Rusia. A pesares disto hai que destacar que se ben o apoio ao separatismo nesta zona de Ucraína era baixo, había unha gran división no que ao apoio a un achegamento á UE ou a Rusia se refería (Chaisty & Whitefield, 2015). Polo tanto, poderíamos dicir que unha das causas foron as tensións e o desconcerto vivido por parte da poboación nestas provincias, que terá claras vinculacións co resto de causas que proporei a continuación.

A seguinte causa tamén deriva directamente do Euromaidan e da destitución de Viktor Yanukovich do poder, cuestión vinculada tamén coa primeira causa, xa que cabe lembrar que o apoio ao Partido das Rexións era maioritario na zona. Esta causa será definida como unha causa política posto que é de consideración que a destitución do Presidente e polo tanto a perda de poder do Partido das Rexións, que tiña como base electoral e rede de apoios a rexión de Donbas, supoña un duro golpe para as elites e os oligarcas da zona que mantiñan relación co partido. Isto provocará que os oligarcas vexan o apoio aos manifestantes anti-Maidan como unha oportunidade de manterse preto do poder. Sería a través destas redes informais como se organizaría a rebelión ao comezo, sospeitase se dende Moscú se empregaron politicamente figuras de oligarcas rusos que financiaron ás milicias ou se estes oligarcas actuaron por conta allea. Fora dunha forma ou doutra, o interese e o oportunismo destes actores sería clave para financiar militarmente ás milicias sublevadas. Seguindo coas posibles causas do conflito de Donbas habería que destacar a cuestión do achegamento de Ucraína coa Unión Europea, que podería dalgún xeito facer perigar en primeiro lugar, as súas relacións comerciais, posto que unha entrada na UE suporía unha menor independencia comercial de Ucraína fronte a Rusia. Por outro lado, o achegamento de Ucraína á UE podería supor a entrada dentro da organización da Comunidade Enerxética que conlevaría unha serie de regulacións prexudiciais para os intereses comerciais de Rusia. Ademais de todo isto, dende Moscú se percibía o achegamento á UE como un posible achegamento futuro á OTAN, o que suporía un desafío e un perigo a nivel xeopolítico para Rusia, polo que unha Ucraína desestabilizada e en guerra sería beneficioso para Moscú en tanto en canto, isto impediría a entrada de Ucraína tanto na UE como na OTAN. O propio presidente ruso, defendía a soberanía de Ucraína, pero sempre e cando fora da man de Rusia, declarando que o rusos e ucraínos son a mesma persoa (Putin, 2021).

Tras observar as causas de raíz, é preciso agora achegarse aos efectos ou consecuencias derivados do problema central, representadas polas follas e as pólas da árbore, en forma de ramificacións. Os efectos ou consecuencias directas derivadas do estalido do conflito en Donbas no ano 2014 poderían ser divididas en tres grupos relacionados entre si, os efectos sociais, políticos e económicos. En primeiro lugar, en relación aos efectos sociais, o efecto máis obvio dunha guerra é a perda de vidas humanas, aproximadamente hai rexistradas un total de entre 12.800 e 13.000 falecidos derivados directamente do conflito, calcúlase que ao redor de 3.000 civís foron asasinados e aproximadamente 9.500 combatentes perderon a vida (OHCHR, 2017). Ademais disto habería que sumar os feridos que ascenden a un total aproximado de 30.000 persoas, das cales se calcula aproximadamente que entre 7.000 e 9.000 son civís, mentres que

entre 21.000 e 24.000 son combatentes (OHCHR, 2017). Dentro deste primeiro grupo de efectos sociais tamén hai que falar da poboación desprazada por causa directa do conflito, calcúlase que aproximadamente 1,6 millóns de persoas se viron obrigadas a abandonar os seus fogares (OHCHR, 2017). Estes datos converterían a a Guerra de Donbas na maior catástrofe humanitaria dentro de Europa dende as guerras na década dos anos 90 en Yugoslavia, sendo os ucraínos o 85% da poboación total desprazada dentro de Europa. Hai que facer referencia ademais ás numerosas violacións dos dereitos humanos rexistradas nas zonas de guerra, que van dende ameazas e torturas ata execucións sumarísimas.

Por outro lado, o grupo de efectos económicos viría marcado polo propio derrubamento da economía na zona en guerra, que viviría ademais un proceso de desindustrialización derivada da mesma, sumado a un descenso drástico nas exportacións e unha caída do Produto Interior Bruto da rexión que debullarían unha imaxe aterradora a nivel económico en Donbas (Mykhenko, 2020). Hai que sumarlle a estes efectos económicos a destrución de infraestruturas como o Aeroporto Internacional de Donetsk que como vimos foi escenario de fortes enfrontamentos ao longo dos últimos anos.

Por último, en relación aos efectos entendidos como políticos debemos destacar en primeiro lugar a proclamación do nacemento de dúas Repúblicas na rexión de Donbas. As Repúblicas Populares de Donetsk e Luhansk nacen da man do movemento separatista pro-ruso, aparecendo así dous actores que comezarían a confrontarse con Kiev. Ademais disto, hai que destacar o empeoramento ou ruptura case total das relacións entre Ucraína cun dos seus socios comerciais principais, como é Rusia. Ademais disto, plantexar tamén os efectos que o conflito tivo a nivel internacional, que suporía a imposición dunha serie de sancións ao longo dos anos por parte da Unión Europea e dos Estados Unidos a Rusia, a pesares de que as relacións entre a Federación Rusa e países membros como Francia ou Alemaña non se deterioraran demasiado, se ben isto pode ser debido ás boas relacións mantidas en termos comerciais, e enerxéticos no caso de Alemaña.

Antes de pasar a enumerar e analizar os actores presentes no conflito debemos falar dos froitos da árbore que caen de novo ao chan, que representan eses factores que dalgún xeito provocan que o conflito se mantinga sostido no tempo, e neste caso, na actualidade. Para darlle sentido a isto debemos facer referencia ao xa comentado, sumando novas cuestións que poderían ser de interese para explicar a situación. Nun primeiro lugar, trala numerosa perda de vidas humanas nos primeiros anos do conflito, a situación actual de guerra conxelada podería ser un contexto de interese para ambos bandos, se ben o que máis se beneficiaría disto sería Rusia, posto que bloquearía un posible acceso de Ucraína á Unión Europea ou á OTAN, á vez que contaría cun enganche dentro do país, a través das Repúblicas de Luhansk e de Donetsk. Dalgún xeito esta situación de calma tensa é a mellor situación posible debido aos múltiples fracasos dos distintos acordos que trataron de poñer fin ao conflito, o medo a un empeoramento da situación que puidera involucrar a outros actores como por exemplo, os Estados Unidos de América, sería un punto clave para entender porque o conflito se sostén como está, crioxenizado.

Cabe comentar brevemente, que esta dinámica de estancamento, perfectamente visible no conflito de Donbas, é unha das características principais do que se coñece como novas gue-

rras⁽³⁾ ou novos tipos de conflictividade armada.

Unha vez analizados os elementos tradicionais da árbore do conflito, ilustrando así de xeito xeral a Guerra de Donbas, pasarase a falar dese elemento engadido, referente aos actores presentes no conflito. Ao igual que no apartado anterior, moitos deles serían mencionados xa con anterioridade, pero igualmente é de interese recalcar a súa relevancia, reorganizar e en caso de ser preciso engadir algunha nota adicional sobre eles. En primeiro lugar, farase referencia a aqueles actores que son considerados partes combatentes no conflito. Respecto aos actores estatais debemos destacar en primeiro lugar a Ucraína, representado polo seu Goberno e do que dependerán as Forzas Armadas Ucraínas, a principal forza militar do país, xunto cos servizos de seguridade e o Ministerio de Interior de Ucraína. Ao respecto do Ministerio do Interior de Ucraína hai que destacar que nel se integran un gran número de batallóns de voluntarios presentes en distintas zonas da fronte, estes batallóns constan como unidades integradas dentro da Garda Nacional de Ucraína, dependente do propio Ministerio de Interior. Algúns dos batallóns máis destacados son o Batallón Kharkiv, o Batallón Donbas ou o Batallón Azov, cabe destacar que este último sería denunciado pola ONU pola violación reiterada de dereitos humanos (OHCHR, 2016). En xullo de 2021, Arsen Avakov o que xa fora Ministro do Interior en 2014 e que fora a persoa que impulsaría o decreto que autorizaría a creación de novas forzas paramilitares formadas por civís, sería destituído (Varfolomeyev, 2021). Avakov, que contaba con acusacións que o vinculaban directamente co Batallón Azov é unha mostra da proximidade de parte do Goberno con este tipo de grupos.

Como segundo actor estatal a destacar atopamos á Federación Rusa. A pesares das negativas do Goberno ruso sobre a implicación do mesmo na Guerra de Donbas, as misións de observación da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE) veñen de confirmar a presenza de soldados rusos na zona, polo que se confirmaría a participación activa no conflito, como xa fora comentado anteriormente (OSCE, 2015). Ademais da participación a través do envío de efectivos militares para apoiar ás milicias sublevadas, a Federación Rusa tamén enviaría apoio loxístico en termos de armamento, munición e incluso de formación e organización das milicias locais. Neste senso debemos destacar as recentes críticas cara o Goberno ucraíno realizadas polo propio Presidente da Federación Rusa, Vladimir Putin, que afirmaba que estaba convencido de que “Kiev simplemente non precisa Donbas” (Putin, 2021). Nesta longa reflexión, Putin chama ao entendemento con Kiev, defendendo a soberanía de Ucraína cunha condición, que esa verdadeira soberanía só será posible en asociación con Rusia.

Se seguimos cos actores presentes no conflito, debemos tomar en conta as dúas auto-proclamadas Repúblicas, a República Popular de Donetsk e a República Popular de Luhansk, que contan ambas cunhas milicias propias das que dependen unha serie de batallóns como o Batallón Zarya. Ademais destas milicias populares, serían formados ao longo do tempo batallóns independentes, repartidos polo territorio controlado polas milicias e que contan con certa autonomía á hora de actuar. Entre estes batallóns podemos destacar os Batallóns Internacionais pre-

(3) O concepto de novas guerras é tratado por diferentes autores como Mary Kaldor, Caterina García ou Herfried Münkler e fai referencia á aparición dun novo tipo de conflitos que contan cunhas características diferenciadas das que se denominan como vellas guerras. Algunhas destas características son a cronificación dos conflitos, a multicausalidade ou a aparición de novos actores non estatais con capacidade para operar en conflitos

sentos en Donetsk ou batallóns vinculados con grupos neonazis como a Unidade de Voluntarios da Unidade Nacional Rusa, un grupo paramilitar e partido político neonazi formado en Rusia.

En relación aos actores presentes ao longo do conflito, pero que non son considerados como partes combatentes do mesmo atopamos unha gran diversidade. Desta forma, serán escollidos como actores representativos: a Unión Europea, como organización internacional, os Estados Unidos de América como actor estatal individual e a Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE) como organismo rexional de seguridade. Se comezamos co último actor comentado, a OSCE, esta organización levaría a cabo tarefas de mediación co obxectivo de resolver o conflito entre Ucraína e Rusia, tendo en conta ademais as dúas auto-proclamadas República. As misións de mediación e observación levadas a cabo ao longo dos anos poderíanse resumir en torno á firma de diferentes acordos como o Protocolo de Minsk, o Acordo de Ginebra ou o coñecido como Cuarteto de Normandía (Brill, 2020). Este último non é un acordo como tal se non un formato de negociación diplomática formado por representantes de alto nivel, presidentes e ministros do Interior de Ucraína, Rusia, Francia e Alemaña, que a través de chamadas telefónicas e reunións rematarían por firmar o Acordo de Minsk II.

Por outro lado, a Unión Europea, como organización internacional xogaríase un papel clave en Ucraína en 2014, ano no que se prevía a firma dun Acordo de Asociación entre a UE e Ucraína, que sería rexeitado no último momento polo presidente de Ucraína nese momento, Viktor Yanukovich, funcionando isto como detonante para o comezo das protestas do Euro-maidan e a escalada de tensións posterior a nivel nacional. A parte deste papel que ten a nivel orixinal, trala anexión de Crimea e posterior estalido da Guerra en Donbas, a UE aumentaría a súa estratexia de presión a través de sancións económicas e co establecemento de listas negras nas que se atoparían tanto empresas como individuos rusos claves a nivel comercial en Rusia.

A nivel local é de interese mencionar de novo ese papel dos oligarcas e elites locais da rexión, pero ademais debemos nomear brevemente o papel dos Estados Unidos de América que seguiría na liña previa establecida trala anexión de Crimea, cunha imposición de sancións dura contra Rusia.

5. Conclusión

Ao longo do artigo podemos observar con maior ou menor detemento os detalles dos casos da Crise de Crimea e da Guerra de Donbas, estudados xunto coa análise realizada a través da ferramenta da árbore do conflito, permitirá que agora valoremos se esas cuestións que facíamos no apartado introdutorio, poden ser confirmadas ou non.

Co obxectivo de refrescar a memoria, declarabamos ao comezo do artigo, sobre analizar se os dous casos aínda que podan ter unha orixe política similar, non comparten similitudes no que a tipo de conflito se refire e na evolución temporal dos mesmos e estudar se o factor étnico era a peza clave para entender ambos casos. Neste senso, a primeira hipótese formulada afirmaría que ambos casos aínda que puideran ter unha orixe política similar, non compartirían similitudes no que ao tipo de conflito se refire e na evolución temporal e militar dos mesmos. Para confirmar ou refutar esta hipótese, cómpre primeiro analizar a cuestión por partes. En primeiro lugar, podemos confirmar segundo o analizado durante os apartados tanto de Crimea como de

Donbas, que ambos casos comparten en maior ou menor medida unha orixe política similar, derivada das protestas de Euromaidan, que xerarían en ambos territorios unha serie de tensións e protestas que rematarían escalando en ambos territorios. A escalada en ambos territorios tamén sería distinta, no caso da Crise de Crimeia pódese falar dunha invasión militar e unha ocupación da rexión mediante medios militares, sen embargo, a crise non escalaría ata o punto de converterse nun conflito aberto, debido en parte á decisión tomada dende as autoridades ucraínas de non exercer resistencia contra as forzas invasoras. Desta forma, a Crise de Crimeia quedaría estancada coa anexión en 2014 da península á Federación Rusa, manténdose un clima de certa estabilidade dentro da zona, a pesares das presións e críticas realizadas dende entón por parte da comunidade internacional. No caso da guerra de Donbas, no que a tipo de conflito se refire xa non falamos dunha crise diplomática internacional, se non que estamos a falar dun conflito armado cuns bandos diferenciados, unha fronte relativamente delimitada e unha dimensión temporal considerable, posto que o conflito leva activo en maior ou menor medida dende o ano 2014 ata a actualidade. Debido a estas cuestións poderíamos considerar a primeira hipótese como válida, posto que se ben ambos conflitos comparten unha orixe política similar, o tipo de conflito e a evolución temporal e militar dos mesmos é totalmente distinta.

Ese segundo punto formulado proporía que o factor étnico sería a peza clave ou unha das pezas claves para entender tanto a Crise de Crimeia como a Guerra do Donbas. Para tratar de confirmar ou refutar esta hipótese temos que dirixirnos directamente aos datos que foron ofrecidos con anterioridade sobre a orixe étnica en ambos territorios, ademais de prestar atención ás causas detectadas mediante a ferramenta da árbore. En primeiro lugar, no que se refire aos datos referentes á orixe étnica da poboación nestes territorios, estes datos mostrarían que tanto a República Autónoma de Crimeia como a rexión de Donbas, serían as rexións de toda Ucraína cunha maior porcentaxe de poboación de etnia rusa, no caso de Crimeia a porcentaxe alcanzaba un 58,5%, na provincia de Donetsk un 38,2% e na provincia de Luhansk un 39,1%. Sumado a este factor étnico sería vinculado ao longo do traballo en numerosas ocasións o factor da lingua nativa da poboación nestas rexións, estas tres rexións serían as rexións cunha porcentaxe máis alta de poboación que tiña o ruso como lingua nativa. Se ben estes datos a primeira vista poden parecer esclarecedores ou indicativos de algún tipo de correlación, o estudo realizado sobre as causas subxacentes destes conflitos mostran unhas conclusións relativamente distintas. Tanto na Crise de Crimeia como na Guerra de Donbas o factor étnico sería unha cuestión recorrente e relevante en ambos casos, sendo incluso empregado a nivel propagandístico como un xeito de crear divisións na poboación, tendo un maior éxito en Donbas.

No caso da Crise de Crimeia, a narrativa desenvolta polas autoridades rusas debullaba a Crimeia como un territorio historicamente ruso, habitado por cidadáns rusos aos que debía protexer. Polo tanto, podemos ver como era un factor presente. Sen embargo, se tiveramos que falar de factores clave para entender ambos casos, habería que falar do factor xeopolítico, tanto a anexión de Crimeia en primeira instancia, como a instigación dun conflito armado en territorio ucraíno, tería en parte unha motivación estratéxica impulsada dende Moscú, co obxectivo de tentar manter o máis afastado posible á Unión Europea e á OTAN das fronteiras rusas, cuestión conseguida impedindo a Ucraína integrarse como membro en ningunha das dúas. Polo que a hipótese de que o factor étnico sería a peza clave para entender o conflito debe ser refutada,

posto que aínda que o factor étnico é de interese e axuda a entender o conflito, existen por diante outros factores máis relevantes como o xeopolítico que xogan un papel clave nos conflitos.

Para finalizar o artigo gustárame realizar unha breve reflexión do futuro de ambos conflitos, nun momento como o actual no que as tensións están crescendo. Se ben no caso de Crimea, a situación parece estable e incluso dá a sensación de que a península xa está totalmente integrada dentro de Rusia, dende Ucraína non chega unha mensaxe de rendición. Nestes últimos meses foi lanzada polo Goberno ucraíno a Plataforma de Crimea (González, 2021). A Primeira vice-ministra de Asuntos Exteriores declaraba “a importancia de atopar respostas conxuntas ás complexas consecuencias da ocupación temporal de Crimea, así como de manter o problema no foco constante da comunidade internacional.” (UKRINFORM, 2021). Dalgún xeito, dende Kiev tratan de mostrar unha imaxe forte, tratando de evitar mostrar unha actitude débil fronte a unha situación que promete de todo menos cambios a corto prazo.

De cara ao futuro serán claves ademais, as conversacións entre ambos países, mediadas pola OSCE e países da Unión Europea co obxectivo de achegar posturas e quizais atopar unha solución viable, que chegue a contentar aos dous. Aínda que é moi complexo que se dea esa situación, debido á completa negación por parte de Rusia de ceder o territorio, sería de interese para as relacións tanto diplomáticas, como sociais e comerciais, un acordo polo cal ambos países puideran ter certo control sobre o territorio.

Hai que destacar ademais as recentes declaracións realizadas por parte de Aleksandr Lukashenko, o presidente de Bielorrusia, que recoñecería que “Crimea é de facto rusa e tralo referendo de 2014 se convertería en rusa de iure” (Reuters, 2021). A pesares de que a figura do mandatario bielorruso está certamente cuestionada a nivel internacional debido á influencia directa que recibe dende Moscú, este recoñecemento podería ser empregado a nivel propagandístico por parte de Putin para dar validez á anexión.

Respecto á Guerra de Donbas, a situación é tamén complexa de cara ao futuro, a comezos do ano vivíamos unha breve re-escalada do conflito, durante os meses de marzo e abril foron constatados movementos militares en ambos bandos e a estas alturas de ano, en novembro, estamos volvendo a detectar movementos de tropas (Swan & McLeary, 2021) e un aumento das tensións a nivel diplomático. Este aumento das tensións, comentado brevemente ao comezo do artigo, estase a ver reflexado no cruce de declaracións entre distintas autoridades. Dende a OTAN, o Secretario Xeneral, Jens Stoltenberg, denunciaría estes movementos de tropas así como advertía a Rusia dos “costes” que unha posible invasión de Ucraína poderían supoñer para Rusia (Cook, 2021). Cabe lembrar que Ucraína non pertence á Alianza Atlántica, polo que ante unha posible invasión o principio de defensa colectiva non aplicaría ao país eslavo, estando as forzas da OTAN incapacitadas para intervir rapidamente. Dende Moscú foron rexeitadas estas acusacións, avisando que Rusia só actuaría en caso de que a OTAN decidira despreñar tropas ou subministrar armamento a Ucraína (Roth, 2021). A situación política dentro de Ucraína está sendo tamén turbulenta nestas últimas semanas. O xefe de Intelixencia do Ministerio de Defensa ucraíno presentaba un informe que advertía de posibles ameazas para a seguridade nacional en forma de ataque por parte de Rusia nos próximos meses. Ademais o presidente Zelensky declaraba publicamente que a intelixencia ucraína está levando a cabo investigacións tras detectar un posible intento de Golpe de Estado orquestrado por Rusia e o oligarca Rinat Akhmetov (Reuters, 2021).

Unha posible re-escalada do conflito podería ter graves consecuencias a nivel nacional e internacional. Por un lado, no caso de que Rusia decidira avanzar dentro de territorio ucraíno, sería moi posible que os Estados Unidos prestaran axuda militar, o que provocaría un aumento das tensións xa non solo a nivel rexional se non internacional. Por isto mesmo, quizais a situación actual de conxelamento é a máis beneficiosa para ambos bandos, se ben obviamente as autoridades ucraínas non dan por perdido o territorio ocupado tanto pola República de Luhansk como a República de Donetsk.

A importancia do estudo deste conflito non radica simplemente no punto de que é o único conflito armado activo en territorio europeo, se non que tamén ten motivacións académicas no que á investigación do concepto das novas guerras se refire. Sen deixar a un lado, claro está, as consecuencias sociais, demográficas e económicas que o conflito leva supoñendo dende o seu comezo para a poboación civil da zona

En resumo, a situación de ambos conflitos actualmente é complexa e co recente aumento das tensións as cousas parece que xiran cara un derretemento da situación, o cal debe ser controlado a través da mediación e negociación, xa unha re-escalada en calquera dos dous casos sería catastrófico para a poboación local e para as relacións entre os bloques xa non solo a nivel local, se non internacional.

Bibliografía

- BALLARD, B. (2019, 28 outubro). Crimea doesn't pay: assessing the economic impact of Russia's annexation. *World Finance*. Recuperado de <https://www.worldfinance.com/special-reports/crimea-doesnt-pay-assessing-the-economic-impact-of-russias-annexation>
- CHAISTY, P., & WHITEFIELD, S. (2015, 6 febreiro). Support for separatism in southern and eastern Ukraine is lower than you think. *Washington Post*. Recuperado de <https://www.washingtonpost.com/news/monkey-cage/wp/2015/02/06/support-for-separatism-in-southern-and-eastern-ukraine-is-lower-than-you-think/>
- CHARBONNEAU, L. (2014, 4 marzo). Russia: Yanukovich asked Putin to use force to save Ukraine. *Reuters*. Recuperado de <https://www.reuters.com/article/us-ukraine-crisis-un-idUSBREA2224720140304>
- CLEARY, L. (2016). Half measures and incomplete reforms: the breeding ground for a hybrid civil Society in Ukraine. *Southeast European and Black Sea Studies*, 16(1), 7–23. Recuperado de <https://doi.org/10.1080/14683857.2016.1148410>
- COOK, L. (2021). NATO chief warns Russia of “costs” if it moves on Ukraine. *The Washington Post*. Recuperado de https://www.washingtonpost.com/world/nato-chief-warns-russia-of-costs-if-it-moves-on-ukraine/2021/11/26/d02d0598-4ecd-11ec-a7b8-9ed28bf23929_story.html
- DOROSH, L., & IVASECHKO, O. (2020). *The OSCE Institutional and Operational Possibilities in the Modern Conflict Resolution*. Brill. Recuperado de https://brill.com/view/journals/shrs/30/1-4/article-pl_1.xml?language=en
- FISHER, S., MATOVIC, V., & WALKER, B. (2020). *Working with Conflict 2: Skills and Strategies for Action* (2nd ed.). Bloomsbury Publishing PLC.

- GONZÁLEZ, M. (2021). *Ucrania lanza la “Plataforma de Crimea” para intentar presionar a Rusia*. Descifrando la Guerra. Recuperado de <https://www.descifrandolaguerra.es/ucrania-lanza-la-plataforma-de-crimea-para-intentar-presionar-a-rusia/>
- GOROVTSOVA, M. (2016). Крымский федеральный округ упразднен. Garant.ru. Recuperado de <http://www.garant.ru/news/815740/>
- JONES, S., ELLEHUUS, R., & WALL, C. (2021, 10 novembro). Europe’s High-End Military Challenges: The Future of European. Center for Strategic & International Studies. Recuperado de <https://www.csis.org/analysis/europes-high-end-military-challenges-future-european-capabilities-and-missions>
- KREMLIN. (2014, 4 marzo). Vladimir Putin answered journalists questions on the situation in Ukraine [Comunicado de prensa]. Recuperado de <http://en.kremlin.ru/events/president/news/20366>
- KREMLIN. (2014b, marzo 18). Address by President of the Russian Federation [Comunicado de prensa]. Recuperado de <http://en.kremlin.ru/events/president/news/20603>
- MYKHENKO, V. (2020). Causes and Consequences of the War in Eastern Ukraine: An Economic Geography Perspective. *Europe-Asia Studies*, 72(3), 528–560. <https://doi.org/10.1080/09668136.2019.1684447>
- Office of the United Nations High Commissioner for Human Rights. (2017). Report on the human rights situation in Ukraine. Recuperado de https://www.ohchr.org/Documents/Countries/UA/UAReport18th_EN.pdf
- Office of the United Nations High Commissioner for Human Rights. (2016). Report on the human rights situation in Ukraine 16 February to 15 May 2016. Recuperado de https://www.ohchr.org/Documents/Countries/UA/Ukraine_14th_HRMMU_Report.pdf
- Organization for Security and Co-operation in Europe. (2015, 3 agosto). Latest from OSCE Special Monitoring Mission (SMM) to Ukraine based on information received as of 19:30 (Kyiv time), 2 August 2015 [Comunicado de prensa]. Recuperado de <https://www.osce.org/ukraine-smm/175736>
- PRIETO, D. (2021) Crise en Europa: os casos de Crimea e Donbas. Unha análise dende a teoría do conflito. [Traballo de Fin de Grao] Universidade de Santiago de Compostela.
- PUTIN, V. (2021). On the Historical Unity of Russians and Ukrainians. Official Internet Resources of the President of Russia. <http://en.kremlin.ru/events/president/news/66181>
- Reuters. (2021). *Belarus leader, in U-turn, says annexed Crimea is legally Russian*. <https://www.reuters.com/world/europe/belarus-leader-u-turn-says-annexed-crimea-is-legally-russian-ria-2021-11-30/>
- ROTH, A. (2021). *Russia will act if Nato countries cross Ukraine ‘red lines’, Putin says*. The Guardian. <https://www.theguardian.com/world/2021/nov/30/russia-will-act-if-nato-countries-cross-ukraine-red-lines-putin-says>
- RYZHKOV, V. (2017, 12 abril). “Russia’s treatment of Crimean Tatars echoes mistakes made by Soviets”. The Guardian. Recuperado de <https://www.theguardian.com/world/2014/nov/25/-sp-russia-crimean-tatars-soviet-ukraine>
- SADOVSKAYA, P., & PFEILSCHIFTER, V. (2020). *From Stalin to Putin: The Crimean Tatars face a new era of Kremlin persecution*. Atlantic Council. Recuperado de <https://www.>

atlanticcouncil.org/blogs/ukrainealert/from-stalin-to-putin-the-crimean-tatars-face-a-new-era-of-kremlin-persecution/

SWAN, B., & MCLEARY, P. (2021). *Satellite images show new Russian military buildup near Ukraine*. POLITICO. Recuperado de <https://www.politico.com/news/2021/11/01/satellite-russia-ukraine-military-518337>

UKRINFORM. (2021, 2 marzo). Emine Dzhappar presents Crimean Platform at OSCE.

UKRINFORM. Recuperado de <https://www.ukrinform.net/rubric-politics/3200292-emine-dzheppar-presents-crimean-platform-at-osce.html>

URBANSKA, T. (2018, 22 febreiro). Operation “Crimea is Ours”. UNIAN. Recuperado de <https://www.unian.info/politics/10017818-operation-crimea-is-ours.html>

VARFOLOMEYEV, O. (2021). *President Zelenskyy Reshuffles Government, Drops Powerful Interior Minister*. The Jamestown Foundation. Recuperado de <https://jamestown.org/program/president-zelenskyy-reshuffles-government-drops-powerful-interior-minister/>

YEKELCHYK, S. (2015). *The Conflict in Ukraine: What Everyone Needs to Know®* (English Edition) (1.a ed.). Oxford University Press.

ZINETS, N., & POLITYUK, P. (2021). *Zelenskiy says Ukraine uncovers coup plot involving Russians; Kremlin denies role*. Reuters. Recuperado de <https://www.reuters.com/world/europe/ukraine-has-information-about-december-coup-attempt-with-russian-involvement-2021-11-26/>

Boletín de subscrición

Servizo de atención ao cliente

E-mail: info@igadi.gal

Nome e apelidos:

Enderezo:

Poboación:

Código Postal:

País:

CIF/NIF:

Teléfono:

Desexo subscribirme a "Tempo Exterior", a partir do número _____, que abonarei mediante:

Talón nominativo adxunto

Transferencia a ABANCA

Oficina Baiona

ES39 20805015613040014108

Domiciliación bancaria

CANTIDADE	PREZO PARA ESPAÑA	TOTAL
	Subscripción anual (2 números): . 15 euros	
	Número solto: 10 euros	
Prezo para o estranxeiro		
	Subscripción anual (2 números): 25 \$	
	Número solto: 15 \$	
Importe total do pedido:		

Domiciliación bancaria (se procede)

Sr/a. director/a do/da Banco/Caixa:

Enderezo:

Sucursal:

Poboación:

Provincia:

Código Postal:

Autorizo a esa entidade para que se carguen na conta referenciada

Titular:

Número de conta (entidade-sucursal-dc-nº de conta):

os recibos que o IGADI libraré a meu nome.

Sinatura e data:

Enviar ao:

IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional)

Centro Cívico Sur

Rúa Luís Braille, 40

36003 Pontevedra

Tel. +34 986 843 436 / +34 604 039 754

Nota: En caso de domiciliación bancaria, de non consignar completamente os datos bancarios a subscripción non se fará efectiva.

Libros

Alonso, María; *Migrantes. A nova diáspora galega contada por mulleres*, Editorial Galaxia, 2021, 196 páxinas; ISBN: 978-84-9151-732-0

“Los momentos conflictivos o de conmoción social demuestran ser los más propicios para dejar tras de sí una literatura con valor de registro o de constancia de la verdad vivida”

Alfredo Alzugarat, *Trincheras de papel*

En *Migrantes. A nova diáspora galega contada por mulleres*, María Alonso Alonso presenta unha compilación de entrevistas a doce mulleres galegas que, por motivos laborais ou persoais, marcharon de Galicia sen voo de retorno e propón, a partir das súas testemuñas, un xiro ao tradicional discurso sobre as migracións. Aínda que a autora reúne a voz dunha ducia de mulleres, asistimos na obra a unha décimo terceira voz, a da propia María, que a pesar de non ter un apartado reservado con nome e apelidos dentro do libro, está presente nel dende o principio ata o fin, xa sexa dende a dirección das preguntas cara a temas que lle interesa abordar, coma a partir da narración da súa vida en Escocia anos atrás. Deste xeito, aínda que no libro asistimos ao discurso de doce mulleres, estas poden percibirse como *alter ego* da propia autora, pois xa dende a elección das entrevistadas podemos apreciar un claro paralelismo entre elas e a compiladora. Así, estas mozas de entre trinta e corenta anos, universitarias, funcionan como un espello no que a autora ve reflectida a súa experiencia, xa que a través da narración das peripecias vitais destas migrantes coñecemos máis en profundidade a posición da escritora, quen emprega cada resposta recibida como un pretexto para narrarnos as súas vivencias.

Unha historiadora da arte en Edimburgo, unha enfermeira en Berlín, unha xornalista en Dublín, entre outras, comparten as súas reflexións sobre o desarraigo, a maternidade, o feito de “parir en lingua estranxeira”, a posibilidade (ou non) de volver a Galicia como consecuencia da actual emerxencia sanitaria, así como sobre a identidade e a construción dun fogar, situado cada vez máis nun non-lugar, nunha terra sen mapa (en palabras de Ángel Rama) a medio camiño entre o lugar onde se orixinou a vida e o destino elixido para continuala. É interesante tamén a abordaxe nesta obra do concepto “migrante”, posto que moitas destas mulleres non se identifican co termo ou, ao menos, afirman non ter reparado nel ata o momento da entrevista, xa que describen a súa viaxe máis como unha aventura que como un proceso migratorio. Este dato, *a priori* anecdótico, revela un gran salto na idea de emigración neste contexto, a cal dista da concepción traumática de antano, pois leva consigo a certeza de ter sempre unha elección, así como un refuxio no caso de que a realidade se tornase insoportable. Neste novo discurso, a idea recorrente de morriña ven desprazada polo obxectivo de acadar un traballo “do seu”, fío condutor que acompaña os diálogos entre estas mulleres cunha elevada preparación académica,

converténdose nun leitmotiv, sobre todo nos discursos da autora, a cal volve constantemente a este concepto en todas as entrevistas para denunciar o éxodo de persoas cualificadas cara ó estranxeiro, coa perda de capital humano que isto supón.

Por último, consideramos oportuno destacar a forma na que estes desprazamentos están descritos na contraportada do libro, segundo a cal estas mulleres “marcharon forzadas por unha crise”. Consideramos, non obstante, que esta situación se atopa atenuada no interior, xa que, aínda que o condicionamento económico é clave en varias das testemuñas, esta marcha forzada non é percibida como tal polas mulleres entrevistadas, xa que todas elas son conscientes da súa situación de privilexio, sobre todo a partir da seguridade de ter un fogar na terra de orixe, unha sorte de Ítaca chuviosa á que volver despois da longa viaxe. En varias ocasións, esta partida descríbese como o camiño que atoparon estas emigrantes para independizarse e ampliar os seus horizontes profesionais e persoais, polo que asistimos a un novo concepto de migración, así como de diáspora, no que a cuestión económica se sitúa como unha das causas do cambio xeográfico, pero non a única, síntoma da mellora nas condicións iniciais destas mulleres con respecto ás das súas predecesoras anos atrás.

En definitiva, *Migrantes. A nova diáspora galega contada por mulleres* ofrécenos unha dobre lectura. Por unha parte, asistimos ao autorretrato da escritora, no que narra o proceso de transmutación que supuxo para ela marchar fóra de Galicia. Por outra banda, o parangón da súa experiencia coa doutras mulleres dota a este texto dun valor testemuñal que busca, a partir de experiencias concretas, construír unha nova imaxe, poliédrica, da migración, unha migración privilexiada dentro dun suposto “primeiro mundo” no que cada vez hai máis consciencia de ser “de ningún lado del todo” y “de todos lados un pouco”, citando ao cantautor uruguaio Jorge Drexler, quen ao igual que Alonso, abordou este tema dende as máis diversas perspectivas.

Gabriela Rivera Rodríguez

Baamonde Antón, “Unha nova Olanda. De Ferrol ao Porto: as cidades galegas e o norte de Portugal no escenario global”, Editorial Galaxia, 2021, 215 páxinas, ISBN: 978-84-9151-727-6

Un riguroso ensaio de xeografía humana, que polo seu interese xeral, terá axiña versión internacional, posto que trata un feito que o nacionalismo galego tradicionalmente desconsidera. Galicia é policéntrica: está *integrada por cidades cada unha cunha identidade*. Mas non só: no seu espazo natural, formado por 6,5 millóns de habitantes, *unha vez que a UE disolveu as fronteiras políticas, imponse a xeografía, a física e a humana: unha unidade de mercado con continuidades culturais e sociais*.

Outro nacionalismo, este ultraconservador e reaccionario, o español, tende a *confundir España con Madrid e a facer da capital a grande beneficiaria, en calquera orde, así no económico coma no simbólico e cultural, da acción do Estado (...)* As autoridades madrileñas consideran a *enteira península -Portugal incluído- como o seu hinterland*. O esquema radial da España, *foi unha decisión artificial, sen raíces, tomada a maior gloria da centralización impulsada polos Borbóns. A partir de aí todos os acontecementos tenderon a favorecer a ecuación segundo a cal, todo o que era bo para a Monarquía era bo para Madrid, e o que era bo para Madrid era bo para España*.

Se cadra, o sistema baseado na *μοναρχία* (literalmente, un só poder) é unha inocencia que herdou o estado democrático. Con efecto: aínda que a potencia económica de Madrid poida resultar beneficiosa para todos, non o é un *movap* de poder que *funcione como un furado negro que absorbe a enerxía, e os orzamentos, do estado, que é de todos e non só dos radicados en Madrid*.

Portanto, os modelos de modernización máis eficientes para a España, en realidade son os propostos por vascos e cataláns, e se cadra pola nova “España vaciada”. En Galicia, pola reiterada ausencia de burguesía, só encontraron eco como *unha nación cultural (...)* Galicia *carece de proxecto, certo, pero aínda máis de clases sociais que queiran dotarse do poder necesario para facer efectiva unha idea estratéxica*. O empresariado non consegue ultrapasar un oportunismo pailán, e o goberno da Xunta... *Nalgunha ocasión escoitaremos a un presidente da Xunta expresándose en termos similares [a Ximo Puig] e poñendo sobre o tapete os intereses de Galicia?*

A conclusión de Antón *supoño que se sabe, ou tal vez non, que os nosos líderes carecen de perspectiva. O seu nivel de formación intelectual é perfectamente describable*. Non só se trata do novo coroa-virus: a deficiencia da formación, ou mesmo educación, que exhiben os líderes ultra-liberais. *Nunha sociedade en que a información converteuse na materia prima esencial (...) un dos desafíos do presente radica en reconstruír unha linguaxe moral que supere a indiferenza e o cinismo*.

Xosé C. Morell

NORMAS PARA OS AUTORES/AS

Os traballos enviados para a súa publicación en Tempo Exterior deberán cumprir coas normas que se enumeran a continuación:

1. Os traballos deben ser enviados en versión electrónica a través do enderezo tempoexterior@igadi.gal. O prazo de recepción de orixinais remata tres meses antes da previsión de saída (xuño-decembro) do correspondente número. A aceptación ou non do texto proposto comunicárase ao autor/a no prazo máximo dun mes contado a partir da súa recepción.
2. Todos os traballos serán avaliados por dous expertos/as independentes e anónimos que poderán aconsellar a aceptación sen cambios, formular suxestións ao autor/a, ou ben desaconsellar a súa publicación.
3. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, e non debe estar comprometida a súa publicación noutro medio.
4. Os orixinais poden ser enviados en calquera lingua, preferiblemente en galego. Serán linguas de publicación directa na revista, ademais do galego, o portugués, o castelán e o inglés. De haber tradución correrá a cargo de *Tempo Exterior*, salvo acordo mutuo en sentido contrario. Respetaranse as palabras e expresións estranxeiras, que serán distinguidas polo autor/a en letra cursiva.
5. A extensión mínima do traballo será de seis mil palabras e a máxima de oito mil, tamaño DIN A4, a un espazo, incluíndo gráficos, táboas e bibliografía.
6. Na primeira páxina indícase: título do traballo, nome e apelidos do autor/a, teléfono de contacto e correo electrónico, así como a filiación institucional do autor/a e a forma en que desexa que apareza na revista. Débese incluír tamén un breve curriculum vitae, non superior a cinco liñas, que aparecerá publicado conxuntamente co traballo.
7. As publicacións incluírán un resumo do contido, en galego, castelán e inglés, entre 5-10 liñas, así como 5-8 palabras chave en cada un destes idiomas.
8. Cando resulte necesario reproducir gráficos, cadros ou táboas todos deben estar numerados correlativamente, levar título e a fonte correspondente. No texto deberá indicarse a referencia concreta sobre o lugar exacto en que debe incluírse o gráfico, cadro ou táboa.
9. As notas irán sempre ao pé da páxina.
10. A citación e referencias de traballos seguirán as normas APA 2019. Estas empregan un sistema de citación de Autor-Data e sempre privilexia a sinalización do número de páxina, para as citas textuais ou directas e para as paráfrases. A listaxe de referencias debe organizarse alfabeticamente para ser colocado ao remate do texto consonte ao seguinte formato.
 - Libro: Apelido, A. A. (Ano). *Título cursiva*. Editorial.
 - Libro electrónico: Apelido, A. A. (Ano). *Título cursiva*. Recuperado de <http://www...>
 - Libro electrónico con DOI: Apelido, A. A. (Ano). *Título cursiva*. doi: xxxxx
 - Capítulo de libro: Apelido, A. A., e Apelido, B. B. (Ano). Título do capítulo. En A. A. Apelido. (Ed.), *Título do libro cursiva* (pp. inicial-final). Editorial.
 - Publicacións periódicas formato impreso: Apelido, A. A., Apelido, B. B. e Apelido, C. C. (Ano). Título do artigo. *Nome da revista en cursiva*, volume (número), pp. inicial-final.
 - Publicacións periódicas con DOI: Apelido, A. A., Apelido, B. B. e Apelido, C. C. (Ano). Título do artigo. *Nome da revista en cursiva*, volume (número), pp. inicial-final. doi: xxxxx
 - Publicacións periódicas *online*: Apelido, A. A. (Ano). Título do artigo. *Nome da revista en cursiva*, volume (número), pp. inicial-final. Recuperado de <http://www...>
 - Artigo de xornal impreso: Apelido A. A. (Data). Título do artigo/editorial. *Nome do xornal en cursiva*, pp.
 - Artigo de xornal *online*: Apelido, A. A. (Data). Título do artigo. *Nome do xornal en cursiva*. Recuperado de <http://www...>
 - Referencia a páxinas webs: Apelido, A. A. (Data). *Título do texto en cursiva*. Nome da web. Recuperado de <http://www...>
 - Podcast: Apelido, A. (Produtor). (Data). *Título do podcast en cursiva* [Audio podcast]. Recuperado de <http://www...>
 - As abreviacións e acrónimos irán acompañadas do nome completo a primeira vez que se citen no texto e entre paréntesis.

NORMAS PARA LOS AUTORES/AS

Los trabajos enviados para su publicación en *Tempo Exterior* deberán tener en cuenta las normas que se enumeran a continuación:

1. Los trabajos deben ser enviados en versión electrónica a través del e-mail tempoexternior@igadi.gal. El plazo de recepción de originales finaliza tres meses antes de la previsión de salida (junio-diciembre) del correspondiente número. La aceptación o no del texto propuesto se comunicará al autor/a en el plazo máximo de un mes contado a partir de su recepción.
2. Todos los trabajos serán evaluados por dos expertos/as independientes y anónimos, que podrán aconsejar la aceptación sin cambios, formular sugerencias al autor/a o autores/as, o bien desaconsejar su publicación.
3. Los trabajos deberán ser originales e inéditos, y no debe estar comprometida su publicación en otro medio.
4. Los originales pueden ser enviados en cualquier idioma, preferiblemente en gallego. Serán idiomas de publicación directa en la revista, además del gallego, el portugués, el español y el inglés. De existir traducción y revisión correrá a cargo de *Tempo Exterior*, salvo acuerdo mutuo en sentido contrario. Se respetarán las palabras y expresiones extranjeras, que serán distinguidas por el autor en letra cursiva.
5. La extensión mínima del trabajo será de seis mil palabras y la máxima de ocho mil palabras, tamaño DIN A4, a un espacio y con inclusión de gráficos, cuadros y bibliografía.
6. En la primera página se indicará: título del trabajo, nombre y apellidos del autor/a, teléfono de contacto y correo electrónico, así como la filiación institucional del autor/a y la forma en que desea que aparezca. Se debe incluir también un breve curriculum vitae, no superior a cinco líneas, que aparecerá publicado conjuntamente con el trabajo.
7. Todos los trabajos incluirán un resumen del contenido, en gallego, portugués, español e inglés, de entre 5-10 líneas, así como 5-8 palabras clave en estos mismos idiomas.
8. Cuando resulte necesario reproducir gráficos, cuadros o tablas, estos deberán estar numerados correlativamente, llevar título y la fuente correspondiente. En el texto deberá indicarse la referencia concreta sobre el lugar exacto en que debe incluirse el gráfico, cuadro o tabla.
9. Las notas irán siempre a pie de página.
10. La citación y referencias de los trabajos seguirán la normativa APA 2019. Esta emplea un sistema de citación de Autor-Fecha y privilegia siempre la señalización del número de página, para las citas textuales o directas y para las paráfrasis. El listado de referencias debe estar ordenado alfabéticamente y colocarse al final del texto según el siguiente formato:
 - Libro: Apellido, A. A. (Año). *Título en cursiva*. Editorial.
 - Libro electrónico: Apellido, A. A. (Año). *Título en cursiva*. Obtenido de <http://www...>
 - Libro electrónico con DOI: Apellido, A. A. (Año). *Título en cursiva*. doi: xxxxx
 - Capítulo de libro: Apellido, A. A., y Apellido, B. B. (Año). Título o entrada del capítulo. En A. A. Apellido. (Ed.), *Título del libro en cursiva* (págs. inicial-final). Editorial.
 - Formato impreso de publicaciones periódicas: Apellido, A. A., Apellido, B. B. y Apellido, C. C. (Año). Título del artículo. *Nombre de la revista en cursiva*, volumen (número), págs. inicial-final.
 - Publicaciones periódicas con DOI: Apellido, A. A., Apellido, B. B. y Apellido, C. C. (Año). Título del artículo. *Nombre de la revista en cursiva*, volumen (número), págs. inicial-final. doi: xxxxx
 - Publicaciones periódicas en línea: Apellido, A. A. (Año). Título del artículo. *Nombre de la revista en cursiva*, volumen (número), págs. inicial-final. Obtenido de <http://www...>
 - Artículo de periódico impreso: Apellido A. A. (Fecha). Título del artículo / editorial. *Nombre del periódico en cursiva*, págs.
 - Artículo de periódico en línea: Apellido, A. A. (Fecha). Título del artículo. *Nombre del periódico en cursiva*. Obtenido de <http://www...>
 - Referencia a páginas web: Apellido, A. A. (Fecha). *Título del texto en cursiva*. Nombre web. Obtenido de <http://www...>
 - Podcast: Apellido, A. (Productor). (Fecha). *Título del podcast en cursiva* [Podcast de audio]. Obtenido de <http://www...>
 - Las abreviaturas y acrónimos irán acompañadas del nombre completo la primera vez que se citen en el texto, y entre paréntesis.

GUIDELINES FOR AUTHORS

Any paper submitted for publication in *Tempo Exterior* should conform to the following:

1. All submissions should be made electronically through the e-mail: tempoexterior@igadi.gal. Acceptance of original submissions will end three months prior to the scheduled publication of the following issue (the end of June and of December). The author(s) will be informed of the acceptance or rejection of any proposed text within one month from the date of submission.
2. All papers will be evaluated by two independent and anonymous experts who may advise the acceptance of papers without changes, make suggestions to the author(s), or advise against publication.
3. All submissions should be original, not previously published, nor should be under consideration by any other publisher.
4. Submissions may be in any language, but Galician is preferred. In addition to Galician, the languages of direct publication in *Tempo Exterior* include Portuguese, Spanish, and English. The translation of articles accepted for publication in any language other than these four will be done by Tempo Exterior, save mutual consent to the contrary. Foreign words and expressions will be respected, but must be designated as such in italics by the author(s).
5. The minimum word count for any submission is six thousand, with a maximum of eight thousand. Proposed articles should be single-spaced and formatted to DIN A4. Including graphs, tables, and bibliography, submissions should not exceed 20 pages.
6. On the first page of any submission, the author(s) should indicate: the title of the article; name(s) and surname(s) of the author(s); telephone, email and institutional affiliation of the author(s), as well as the how the latter should appear in print. The author(s) should include a short narrative biography, not longer than five lines, which will appear along with the article.
7. All submissions should include an abstract of the article, in Galician, Spanish and English, each of which should be between 5-10 lines, with 5-8 keywords in the different languages.
8. Where graphs, charts and tables are used, they should be correlatively numbered, titled, and sourced. The author(s) should indicate the exact placement of the graph, chart, or table in the text.
9. Notes will always be placed at the end of the page (end notes).
10. All citations and references should follow APA 2019 formatting. This employs a system of Author-Date citations and always prefers the inclusion of page numbers for both direct quotations and paraphrased references.
 - The list of references should be arranged alphabetically, placed at the end of the text according to the following format:
 - Book: Surname, A. A. (Year). *Title in italics*. Publisher.
 - Electronic book: Last Name, A. A. (Year). *Title in italics*. Retrieved from <https://www...>
 - Electronic book with DOI: Surname, A. A. (Year). *Title in italics*. doi: xxxxx
 - Book Chapter: Surname, A. A., & Surname, B. B. (Year). Chapter title or entry. In A. A. Surname (Ed.), *Title of the book in italics* (pp. first-last). Publisher.
 - Periodicals in printed format: Surname, A. A., Surname, B. B. & Surname, C. C. (Year). Article title. *Name of the journal in italics*, volume (number), pp. first-last.
 - Periodicals with DOI: Surname, A. A., Last Name, B. B. & Last Name, C. C. (Year). Article title. *Name of the journal in italics*, volume (number), pp. first-last. doi: xxxxx
 - Online periodicals: Surname, A. A. (Year). Article title. *Name of the journal in italics*, volume (number), pp. first-last. Retrieved from <https://www...>
 - Printed newspaper article: Surname A. A. (Date). Article / editorial title. *Newspaper name in italics*, pp. first-last.
 - Online newspaper article: Surname, A. A. (Date). Article / editorial title. *Newspaper name in italics*. Retrieved from <https://www...>
 - Reference to web pages: Surname, A. A. (Date). *Title of the text in italics*. Web name. Retrieved from <https://www...>
 - Podcast: Surname, A. A. (Producer). (Date). *Podcast title in italics* [Audio podcast]. Retrieved from <https://www...>
 - Abbreviations and acronyms will be accompanied by the complete name or reference (in parenthesis) the first time they are cited in the text.

Tempo Exterior é unha publicación semestral que aborda problemas, conflitos e tendencias internacionais do momento, e presta atención á vertebración dun pensamento exterior propio en Galicia. De interese para investigadores, analistas, profesores, empresarios ou dirixentes sociais, ambiciona atraer a todo tipo de persoas preocupadas polo acontecer mundial.

O Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, fundado en 1991, é un centro independente de investigación, documentación, información e debate para comprender o mundo desde aquí e proxectar a Galicia no contexto internacional.

Visita Tempo Exterior on-line en: <http://www.igadi.gal>

Para comprender o mundo desde aquí, para proxectar a Galicia no contexto internacional

